

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2019</b>
---

No salón de sesións do Pazo Provincial da Deputación de Ourense, ás dez horas do día vinte e cinco de xaneiro de dous mil dezanove, reúnese o Pleno da Corporación Provincial, baixo a presidencia de don José Manuel Baltar Blanco, presidente da Deputación, co fin de realizar a sesión ordinaria da Deputación Provincial en primeira convocatoria, constituíndose a Corporación cos deputados don Rosendo Luís Fernández Fernández, don Jorge Pumar Tesouro, don Plácido Álvarez Dobaño, don Pablo Pérez Pérez, dona Montserrat Lama Nóvoa, don Manuel Doval Soto, don Antonio Montero Fernández, dona Ana M.<sup>a</sup> Villarino Pardo, dona Consuelo Vispo Seara, don Juan Anta Rodríguez, don José Antonio Feijóo Alonso, don Miguel Antonio Cid Álvarez e dona M.<sup>a</sup> Teresa Cerdeira Valiñas, do Grupo Popular; don Francisco José Fraga Civeira, don Miguel Bautista Carballo, don José Ignacio Gómez Pérez, dona Elvira Lama Fernández, dona Isabel Gil Álvarez, dona Susana Rodríguez Rodríguez, don Vicente Gómez García e don Adolfo González Nóvoa, do Grupo do PSdeG - PSOE; don Gonzalo Pérez Jácome e don Armando Ojea Bouzo, do Grupo de Democracia Ourenzana; e don Ramiro Rodríguez Suárez, do Grupo do BNG.

Actúa como interventora dona Mónica Legaspi Díaz. Dá fe do acto o secretario xeral da Corporación, don Francisco Cacharro Gosende.

O deputado de Democracia Ourenzana, don Gonzalo Pérez Jácome, estivo ausente na votación do punto 9º da orde do día e ausentouse do salón de sesións no tratamento do punto 11º e non regresou.

O deputado do Grupo Socialista, don Miguel Bautista Carballo, estivo ausente na votación dos puntos 11º, 12º e 14º da orde do día.

O deputado do Grupo Socialista, don Francisco José Fraga Civeira, estivo ausente na votación do punto 14º da orde do día.

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación e que está dispoñible integramente no portal de vídeo acta da Deputación Provincial de Ourense, no seguinte enlace: XXXX

**1º.- ACTAS DAS SESIÓNS ORDINARIAS DOS DÍAS 30 DE NOVIEMBRE E 21 DE DICIEMBRE DE 2018.-**

A Presidencia pregúntalles aos membros asistentes se existe algunha observación que formular aos borradores das actas das sesións ordinarias dos días 30 de novembro e 21 de decembro de 2018, que foron distribuídos coa convocatoria da sesión.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2019</b>
---

Non se formulan observacións e as actas dos días 30 de novembro e 21 de decembro de 2018, son aprobadas por unanimidade.

**2º.- MODIFICACIÓN DO ACORDO REGULADOR DAS CONDICIÓNIS DE TRABALLO DO PERSOAL FUNCIONARIO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE EN MATERIA DE ACCIÓN SOCIAL.-**

O Sr. presidente anuncia que se debaterán conxuntamente este punto e o seguinte e despois votaranse por separado.

O Sr. secretario dá lectura aos ditames favorables deste punto e do seguinte, tratados na comisión informativa de Transparencia e Administración Provincial.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, voceiro do BNG:** moitas grazas Sr. presidente, bo día a todas e a todos. En primeiro lugar, lembrarilles que vostedes se comprometeron a convocar unha mesa xeral para tratar algunhas cuestións, entre elas a xubilación anticipada, entón non se esquezan de convocar esa mesa. A respecto diste punto e do seguinte, nós pensamos que os puntos que se aprobaron son bos para os traballadores pero é de lamentar que unha institución pública despois dos numerosos recortes sufridos estes últimos anos, decida aumentar unicamente tres conceptos dos que ademais dous deles benefician ao sector privado. Estamos a favor dos adiantos reintegrables pero radicalmente en contra dos plans de pensións e os seguros de asistencia sanitaria integral da administración pública, algo que beneficia á empresa privada e pagada cos impostos dos contribuíntes. Por esta razón, e recoñecendo que a Deputación ten un plan de acción social que con algunha excepción pois está a anos luz do que teñen algúns concellos da provincia, pois non podemos votar a favor. Co cal, tanto neste punto coma no seguinte a nosa posición será en contra. Nada máis, moitas grazas.

**D. Armando Ojea Bouzo, do Grupo de Democracia Ourensana:** bos días, o noso partido ten falado en repetidas ocasións do que estimamos privilexios dos funcionarios da administración local, dalgúns funcionarios da administración local no Concello e na Deputación de Ourense, e inda por riba dos privilexios que a sociedade en xeral, lle recoñece aos funcionarios en xeral e os funcionarios da administración local en particular, agora propónsenos anticipos a 4 anos de interese 0%. Aquí hai xente que traballa en bancos e sabe que o feito de devolver o nominal non é devolver os cartos; do pouco que sei de cálculo financeiro recordo que os diñeiros non é soamente o nominal, é o nominal e o tempo. Aquí

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2019</b>
---

funcionarios piden anticipos hasta 5.000 € a devolver en 48 meses a 0% de interese. Eu estou seguro de que a quen beneficia, aínda que aquí preténdeno vender como acción social, a quen máis beneficia é a quen menos falta lle fai porque unha persoa, un alto funcionario que teña a súa economía saneada, pode pedir eses 5.000 €, investilos nalgún tipo de renda fixa, seguir vivindo tranquilamente do que ten e o final pois deses aínda que llo vaian descontando da nómina ou como sexa ao final ten un rendemento, iso é cálculo financeiro básico, o sexa que é algo realmente alucinante. ¿Quen ten a culpa diso? Obviamente non o traballador, os traballadores fan ben en loitar polos seus intereses, o traballador non ten ningunha responsabilidade de loitar polo interese público se non polo seu interese particular. Os sindicatos tampouco teñen responsabilidade á hora de loitar polo interese público, teñen que defender aos seus traballadores e o seu sindicato, son intereses privados. ¿De quen é a culpa? De quen non sabe defender os intereses públicos, ou sexa de quen non sabe negociar realmente cos sindicatos e cos traballadores. Porque aquí o que haxa unha, non quero empregar unha expresión coloquial, o que hai é un entreguismo dos representantes públicos aos sindicatos sinxelamente porque os cartos non son deles, *bueno*, que máis da. Eu vou imaxinar agora que unha cantidade grande de, porque eu sería, vou recoñecer que eu sería o primeiro en empregar esta vantaxe se tivera, se fora un alto funcionario da Deputación. Non me fan falta os cartos, pídoos igual 5.000 € anticipados, métoos como dicía nalgún tipo do banco ou nalgún tipo de renda fixa e ó cabo de catro anos devolvo o nominal, ou sexa, devolvo o nominal sen intereses, isto realmente, calquera persoa con dous dedos de frente cualifica isto de privilexio non dun dereito adquirido coma se fose un traballador destes que aparecen nos cadros do *Novecento* do século XIX loitando aí co libro de capital de Marx na man. Xa non digo tamén, coincido con Ramiro en concreto co plan de pensións, aínda encima de que son traballadores cunhas moi boas condicións laborais, xustamente aqueles aos que un banco privado lles pode prestar os cartos; porque un banco privado ante un traballador que ten unha nómina saneada e que ten unha seguridade no traballo é a quen lle pode dar o banco con garantías un anticipo de cartos, cobrando os correspondentes intereses, xustamente a quen o banco lle pode dar, prestar os cartos é a quen se lle dan estes privilexios. Adiantar diñeiro público que está para o beneficio de todos e non para o beneficio dun sector concreto coma neste caso os empregados públicos. E despois o banco para quen queda, para os que non teñen garantías no seu posto de traballo, para os que teñen que aportar avales que non teñen. Realmente, nós imos a votar en contra

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2019</b>
---

disto e volvo repetir a quen consideramos culpable non é ao traballador que loita lexitimamente polo seu interese; non vamos culpar tampouco ao sindicato que loita lexitimamente polo interese do traballador a quen representa, a quen culpamos é ao dirixente público que non sabe defender os intereses públicos. Despois si, en relación ao que pedían inicialmente os sindicatos, soamente conseguiron que non paguen menos indo a Pazolandia, por aí non pasaron, por aí si que non pasou a Deputación, home por favor, os sindicatos xa piden ao mellor o que queren obter e logo tres ou catro *chorradas* máis para que esas llas boten abaixo. Botaron abaixo, primeiro loxicamente que sentido ten que unha persoa por ser funcionario da Deputación pague de menos en Pazolandia. Pazolandia é de todos, non é máis dos empregados da Deputación que dos outros, pero non, iso botáronllo abaixo, que pagasen tres euros menos iso botáronllo abaixo pero despois anticipos de 5.000 € a 48 meses de interese cero, aí non, iso tivéronllo que conceder. Capacidade negociadora, nula. Nada máis de momento, gracias.

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández, portavoz do Grupo Socialista:** bos días presidente, bos días a todos e a todas, neste punto o Partido Socialista vaise abster e a razón é a seguinte: no marco dos acordos da Mesa Xeral de Negociación entre a Deputación e os representantes dos traballadores, é dicir os sindicatos, chegouse a unha serie de acordos, polo tanto establécese un marco de negociación e para nós iso é non suficiente pero si importante. Son beneficios dos que gozaban os traballadores desta casa con anterioridade a esta etapa de recortes, é dicir soamente que estas prerrogativas das que estamos a falar dos traballadores desta casa, son prerrogativas que teñen moitos traballadores que son funcionarios e traballadores públicos, polo tanto, non é que esteamos a defender todos os importes e os logros que están acadando, senón que isto existe, e isto existe tamén, este tipo de vantaxes, nos convenios colectivos de moitísimos concellos. Polo tanto, sen ánimo de entrar en polémica e considerando que é unha negociación colectiva, que é onde se deben establecer os marcos de regulación dos traballadores e das traballadoras públicas, nós nestes punto imos a optar pola abstención.

**D. Jorge Pumar Tesouro, do Grupo Popular:** Buenos días, en primer lugar, como bien manifestó el señor secretario, esto no es un acuerdo de hoy, es un acuerdo que viene de diferentes procesos de negociación, de diferentes reuniones que tuvimos con la mesa general de negociación. La primera reunión fue en el mes de julio, el día dos de julio fue la primera reunión que tuvimos bajo petición de ellos. Como decía el Sr. Armando, la petición de los

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2019</b>
---

diferentes sindicatos, Mesa Xeral y Comité de Empresa era muy elevada y entendemos que estos puntos que traemos hoy al pleno son los que podemos ratificar y aprobar por unanimidad en este caso, si tienen a bien y lo que si le quiero manifestar es una cosa: que máxima comprensión y máximo respeto a la Mesa Xeral de Negociación y sobre todo a los sindicatos que apoyaron estas propuestas como puede ser el caso del CSIF, como puede ser la CIG o como puede ser USO. Entendemos que son unos buenos acuerdos para los empleados públicos de esta administración y también quiero decir una cosa, no solo estas mejoras sociales las tienen las administraciones públicas sino también las empresas privadas, muchas cuentan con este tipo de acuerdos y de apoyo a los empleados que tienen ellas mismas. Sin más, muchas gracias y procedemos si tienen a bien a votar.

**D. Armando Ojea Bouzo, do Grupo de Democracia Ourensana:** Efectivamente, como acaba de dicir o Sr. Pumar os sindicatos pedían algo máis loxicamente pero xa dixen na miña primeira intervención que o que pedían a maiores eran verdadeiras, vounas cualificar de *chorradas* comparadas coas cousas que se aproban. Poñía o exemplo de que pagasen menos en Pazolandia, transixir niso a verdade... eu para min que xa o puñan como cebo, facendo gala dunha habilidade negociadora admirable, esas cousas xa as poñen como cebo para que llas boten abaixo para quedarse realmente co gordo da cuestión. Dicir Sr. Pumar que beneficia aos traballadores, desde logo que si, quen di que non, claro que beneficia aos traballadores. Máximo respecto aos traballadores e os sindicatos xa o dixen tamén na primeira intervención, eles fan ben de loitar polos seus propios intereses, tanto os sindicatos coma os traballadores, pero volvo a repetir aquí o que nos corresponde é a defensa do interese público en xeral, non do colectivo de traballadores, eles teñen que ter os seus salarios dignos, teñen que ter as súas condicións laborais dignas loxicamente para exercer o seu traballo de forma digna pero eu creo que isto vai ir máis alá da dignidade. Eu non sei onde lin fai anos, dicía: o ser humano necesita, o ser humano quere fama e honor e o que necesita é respecto, hai unha diferenza entre o que queremos e o que necesitamos. Queremos fama, honor e privilexios, necesitamos respecto. Pois unha vez concedidas as condicións básicas de respecto, de dignidade, etc. do traballador, a partir de aí o que temos é agravios comparativos con moitos outros traballadores doutras administracións públicas con moitos traballadores das empresas privadas. Dicía o Sr. Pumar que moitas empresas privadas teñen estas cousas, desde logo, pero cos seus cartos que fagan o que queiran. Eu tamén estou seguro, paréceme, que si fose un gran empresario de

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2019</b>
---

nivel mundial tamén sería bastante altruísta cos traballadores, pero sería a miña decisión persoal e no caso das empresas privadas é decisión persoal da súa xerencia e dos seus dirixentes que a veces teñen este privilexios, incluso como incentivos, etc. Pero eu penso que o interese público non está convenientemente defendido con estas negociacións de baixada de calzas ante a capacidade negociadora, volvo a repetir, admirable dos sindicatos. Votaremos en contra, gracias.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 2º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: ver punto 2º.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (14), o voto en contra de Democracia Ourensana (2) e do BNG (1) e a abstención do Grupo Socialista (8), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º) Ratificar o acordo acadado na Mesa Xeral de Negociación do 19 de outubro de 2018 entre a representación da Deputación Provincial e a representación da Xunta de Persoal e os representantes dos sindicatos CSIF, CIG e USO, cuxo obxecto é modificar, ó abeiro do establecido no artigo 38.10 do EBEP, o vixente acordo regulador do persoal funcionario da Deputación Provincial de Ourense, do 9 de decembro de 2008, modificado o 1 de xuño de 2012, o 15 de outubro de 2012 e o 16 de febreiro de 2015, no seguinte sentido:

a) Con efectos do 1 de xaneiro de 2019, o artigo 52 do acordo regulador queda redactado da seguinte forma: *“A petición do interesado, a Corporación concederalles aos funcionarios de carreira anticipos reintegrables de mensualidades completas líquidas cun tope máximo de 5.000 euros. A súa devolución efectuarase mediante dedución mensual en nómina sen xerar ningún interese. O prazo para a súa devolución será de corenta e oito meses como máximo, podendo o funcionario solicitar a devolución dos importes nun prazo menor.*

*Para poder solicitar un anticipo será condición necesaria e imprescindible que estean liquidadas a totalidade das cotas do anticipo concedido con anterioridade nos prazos autorizados e fixados.*

*Se entre os solicitantes se encontrasen traballadores que nunca solicitaran un anticipo, terán preferencia na concesión.”*

b) Con efectos do 1 de xaneiro de 2019, o artigo 54 do acordo regulador queda

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2019</b>
---

redactado da seguinte forma: “A *Deputación Provincial concertará un seguro de asistencia sanitaria para todos os empregados públicos provinciais que o desexen contratar. A Deputación subvencionará a cada unidade familiar ou, se é o caso, a cada traballador, co importe de 27 euros mensuais do custo por un asegurado na modalidade de asistencia sanitaria integral.*”

c) Con efectos do 1 de xaneiro de 2019, o artigo 55 do acordo regulador queda redactado da seguinte forma: “*Os empregados públicos provinciais da Deputación poden gozar dun plan de pensións, achegando a Corporación a mesma cantidade que achega o traballador que se adhira ao plan, ata un máximo de 50 euros mensuais*”.

2º) Facultar á Presidencia para a formalización do corresponde acordo para os efectos da súa remisión á autoridade laboral para a súa publicación no BOP, conforme co artigo 38.6 do EBEP.

### **3º.- MODIFICACIÓN DO CONVENIO COLECTIVO PARA O PERSOAL LABORAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE.-**

Non se producen intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (14), o voto en contra do BNG (1) e a abstención do Grupo Socialista (8) e de Democracia Ourensana (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º) Ratificar o acordo acadado na Mesa Xeral de Negociación do 19 de outubro de 2018 entre a representación da Deputación Provincial e a representación do Comité de Empresa e dos sindicatos CSIF, USO e CIG, cuxo obxecto é modificar, ao abeiro do establecido no artigo 41 do Estatuto dos Traballadores as condicións de traballo establecidas no vixente Convenio colectivo de persoal laboral da Deputación Provincial de Ourense, do 9 de decembro de 2008, modificado o 1 de xuño de 2012, o 15 de outubro de 2012 e o 16 de febreiro de 2015, no seguinte sentido:

a) Con efectos do 1 de xaneiro de 2019, o artigo 52 do convenio colectivo queda redactado da seguinte forma: “*A petición do interesado, a Corporación concederalle ao persoal laboral fixo anticipos reintegrables de mensualidades completas líquidas cun tope máximo de 5.000 euros. A súa devolución efectuarase mediante dedución mensual en nómina sen xerar ningún interese. O prazo para a súa devolución será de corenta e oito meses como máximo, podendo o traballador solicitar a devolución dos importes nun prazo menor.*”

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2019</b>
---

*Para poder solicitar un anticipo será condición necesaria e imprescindible que estean liquidadas a totalidade das cotas do anticipo concedido con anterioridade nos prazos autorizados e fixados.*

*Se entre os solicitantes se encontrasen traballadores que nunca solicitaran un anticipo, terán preferencia na concesión”.*

b) Con efectos do 1 de xaneiro de 2019, o artigo 54 do Convenio colectivo queda redactado da seguinte forma: “*A Deputación Provincial concertará un seguro de asistencia sanitaria para todos os empregados públicos provinciais que o desexen contratar. A Deputación subvencionará a cada unidade familiar ou, se é o caso, a cada traballador, co importe de 27 euros mensuais do custo por un asegurado na modalidade de asistencia sanitaria integral.*”

c) Con efectos do 1 de xaneiro de 2019, o artigo 55 do Convenio colectivo queda redactado da seguinte forma: “*Os empregados públicos provinciais da Deputación poden gozar dun plan de pensións, achegando a Corporación a mesma cantidade que achega o traballador que se adhira o plan, ata un máximo de 50 euros mensuais*”.

2º) Facultar á Presidencia para a formalización do corresponde acordo para os efectos da súa remisión á autoridade laboral para o seu depósito e publicación no BOP, conforme co artigo 90.2 do Texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores.

#### **4º.- MODIFICACIÓN DA BASE 69ª DAS DE EXECUCIÓN DOS ORZAMENTOS EN MATERIA DE INDEMNIZACIÓNS AO PERSOAL POR RAZÓNS DO SERVIZO.-**

O Sr. secretario da lectura ao ditame favorable da comisión informativa Especial de Contas e de Facenda e Economía.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, voceiro do BNG:** gracias Sr. presidente, trátase da adecuación desta base ao Real Decreto 462/2002 do 24 de maio que ven a cubrir un oco baleiro existente nesta materia, e dentro do seu ámbito de aplicación está tamén o persoal ao servizo das corporación locais. Dicur que nós ímonos abster, trátase dunha cuestión estritamente formal por non entrar tampouco en contradición co votado no debate orzamentario tendo en conta que o BNG votou en contra do orzamento da Deputación na súa

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2019</b>
---

totalidade incluíndo as bases de execución, por tanto nós, como digo, vamos a optar por a abstención. Nada máis, moitas grazas.

**D. Armando Ojea Bouzo, do Grupo de Democracia Ourensana:** hola de novo, esquecinme de dicir na miña primeira intervención que hoxe falarei eu porque meu compañeiro Gonzalo está afectado desta gripe que parece ser unha epidemia nestes días. Nós neste punto votaremos a favor porque parécennos bastante lóxicas as cifras que se manexan para estas cuestión de aloxamento, de dietas, etc. Xa na parte que está digamos regulada pola normativa estatal tamén nos parece do máis lóxico, así como nos apartados anteriores fomos bastante críticos nisto vémolos totalmente dimensionado e totalmente lóxico tanto os conceptos coma as cifras. Votaremos a favor.

**D.ª Elvira Lama Fernández, portavoz do Grupo Socialista:** grazas presidente, non imos a facer ningunha intervención, simplemente se recolle que é unha adecuación á normativa vixente polo tanto vamos a optar pola abstención.

**D. Jorge Pumar Tesouro, do Grupo Popular:** muchas grazas presidente. No es una adaptación a la normativa vigente, es la modificación de las bases de ejecución de presupuesto de esta administración, donde entendemos que queremos igualar los gastos de manutención y alojamiento por un igual, a los diferentes grupos de cotización y los grupos de categorías de los diferentes empleados públicos, es decir, queremos que cualquier funcionario o cualquier empleado público independientemente del grupo de cotización que tenga o su categoría profesional, que las dietas y desplazamientos sean equivalentes, que sean iguales, independientemente de que sea un A1, un A2 o que sea un C2. Eso es lo que queremos manifestar en esta modificación de la base de ejecución por lo que no es una adaptación a la normativa estatal si no variar nuestras propias bases de ejecución para adaptarla a lo que dije anteriormente. Gracias

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 4º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: ver punto 4º.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (14) e de Democracia Ourensana (2) e a abstención do Grupo Socialista (8) e do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º) Aprobar inicialmente a modificación da base 69ª das de execución dos orzamentos provinciais, no seguinte sentido:

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2019</b>
---

a) Modifícase o parágrafo 1º da dita base, que queda redactado do seguinte xeito:

*Con efectos de 1 de xaneiro de 2019, as indemnizacións por razón de servizo por gastos de aloxamento e manutención dos empregados públicos provinciais terán as seguintes contías, aplicables sen distinción a todos os empregados públicos provinciais:*

*Por aloxamento: 65,97 €*

*Por manutención: 37,40 €*

*Axuda de custo enteira: 103,37 €*

*No suposto de desprazamentos ao estranxeiro, aplicaranse as contías establecidas para funcionarios do subgrupo A1 da Administración Xeral do Estado.*

*En ningún caso se aboarán custos superiores ás contías establecidas nesta base.*

b) Suprímese o parágrafo 4º da base 69ª.

2º) Someter a información pública, por prazo de quince días hábiles, mediante anuncio inserido no BOP, o presente acordo, para a formulación de alegacións polos interesados. No caso de presentarse alegacións en prazo, serán resoltas expresamente polo Pleno. No caso de non presentarse, entenderase automaticamente elevado a definitivo o acordo adoptado, procedéndose á súa publicación no BOP para a súa entrada en vigor.

**5º.- RATIFICACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA, A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAL E AS DEPUTACIÓNS PROVINCIAIS, EN MATERIA DE EMERXENCIAS E PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS, PARA O DESENVOLVEMENTO DOS GRUPOS DE EMERXENCIA SUPRAMUNICIPAIS (GES).**

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, voceiro do BNG:** Gracias Sr. presidente, o noso voto vai a ser un voto favorable pero crítico. Somos conscientes de que esta é unha cuestión que suscitou un gran debate no seno da FEGAMP porque está en xogo, de non ter un acordo, a continuidade dos grupos co que iso significaría. Un aspecto fundamental que se tratou son as funcións, asunto no que nas negociacións houbo moitas discusións xa que a definición debía estar entre non ser chicos para todo e non chegar a bombeiros, cousa á que se negaban

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2019</b>
---

rotundamente todos os alcaldes xa que non se podía manter un servizo co seu coste e coa xente sen facer nada á espera dunha actuación. Parece razoable logo, que as funcións inclúan tarefas relacionadas con prevención. Con todos estes matices, nos imos a votar a favor do convenio facendo iso si tamén, unha crítica construtiva a este respecto e sobre todo postulando por unha solución definitiva que debería estar enmarcada na asunción financeira da Xunta aínda que fora vía fondos adicionais do fondo de cooperación local. Nós vamos a votar a favor, nada máis. Moitas gracias.

**D. Armando Ojea Bouzo, do Grupo de Democracia Ourensana:** nós votaremos a favor por argumentos similares, máis ou menos aos que acaba de enarborar o portavoz do BNG. Gracias.

**D. José Ignacio Gómez Pérez, do Grupo Socialista:** bo día, nós imos evidentemente a votar este convenio, esta ratificación do convenio da Xunta de Galicia e da Federación Galega de Municipios e Provincias, porque entendemos que con moitas eivas, xa o teño manifestado noutras ocasións, pois evidentemente é o que os concellos temos e polo tanto nese sentido é unha cuestión formal. Así a modo de anécdota, dicir tamén unha cuestión, imos a ratificar un convenio que o presidente da FEGAMP tivo a ben asinar, polo tanto, reprobamos ao presidente da FEGAMP dúas veces e resulta que agora estamos ratificando un convenio da propia FEGAMP, é unha cousa ben curiosa que ocorre moitas veces nesta Deputación, e que ocorre moitas veces en política que tamén é de salientar. Pero dito isto, eu entendo que, e o teño dito tamén noutras ocasións, que este convenio é moi mellorable e os alcaldes así o entendemos nesta Deputación. E tamén o teño dito noutras ocasións, hai que agradecer o esforzo que fai, non é certo que todas fagan o mesmo nin que ao mellor estean de acordo na mesma situación, tamén o teño dito noutras ocasións, polo tanto sempre dixen que nisto había que evitar o debate partidista e o sigo mantendo independentemente de quen governe en cada deputación e nese sentido hai que ser coherentes. Dita esta cuestión, é verdade como dicía anteriormente que hai moitas cousas mellorables e polo tanto o que temos que abordar nesa comisión ou nesa reunión que vamos a ter os alcaldes desta provincia con respecto aos GES. Porque é verdade que son grupos importantes, son grupos que fan esas labores que dicimos que fan un pouco para todas as emerxencias e para todas as cuestións que lle soliciten pero tamén é certo que hai que poñer un pouco de orde nesa mesma forma de actuar cada día porque non é menos certo tamén,

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2019</b>
---

que non todos os alcaldes entendemos a función que teñen que prestar os GES como traballadores de emerxencias. Polo tanto, o noso voto vai a ser a favor e espero que nesa reunión podamos abordar outros temas para trasladarllos precisamente á FEGAMP e a esa comisión que estudia esas posibles melloras entre as cales se encontra a incorporación dalgún efectivo máis para aqueles concellos que non temos os suficientes efectivos para facer todas as gardas e que tamén, por exemplo, a Xunta de Galicia teña a ben poñer en marcha unha cousa importantísima que é o Plan Ariem 112 que tamén estamos esperando e agardando todos coma auga de maio, a partires de aí volvo a dicir, que entendo que dentro das eivas que ten o convenio é mellor ás veces un mal convenio que o problema que nos podía vir a todos enriba. E todos os alcaldes que os temos sabemos cal podía ser. Moitas gracias.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular:** gracias presidente, bos días señoras deputadas deputados e demais persoas que nos acompañan neste pleno. Eu vou a intentar na medida do posible, ser o máis breve que poida porque hoxe sen dúbida será o pleno preguntoiro, pasará a historia deste mandato e eu creo que da historia recente desta Deputación pola *retahíla* de preguntas que hoxe o Sr. presidente contestará a algún grupo da oposición desta Deputación. Dito isto e no ánimo de ser breve, e que me tocou andar nas negociacións deste convenio, como dicía o Sr. Pérez, traemos hoxe a este pleno a ratificación deste convenio que hai que recordar que foi asinado entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias e as catro deputacións galegas para o desenvolvemento dos Grupos de Emerxencias Supramunicipais aos que todos coñecemos como GES, como grupos operativos en emerxencias de ámbito supramunicipal convén destacalo e para completar tamén hai que dicilo o mapa de emerxencias de Galicia e polo tanto tamén da nosa provincia. Facendo algo de historia, que a todos nos ven ben saber como se concretan estas cousas, como vostedes saben a Xunta de Galicia, a FEGAMP e as catro deputacións galegas subscribiron xa no ano 2013 o primeiro convenio de colaboración para a creación dos GES logo de comprobar ao longo dos anos a efectividade destes grupos. No ano 2015 renovouse este convenio con algunha addenda posterior pero a súa vixencia rematou coma xa se dixo aquí o pasado trinta e un de decembro. Meses antes, uns cantos, as administracións asinantes do acordo, constituímos un grupo de traballo que tiña como finalidade sentar as bases para a renovación dos GES pero recollendo propostas que

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2019**

permitisen mellorar o actual modelo tanto no referido ao seu funcionamento e financiamento coma á atención en zonas de sombra e tamén de estabilidade dos traballadores, cuestión de bastante polémica. Como resultado de estas reunións a finais do pasado mes de decembro, asinouse un novo convenio que estará vixente durante o período 2019-2021 garantindo unha atención profesionalizada nas emerxencias e introducindo unha serie de necesarias modificacións cara a mellora dos servizos referidas fundamentalmente á definición das funcións destes grupos e tamén ao financiamento dos mesmos. No tocante ao financiamento, cousa moi importante, a Xunta de Galicia faise cargo do 52,5% das aportacións económicas, as deputacións o 40% e os concellos o 7,5%; porcentaxes que serán aplicadas ao importe total dos gastos incluídos, bens correntes e servizos. Polo que respecta á mellora do servizo, traballouse nun modelo de atención por isocronas dando cobertura ao territorio por medio dos parques de bombeiros e dos GES existentes sen prexuízo da creación de novos servizos en zonas de sombra ao que logo me referirei. O que fan os GES é completar, e digo completar, o mapa de emerxencias nas áreas rurais onde alí o nivel de risco e a estatística de emerxencias non xustifica a apertura dun parque de bombeiros. En canto ás funcións, tema largamente debatido, estas quedan recollidas de xeito máis claro neste convenio reducindo a carga de traballo en asuntos que menos tiñan que ver coas emerxencias, como eran as rozas, para dar agora máis peso as labores de prevención e atención a emerxencias como por exemplo: a intervención en incendios forestais e urbanos no ámbito territorial da súa demarcación, en coordinación co distrito forestal ou co parque comarcal de bombeiros en función de que tipo de lume se trate; prácticas preventivas nos terreos forestais, camiños e espazos públicos para prever incendios entre outras causas; actuacións de prevención de pragas coma a vespa velutina ou intervencións en situacións de risco e de emerxencia para manter a rede de estradas ou de situacións derivadas de riscos naturais; os GES tamén poden manter e de feito fano habitualmente colaboracións con protección civil ante calquera situación que implique riscos para persoas, bens e para o medio ambiente. En definitiva, este novo convenio que agora presentamos para a súa ratificación confirma a aposta das administracións tanto autonómica como provincial e dos propios concellos por dar continuidade aos GES como servizo indispensable para completar o mapa de emerxencias na provincia e consolidar un sistema profesional de atención os nosos conveciños. Permítanme, non obstante, lembrar

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2019</b>
---

dous aspectos de sumo interese para este goberno provincial, por unha banda o esforzo desta Deputación por asumir o financiamento dos GES na porcentaxe do 40% do seu custo, aclárolles que o esforzo rondará os 900.000 €, 838.000 para os GES e 62.000 para os servizos mancomunados que ten Celanova e isto en espera de que ao final se concrete a creación de dous novos GES (aos que logo tamén me referirei) e a equiparación dos efectivos nos que teñen menos de doce membros. E ademais o acordo adoptado recentemente, tamén debo destacalo por esta corporación, precisamente a proposta do Grupo Popular, solicitando a homologación do que lles acabo de dicir, que todos os GES contén con 12 membros. Lémbrolles tamén a efectos informativos, e da xente que nos está seguindo que dos 9 GES que hai en esta provincia na actualidade, que son Pereiro de Aguiar, Ribadavia, Avión, Muíños, Lobios, Laza, Castro Caldelas, A Gudiña, O Barco integrados por un total de 92 membros, tan so O Barco, Castro Caldelas, A Gudiña e Pereiro de Aguiar contan con 12 membros, Lobios e Ribadavia teñen 10, Avión e Muíños 9 e Laza 6. Ademais tamén estudamos a necesidade, e está practicamente concretada, de crear 2 GES máis en áreas da provincia coma A Veiga e Maceda por ter zonas de sombra en canto a atención de emerxencias, espero que se concrete máis pronto que tarde. Aínda que estes dous asuntos, homologación dos membros dos GES e creación de novos grupos non se reflicten no novo convenio, podó asegurarlle que este goberno provincial non deixará de traballar para a consecución destes obxectivos. Así as cousas, asumir a achega do 40% dos custos dos actuais GES e un aumento de efectivos e grupos vai a obrigar a este goberno a facer un considerable esforzo económico que non dubiden que así o fará. De momento nada máis, moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 5º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: ver punto 5º.

Non se producen máis intervencións e por unanimidade dos presentes (25), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Ratificar a subscrición do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincial e as deputacións provinciais, en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para o desenvolvemento dos grupos de emerxencia supramunicipais (GES).

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2019</b>
---

2º.- Autorizar expresamente a distribución das anualidades de gasto correspondentes á Deputación Provincial conforme co establecido no dito convenio.

3º.- Establecer que o libramento dos fondos se realice a favor dos concellos que sexan sede ou subsele dos grupos de emerxencia supramunicipais ou aos servizos municipais, conforme co establecido no dito convenio.

A xustificación dos fondos levarase a cabo conforme coas mesmas previsións establecidas para a xustificación dos fondos achegados pola Xunta de Galicia no anexo VI do mencionado convenio.

**6º.- AMPLIACIÓN DO PRAZO PARA A PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN NECESARIA PARA A ADHESIÓN AO PROGRAMA PROVINCIAL DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS E A ENTIDADE LOCAL MENOR DE BERÁN EN MATERIA DE EMPREGABILIDADE PARA O EXERCICIO 2019.-**

O Sr. presidente manifesta que, se non hai inconveniente, o debate deste punto será conxunto co dos dous seguintes, aínda que se votarán por separado.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, do Grupo do BNG:** grazias Sr. presidente, simplemente dicir que nos imos a votar a favor dos tres puntos. Nada máis.

**D. Armando Ojea Bouzo, do Grupo de Democracia Ourensana:** hola de novo, aínda que nós como xa é sabido, temos sido bastante críticos con estes programas, do que se trata aquí é dunha mera ampliación de prazo, nós pensamos que a burocracia debe tratar sempre de adaptarse ás necesidades da xente e non ao revés, neste caso, estas ampliacións de prazo parecen estar concibidas precisamente para neutralizar certos inconvenientes que tiveron algúns concellos para dar a documentación en prazo, cumprindo os requisitos, ao ser concorrencias non competitivas non prexudican absolutamente a ninguén, en principio parécenos ben esta ampliación de prazo polo que dicía antes de que a burocracia debe estar ao servizo da xente e modificarse cando sexa posible, pero como en principio tamén adoitamos a non estar a favor dos propios programas pois ímonos abster sen máis. Grazias.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 6º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: ver punto 6º.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2019</b>
---

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (14), do Grupo Socialista (8) e do BNG (1) e a abstención de Democracia Ourensana (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Concederlles un prazo, adicional, ata o 15 de febreiro de 2019, aos concellos que non presentaron as solicitudes de adhesión ao Programa de cooperación cos concellos e a Entidade Local Menor de Berán en materia de empregabilidade para o exercicio 2019, co fin de que poidan achegar as súas solicitudes.

**7º.- AMPLIACIÓN DO PRAZO PARA A PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN NECESARIA PARA A ADHESIÓN Ó PROGRAMA PROVINCIAL DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS E A ENTIDADE LOCAL MENOR DE BERÁN EN MATERIA DE MOCIDADE PARA O EXERCICIO 2019.-**

Non se producen intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (14), do Grupo Socialista (8) e do BNG (1) e a abstención de Democracia Ourensana (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Concederlles un prazo, adicional, ata o 15 de febreiro de 2019, aos concellos que non presentaron as solicitudes de adhesión ao Programa de cooperación cos concellos e a Entidade Local Menor de Berán en materia de mocidade para o exercicio 2019, co fin de que poidan achegar as súas solicitudes.

**8º.- AMPLIACIÓN DO PRAZO PARA A PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN NECESARIA PARA A ADHESIÓN Ó PROGRAMA PROVINCIAL DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS E MANCOMUNIDADES PARA A REALIZACIÓN DE ACTUACIÓNS DE LIMPEZA DAS MARXES DAS REDES VIARIAS MUNICIPAL E PROVINCIAL PARA O EXERCICIO 2019.-**

Non se producen intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (14), do Grupo Socialista (8) e do BNG (1) e a abstención de Democracia Ourensana (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Concederlles un prazo, adicional, ata o 15 de febreiro de 2019, aos concellos e mancomunidades que non presentaron as solicitudes de adhesión ao Programa provincial de cooperación cos concellos e mancomunidades para a realización de actuacións de limpeza das marxes das redes viarias municipal e provincial no exercicio 2019, co fin de que poidan achegar as súas solicitudes.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2019</b>
---

**9º.- OUTORGAMENTO DA MEDALLA DE OURO DA PROVINCIA A DON ELIGIO RIVAS QUINTAS.-**

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa de Cultura, Deportes e Mocidade.

A continuación prodúcese as seguintes intervencións:

**D. Manuel Doval Soto, do Grupo Popular:** bos días señores deputados, persoas que están vendo este pleno. Hoxe é un día de orgullo para todos os ourensáns de ben, estou disposto a afirmar que non hai ningún ourensán que coñeza a D. Eligio Rivas que non se sinta tamén orgulloso desta decisión que vai tomar a Deputación Provincial. Tamén quero agradecer aquí no pleno, ao Sr. presidente, por terme nomeado instrutor do expediente, por a proposta tan acertada que fixo e como non, a todos os grupos que integran esta corporación e ás entidades que fixeron súa e avalaron esta decisión, en definitiva, grazas, moitas grazas a todos. Procederei a dar lectura ao que se refire a parte formal da concesión. O que subscribe nomeado instrutor das dilixencias conforme sinala o regulamento de honores e distincións da Deputación provincial de Ourense, co obxecto de conceder honra a favor do insigne escritor ourensán D. Eligio Rivas Quintas informa o seguinte:

Que por providencia do Presidente da Deputación D. Manuel Baltar, con data 9 de abril de 2018 se dispuxo que se levara a trámite o expediente de honra para a concesión da medalla de ouro da provincia como homenaxe de esta ao insigne escritor ourensán D. Eligio Rivas Quintas. Conforme co capítulo III do Regulamento de honras e distincións desta Deputación nomeo instrutor do expediente ao deputado D. Manuel Doval e secretario deste ao asesor de política cultural D. Aurelio Gómez, para indagar cantos méritos concorren nesta persoa tanto nos aspectos vitais, no seu compromiso con Ourense, na súa dimensión cultural e tamén na súa destacada implicación social. Publicouse o oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia, no xornal *La Región* así como na páxina web da Deputación para recoller testemuñas dos veciños, entidades, concellos ou asociacións coa finalidade de incorporalos ao expediente e así referendar os méritos deste intelectual tan comprometido coa nosa provincia. Recibidos suficientes escritos de adhesión de tan xusta proposta do Presidente da Deputación de Ourense correspóndelle agora á corporación provincial en pleno honrar a memoria dun home tan querido e admirado para imperecedoira constancia e a transmisión a futuras xeracións. Algunhas persoas desenvolven a súa carreira estritamente

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2019</b>
---

ligados a poboación que os viu nacer e a súa actividade transcende fondamente os límites da provincia e contribúe a fomentar o coñecemento desta poboación a niveis insospeitados, este é o caso do ourensán D. Eligio Rivas. D. Eligio naceu en Fondo de Vila (Xunqueira de Ambía) o 31 de agosto de 1925 no seo dunha familia de agricultores como el desexa que lle digamos. Moi pronto decidiu cambiar os apeiros de labranza polos libros e a cultura, con tan solo 11 anos empezou a súa formación no colexio dos Milagres (Baños de Molgas), posteriormente continuou cos seus estudos no colexio San Vicente de Paúl en Limpias (Cantabria) así como en Murguía Álvarez (Álava) e tamén en Madrid. Ordenado irmán lego da orde dos Padres Paus, iniciou un periplo importante polos diferentes lugares do mundo que fortaleceron de maneira definitiva a súa formación cultural. Primeiro desprazouse a Inglaterra coa clara intención de aprender o idioma e alí permaneceu durante nove anos, posteriormente xa con 31 anos trasladouse a Cuba onde exerceu a súa función na igrexa da Mercede e na Habana. Nesta viviría un etapa agridoce debido a coincidencia coa Revolución Cubana que provocou a súa saída do país de forma precipitada. Tras pasar un tempo en Puerto Rico regresa a Galicia trasladándose ao colexio San Narciso de Marín onde permaneceu dúas décadas, exercendo entre outras cousas como secretario dese colexio. As súas inquedanzas pola formación e a cultura fan que se matricule con corenta e cinco anos na Universidade de Santiago de Compostela para cursar filoloxía románica, o que aproveita para fortalecer a súa gran afección pola toponimia. De feito, nesta etapa fixo un traballo sobre a toponimia de Marín que, ampliado posteriormente, presentouno como tese de doutoramento na mesma universidade en 1978, sendo publicada dita tese no ano 1982. O seu lugar de nacemento marca profundamente o interese que sempre manifestou pola comarca da Limia. Son moitos os seus estudos e investigacións sobre esta extensa comarca que teñen formado parte da ampla relación de publicacións que ten feito, quizás o libro *A Limia*, hoxe teño aquí o segundo libro que fixo sobre a Limia e aínda non viu a luz que é este *A Limia II*, de Eligio Rivas, editado no ano 2018 por el mesmo. Recollendo a historia e antropoloxía con gran fidelidade, pero tamén recolle outros aspectos da comarca como son as mámoas, medorras, castros, palafitas da Lagoa da Antela ou mesmo a administración implantada na *Civitas Limicorum*. Teño que dicir que me manifestou fai uns días que fixo todo andando, que descubriu, mediu as mámoas, as aras, as lápidas romanas e os miliarios. Outra das grandes paixóns de D. Eligio que adquiriu de moi novo na súa etapa

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2019</b>
---

en Inglaterra foi a afección a camiñar. Isto e a súa gran inqueda cultural fixeron que espertaran nel un grande interese pola investigación e recuperación do Camiño de Santiago, sobre todo ao seu paso pola provincia de Ourense. Xa en 1969, empezaba a organizar peregrinacións cos seus alumnos, desde Marín a Compostela pero cando pouco despois regresa aos Milagres participa na creación da Asociación de Amigos do Camiño de Santiago, da que o elixen presidente. Desde aquí comeza o estudo do Camiño Mozárabe que se encontraba totalmente intransitable, en contacto cos xornaleiros que ían á sega a Castela. Foi marcando con frechas no chan o camiño dende Puebla de Sanabria ata Ourense para facilitar que os peregrinos non se perderan. Posteriormente e conxuntamente con un grupo de xente da cidade fundan a actual Asociación de Amigos da Vía da Prata (Camiño Mozárabe) do que D. Eligio foi impulsor, conselleiro, enérxico camiñante e máximo valedor, ata converterse actualmente no gran patrón espiritual desta ruta xacobeana que atravesamos a nosa provincia. Segundo el me di, vai da Canda á Canda, da Canda no límite con Castela ata a Canda do límite da provincia da Coruña. Outro dos seus legados son as diversas publicacións das que é autor e que en número de máis de cincuenta, exactamente cincuenta e seis, abarcan varias temáticas coma historia, filoloxía, toponimia, litografía, viaxes, arte, etnografía.. no que destaca o xa mencionado A Limia polo que recibiu o II premio Otero Pedrayo das deputacións galegas no ano 1980. Tamén sobresaen vinte e cinco libros que compoñen a colección léxico rural do noroeste hispano no que se estuda a etnografía e a vida diaria dos galegos e como non, libros sobre o Santuario dos Milagres, o Camiño de Santiago ou a vila de Marín na que tantos anos pasou e que marcaron importantes etapas da súa vida. Tampouco debemos esquecer os centos de artigos publicados en diferentes medios así como as múltiples conferencias impartidas ao longo de toda a súa vida. Esta distinción que hoxe se propón, cal e o outorgamento da medalla de ouro da provincia de Ourense, xúntanse a outras xa recibidas como o II Premio Otero Pedrayo, que xa citei, das deputacións galegas no ano 1980, a medalla Castelao no ano 2000, o premio Pedra Alta no Museo da Limia, desa terra querida para el, no ano 2017, no que eu estiven presente cando lle foi entregado. Considero pois que as meritorias circunstancias persoais e profesionais que concorren no etnógrafo D. Eligio Rivas Quintas recollidas nos informes e manifestacións recibidas nas adhesións achegadas á Deputación de Ourense e neste caso como instrutor deste expediente son determinantes para avaliar as

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2019</b>
---

grandes calidades que honran a este persoeiro e é de obrigado desta Deputación promover a exaltación dos seus fillos ilustres que dedicaron a súa vida e as súas actividades a prol do noso desenvolvemento tanto cultural, artístico, musical, social como económico. Sentado este principio básico, este instrutor ten a obriga de investir de eficacia xurídica ao desexo desta institución, fiel representante da nosa provincia, conferíndolle a D. Eligio Rivas as honras previstas no noso regulamento. Polo exposto, e vistos os artigos do Regulamento de honras e distincións da Deputación de Ourense, este instrutor ten a honra de formularlle á corporación provincial a seguinte proposta: outorgarlle a medalla de ouro da provincia ao destacado intelectual ourensán D. Eligio Rivas Quintas, de conformidade cos artigos 1, 7, 9, 10 e 11 do Regulamento de honras e distincións da Deputación de Ourense, como homenaxe e recoñecemento do noso pobo a toda unha longa traxectoria intelectual marcada polo seu carácter de traballador incansable e a súa implicación no estudo e difusión dos principais valores culturais da nosa provincia. En Ourense, a 10 de xaneiro de 2019, o instrutor, Manuel Doval Soto. De momento nada máis e moitas gracias.

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, voceiro do BNG:** gracias Sr. presidente. Logo de escoitar a exposición do instrutor creo que non hai nada máis que engadir, simplemente anunciar loxicamente o noso voto a favor, xa votamos a favor na comisión, votamos a favor o inicio do expediente e desde logo pensamos que é absolutamente merecido e de xustiza e os méritos están enriba da mesa. Non imos a engadir nada máis porque xa foi suficientemente exposto polo instrutor. Nada máis, moitas gracias.

**D. Armando Ojea Bouzo, do Grupo de Democracia Ourensana:** hola de novo, os méritos desta persoa xa foron expostos polo instrutor e xa foron enarborados por todos os grupos cando se fixo o primeiro pleno e se decidiu outorgarlle a medalla de ouro e apenas hai novidades, salvo ese novo libro que xa lle vou preguntar despois ao Sr. Doval onde se pode conseguir, porque xa lin o primeiro fai anos e porque ademais son desa zona, moi preto de onde naceu el, a quen coñecín xa sendo eu neno. Nada máis, soamente lembrar que é unha mágoa que outras persoas con méritos similares e máis ou menos no mesmo eido que este señor, que tamén foron propostos para a medalla de ouro por parte nosa fai algún tempo, non vou dicir nomes porque non procede agora, pero é unha mágoa que solo se acepten eses méritos como dignos de ser recoñecidos por unha medalla de ouro cando parte a proposta do Sr. presidente, e cando son referidos a persoas con méritos idénticos e os

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2019</b>
---

propón Democracia Ourensana pois bótanos abaixo, ou sexa, que a cuestión non debe ser a valoración dos méritos se non o criterio debe ser outro, polo visto. Nada máis, sinxelamente anunciar que tamén votaremos a favor.

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista:** moitas gracias, presidente. Como non pode ser doutra maneira e ratificando o noso voto en comisión votaremos a favor do expediente que acaba de expor brillantemente o Sr. Doval, de recoñecemento a este insigne escritor, un apaixonado da etnografía, da toponimia e da arqueoloxía galega e sobre todo un estudoso da miña comarca, de onde son deputada, a comarca da Limia. Polo tanto estamos a favor.

**D. Manuel Doval, do Grupo Popular:** soamente que estamos na concesión da medalla a D. Eligio Rivas, e agradecer a todos a súa postura que xa foi así en comisión e para non alargar máis, agradecer unha vez máis a postura de todos os grupos que estou seguro que lles podó adiantar que D. Eligio Rivas está moi contento e moi agradecido. Nada máis e moitas gracias.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 9º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: ver punto 9º.

Non se producen máis intervencións e por unanimidade dos presentes (24), o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Outorgarlle a medalla de ouro da provincia ao destacado intelectual ourensán don Eligio Rivas Quintas, de conformidade cos artigos 1, 7, 9, 10 e 11 do Regulamento de honores e distincións da Deputación de Ourense, como homenaxe e recoñecemento do noso pobo a toda unha longa traxectoria intelectual marcada polo seu carácter de traballador incansable e a súa implicación no estudo e difusión dos principais valores culturais da nosa provincia.

### **10º.- APROBACIÓN DEFINITIVA DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZO MUNICIPAIS**

Trala ratificación previa, por unanimidade, da inclusión do asunto na orde do día, o Sr. secretario dá lectura á proposta da Presidencia.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, voceiro do BNG:** gracias Sr. presidente. Moi brevemente, nós dicir que como se trata da aprobación definitiva do plan provincial de

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2019</b>
---

cooperación ás obras e servizos municipais do 2019, plan que xa votamos en contra no seu día, imos a seguir mantendo esa postura, a de votar en contra, porque nós, lémbroo unha vez máis, defendemos outro tipo de plan, o plan único, en coherencia coa defensa de ese plan único que facemos. De todos os xeitos, dicir dúas cousas, en primeiro lugar ao respecto do que era a propia alegación do Partido Socialista, lembrar ou constatar lamentablemente que parece que hai no caso deste alcalde leis de primeira e de segunda, leis que son de obrigado cumprimento e outras polo que se ve son optativas, e aí lembrarlles que o señor alcalde de Beade é un alcalde do Partido Popular e aínda que desde aquí non poidamos facer, polo que se deduce do informe do señor vicesecretario, nada para facerlle cumprir a Lei, pois como mínimo vostede ten unha responsabilidade. E despois pedirlle ao Sr. Alcalde de Beade que xa que non cumpre a Lei e que fai o que quere, polo menos non insulte a intelixencia dos veciños e veciñas e sobre todo non insulte a intelixencia nosa, a dos deputados neste caso cando di que xenerais e caudillos hai moitos e que por iso mantén que se nomee esa rúa coma del Caudillo, parécenos un insulto á intelixencia dos veciños e das veciñas e por aí non imos a pasar. Nada máis, como dixen ao principio que imos a votar en contra.

**D. Armando Ojea Bouzo, do Grupo de Democracia Ourensana:** hola de novo, nós atémonos ao escrito polo vicesecretario, estimamos ese informe bastante ben argumentado e bastante coherente. Efectivamente, tal e como se desprende do informe do vicesecretario que está en mellores condicións ca nós de avaliar se o nome desa rúa cumpre ou non cumpre a Lei de memoria histórica, nós sempre estamos a favor do cumprimento da Lei, polo que di o informe do sr. vicesecretario o nome desa rúa vai en contra da lei, iso consta así, para nós vale así. Que a Deputación non ten competencia para facer cumprir pois que a faga cumprir a lei quen a ten que facer cumprir, do contrario é prevaricación. En canto a que o nome da rúa sexa o motivo de que non se fagan obras nela, desde logo que non, a rúa non ten culpa do nome que teña, loxicamente aí tamén coincidimos co Sr. vicesecretario que a rúa ten que estar acondicionada para o servizo dos veciños, ter as beirarrúas en bo estado, o saneamento, o que sexa... e castigar a unha rúa polo nome dun caudillo lémbreme aquela anécdota da historia antiga cando Jerjes mandou azoutar ao mar, mandou darlle lategazos ao mar porque lle fixo afondar os barcos, que culpa tiña o mar pois aquí que culpa ten a rúa do nome que teña. Loxicamente as rúas teñen que estar en bo

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2019</b>
---

estado para o uso dos veciños, outra cousa tamén é a prioridade, a cuestión está en si o arranxo desa rúa ten prioridade sobre o arranxo de moitas outras rúas que pode haber na provincia, de moitas outras estradas, ou de moitas outras obras ou si o subvencionar o arranxo desa rúa ten algún tipo de privilexio con relación a outras moitas rúas que podan estar en mal estado nos outros concellos. Aí volvemos a recalcar o que adoitamos a dicir neste plan de obras, neste plan de obras adoita beneficiarse, é a nosa percepción, a uns concellos en relación cos outros, a unhas empresas a hora de facer as concesións en relación con outras e nós intuimos que o Concello de Beade, entraría dentro dos privilexiados. Entón repetir, acollémonos integramente ao informe do vicesecretario, que se faga cumprir a Lei de memoria histórica por parte de quen teña a responsabilidade de facela cumprir, a rúa non ten culpa do nome, que se arranxe se entra dentro das prioridades de arranxo e lembrar unha vez máis que os plans de obras deben facerse mediante criterios obxectivos, creo que tamén se vai debater nunha moción posterior, nós abstémonos porque xa non apoiamos tampouco o plan de obras no seu día, ímonos abster por estas cuestións, grazas.

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández, portavoz do Grupo Socialista:** moitas grazas presidente. A alegación foi presentada o día 7 de xaneiro de 2019, posteriormente emitiu un informe o vicesecretario desta corporación e di textualmente: “a denominación dunha rúa municipal coma “Rúa del Caudillo” incumpe o establecido no artigo 15.1 da Lei 52/2007 por tratarse dunha mención conmemorativa de exaltación da sublevación militar da Guerra Civil e da represión da ditadura”. Esa é Sr. presidente a conclusión do vicesecretario desta institución para dar a razón a este grupo provincial. Con independencia de que as consideracións legais fagan que a aprobación do plan provincial teña que seguir o seu curso, porque tamén a xuízo do vicesecretario de non ser así poderíamos estar ante un caso flagrante de prevaricación por desviación de poder, o que fai este informe é darlle nas narices unha boa labazada. Cousa ben distinta é que vostede presidente desta institución pero tamén presidente do Partido Popular Provincial ampara e da acubillo a un alcalde insurrecto e antidemócrata que fai gala de ser un auténtico fascista coas súas manifestacións, actos e demais arengas propias dos anos escuros nos que parece que quedou ancorado. Toda unha personaxe que se atreve argumentar que coa palabra caudillo pode referirse a calquera dos que cita a historia. Neste sentido, lémbrolle as consideracións que fai tamén o mesmo vicesecretario no seu informe. “por ende as definicións indicadas a

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2019</b>
---

denominación Rúa Caudillo co termo caudillo coa C maiúscula - así consta no escrito remitido polo propio concello - e nos mapas consultados e sen ánimo de facer unha análise histórica cuestión que non corresponde a este funcionario, parece razoable presumir que a referencia vai dirixida á persoa do militar e ditador Francisco Franco Bahamonde, xefe do Estado Español desde a Guerra Civil do 36 ao 39 ata 1975, coñecido co apelativo de Caudillo de España, título que lle foi atribuído en diferentes normas coma a Orde da Xunta Técnica de Estado por la que se estableció la fiesta nacional del Caudillo, por la Ley de 18 de diciembre de 1946 sobre acuñación de un nuevo sistema monetario e finalmente pola Ley de sucesión de la jefatura del estado de 26 de julio del 47 que no seu artigo 2º indicaba que *la jefatura del Estado corresponde al Caudillo de España y de la Cruzada Generalísimo de los Ejércitos Francisco Franco Bahamonde*". Isto señores deputados e deputadas, señor público en xeral, é o que consta no informe do vicesecretario. Para máis abundancia da *calaña* da personaxe, as manifestacións de onte son: *dedicarle una calle al caudillo es legal y así se llamará mientras sea alcalde de Beade*. Pero vostede presidente, tales afirmacións tanto lle ten, con tal de manter a maioría nesa alcaldía, vostede como presidente do seu partido xa tiña que expoñerlle con claridade meridiana ao tal alcalde de Beade que as leis están para cumprilas. Vostede presidente, tería que telo convencido para que con anterioridade da petición da obra en concreto e desa rúa en concreto tomara o acordo plenario para que mudara o nome da mesma, e vostede non o fixo. Para máis abastanza vostede, presidente, que se gaba de ser un gran demócrata en cantos actos acode, debería esixirle a todos os alcaldes comportamentos e declaracións axustadas a lexislación vixente, e se quere comportarse coma un fascista, este señor me refiro, que deixe os cargos que ostenta na institución que preside. Vostedes invocan a lexislación cando lles convén e sitúanse á marxe dela cando queren, ás probas me remito. As afirmacións deste alcalde do seu partido, colócaos como referentes do que non está permitido en política e vostede consinte como presidente a nivel provincial estes feitos, Sr.Baltar, estas afirmacións que xa non son novas pero seguen sendo igual de ilegais que outras que xa ten vertido este mesmo alcalde. Queda vostede retratado como cooperador necesario de que se invistan cartos desta institución, e recórdolle que esta institución vai ser a encargada de adxudicar esas obras, polo tanto xa lle direi o noso posicionamento, vulnerando a Lei de memoria histórica do ano 2007 no seu artigo 15.1, con independencia de que nas bases reguladoras do plan de

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2019</b>
---

cooperación non se faga mención a este apartado en concreto, porque de ser así, Sr. presidente e para non caer en delito tipificado, ben podería ter modificado as bases do plan como se modifican outras bases que acabamos de facer, a base 69 no punto número cuarto da orde do día de este plenario. Mire nada que salienta das *bravuconadas* do rexedor máis veterano da súa formación a quen por desprezo nin sequera vou a nomear. Que faga o que queira, pero ante os xulgados, que esta portavoz e o seu grupo obrarán en consecuencia, a min non me vai amedrentar ningún fascista, ningún franquista por moi veterano que sexa, nin por moitas maiorías que poda acadar no seu concello e por moito que vostedes lle dean acubillo debaixo das siglas do Partido Popular. A vostedes deberíalles caer a cara de vergoña por mantelo nas súas filas, dentro do seu propio partido e presentándoo o Sr. Baltar como cabeza de lista en cada cita electoral, por moitas maiorías que lle poida quitar, aínda que a responsabilidade de ter a un alcalde que conculca a ilegalidade e fai gala do mesmo é toda súa, Sr. presidente. Polo tanto, solicito que neste punto da orde do día se vote por separado a alegación presentada e a aprobación definitiva do plan de cooperación. De momento nada máis e moitas grazas.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular:** grazas, presidente. Seguindo na liña da maior brevidade posible para chegar ao punto preguntado e que non nos dea aquí o pentecostés, vou tentar ser breve. Anúnciolles xa que como consta na proposta de presidencia á que deu lectura o Sr. secretario xeral votaremos a favor dos dous puntos, quede claro, desestimar a alegación presentada por D.<sup>a</sup> Elvira Lama polas razóns que se expoñen no informe, e dicimos no conxunto do informe, non nos apartados que interesen á Sra. Lama, e aprobar definitivamente o plan provincial por razóns obvias, e algo lle direi dentro dun rato. Dito isto facendo noso o informe do Sr. vicesecretario, digo o informe no seu conxunto, non un cachiño cando interesa e outro me lo quedo. Sen entrar en determinadas consideracións e deixando tamén a un lado as valoracións de tipo persoal que un ten, e de feito teñen os meus compañeiros tamén, ben poderíamos concluír que a denominación, e sigo reflectindo literalmente o que di o Sr. vicesecretario da Deputación no seu informe, a denominación dunha rúa municipal como Rúa do Caudillo incumpre o establecido no artigo 15.1 da Lei 52/2007 de memoria histórica por tratarse dunha mención conmemorativa, xa se dixo aquí e o volvo a repetir, da exaltación da sublevación militar da Guerra Civil e da represión da ditadura. Pero afirmado isto di o informe do Sr.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2019</b>
---

vicesecretario xeral que debemos precisar que a Deputación non pode exercer porque non ten atribuído por lei, funcións ou competencias de control sobre o cumprimento que desa norma realicen os concellos no seu ámbito territorial, Sra. Lama. Máis aínda, o feito dun eventual exercicio de potestades administrativas, neste caso a potestade de fomento, para a obtención de fins distintos dos fixados polo ordenamento xurídico faría incorrer a esta administración, e tamén o dixo vostede e algún máis, en desviación de poder nos termos en que este concepto xurídico aparece recollido na Lei 29/98 da xurisdición contencioso administrativa. No relativo á mención que fai do artigo 15 da Lei de memoria histórica, a posible retirada de subvencións ou axudas públicas en caso do incumprimento, parece claro que se trata dunha habilitación xenérica pero que non se atopa como tal recollida na normativa reguladora do plan provincial, como é evidente. Neste caso a execución da obra de saneamento é o único obxecto do financiamento con cargo ao orzamento da Deputación, independentemente da denominación da rúa que constitúe un elemento totalmente instrumental e accesorio do obxecto subvencionable. A inclusión desta obra de saneamento polo Concello de Beade cumpre todos os requisitos e formalidades esixidos pola lexislación aplicable, polo tanto Sra. Lama, a obriga establecida na referida Lei de memoria histórica de retirada dos obxectos ou mencións conmemorativos de exaltación da sublevación militar da Guerra Civil e da represión da ditadura constitúe unha obriga legal e polo tanto regulada e non é nin graciable nin discrecional polo que debería ser o propio concello de oficio o que proceda ao seu cumprimento. E si o concello, Sra. Lama, non activa de oficio e aínda que a Lei de memoria histórica non contempla a acción popular para instar ao seu cumprimento, si estarían lexitimados as asociacións en defensa da memoria histórica, que as hai, os cargos electos do seu partido nese concello, que tamén os hai, e incluso calquera veciño. Incluso poderían tamén, e con isto non queremos dar consellos, simplemente me remito ao informe do Sr. vicesecretario xeral, incluso poderíamos falar da impugnación dunha posible inactividade administrativa do propio concello, evidentemente en relación coa obriga que establece o artigo 15 xa citado en numerosas ocasións neste debate. En resúmen, a inclusión desta obra de saneamento polo Concello de Beade cumpre todos os requisitos e formalidades esixidos pola lexislación vixente, soliciten vostedes Sra. Lama a retirada do nome desta rúa no propio concello, alí teñen vostedes representantes, a través deles, a través de asociacións como dixen en defensa da memoria histórica, ou tamén asociacións de

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2019</b>
---

veciños que non estean de acordo con el. Intentar paralizar a aprobación definitiva do plan provincial de obras e servizos de 91 concellos e da entidade local menor, vaimos permitir que lle diga que é de máxima irresponsabilidade pola súa parte, aínda entendendo que este vostede nunha precampaña electoral de tipo persoal, que como digo a entendo e a comprendo. Nótase, Sra. Lama, que o seu é facer oposición, e se fora alcaldesa do seu pobo seguramente, como moitos dos seus compañeiros que non sei se llo din pero a min si, non están de acordo para nada con que vostede paralizara a tramitación dun plan provincial e obras e servizos para 92 concellos desta provincia, perdón 91 e a entidade local menor de Berán. Moitas grazas, nada máis.

**D. Armando Ojea Bouzo, do Grupo de Democracia Ourensana:** nós reafirmámonos na nosa aceptación completa do informe do vicesecretario, como tamén se dixo aquí e lembrar unha vez máis, o nome da rúa segundo ese informe e segundo outras fontes consultadas viola a Lei de memoria histórica, xa sabemos que caudillo pode ser un nome común cando se escribe con minúscula pero tal como di o informe do Sr. vicesecretario escríbese con maiúscula e cando o escribe con maiúscula é un nome propio. Ademais o nome propio da rúa, Rúa do Caudillo, iso leva implícito un artigo determinado, non di Rúa dun Caudillo artigo indeterminado, está claro a quen se fai referencia, o informe do vicesecretario acláralo e á rúa debería quitárselle ese nome, a Deputación non ten competencias para facelo, nós estamos sempre aquí defendendo que a Deputación debería cingirse ás súas competencias, a rúa non ten culpa do nome no que se refire a facer as obras. Unha cousa que se lle esqueceu dicir á Sra. Lama, falou de Franco como caudillo de España, faltoulle dicir pola gracia de Dios, que viña nas moedas, porque unha das características do caudillo que entra dentro do que é a definición é que o caudillo non é responsable máis que ante Deus, solo rende contas a Deus, esa é a diferenza entre un caudillo e outros dirixentes, que solo rende contas ante Deus, nin sequera ante a historia que din algúns, e o alcalde de Beade, imaxino, ao mellor pensa que solo pode render contas ante Deus. Tamén dicir que aínda que nós estamos a favor de que un nome dunha rúa non paralice as obras que haxa que facer nela porque entendemos que iso é de sentido común, non se pode arrestar unha rúa, isto lémbreme tamén cando antes nos exércitos arrestaban obxectos inanimados, arrestaban cordas, arrestaban albardas... non ten moito xeito arrestar a unha rúa sen obras polo nome que ten, pero tamén dicir que habería que ver se ese arranxo

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2019</b>
---

desa rúa é unha prioridade ou se non habería que arranxar antes outras rúas doutros concellos, ou ao mellor do mesmo concello. Como xa dicimos sempre, estimamos que eses repartos de fondos para obras non se fan segundo criterios que estimaríamos obxectivos e, nada, reafirmar que por eses motivos nos absteremos. Grazas.

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández, portavoz do Grupo Socialista:** moitas grazas presidente, para facer soamente un par de consideracións. Don Plácido, dicir que por presentar unha alegación estamos a paralizar o plan, iso non é certo, porque a presentamos en tempo para que fora resolta e o plan puidera ser aprobado. Con independencia de todo iso e aceptando que o Concello de Beade presenta en tempo e forma a súa solicitude, non me cabe a menor dúbida, aquí o que se pon en tela de xuízo é que ese alcalde, franquista recoñecido e con exaltacións desa época escura do noso pasado que está taxativamente prohibido por lei e que a Lei de memoria histórica recoñece no seu artigo 15 que se poden quitar subvencións a aqueles concellos que teñan insignias, nomes, prazas e demais, Sr. Plácido, non estamos paralizando ningún plan e máis, voulle pedir á presidencia que podamos votar os dous apartados deste punto da orde do día por separado e é máis, nos reservamos o dereito de acudir á vía dos tribunais se o consideramos necesario contra esta institución e contra o alcalde de Beade por tomar acordos, oia vostede, me fala de que hai un informe do vicesecretario, pero non é palabra de Deus, ese informe di cousas pero tamén di exactamente o que lle acabo de relatar eu. Miren, Sr. Álvarez Dobaño e Sr. presidente, vostedes teñen un problema e é que entre moitos de vostedes quedan espécimes como o alcalde de Beade que por certo agora algúns xa foxen cara outro partido que non vou a nomear porque non me interesa para nada darlle pulo a ningunha formación política sobre todo das de novo cuño. Entón fala vostede de que non teño responsabilidades de gobernanza e por iso me daría igual paralizar un plan, non, non me da igual, porque eu estou aquí defendendo ás veciñas e aos veciños da provincia de Ourense para que reciban todos por igual o que vostedes non fan, neste plan de cooperación si pero noutros non, porque aquí hai un plan que se denomina plan Baltar e despois falareille del, polo tanto Sr. Plácido non veña dicindo que nós o que queremos é parar o plan de cooperación, non lle é así, por aí non imos a entrar. Entón formulo xa na miña quenda de palabra unha emenda *in voce* que di o seguinte: “a Deputación de Ourense en cumprimento do artigo referido na Lei de memoria histórica e sobre todo para facer cumprir o precepto de que se aplicarán

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2019</b>
---

medidas de retirada de subvencións ou axudas públicas deberá executar a retirada para non incorrer nun incumprimento da normativa vixente”. Sr. presidente teña por presentada esa emenda *in voce*, moitas gracias.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular:** gracias Sr. presidente, que forte vén, Sra. Lama nótase que colleu músculo xa empezamos coa guerrilla, serenidade dille un que é veterano de guerra, serenidade, non merece a pena poñerse nese plan porque non, a nós xa non nos asusta, xa levamos moitos anos nisto, se vostede quere ir aos xulgados aí os ten, vostede faga o que considere conveniente e o que lle digo outra vez, cando vostede faga referencia a un informe por respecto a quen o asina, se o cita, cíteo, non o extracte porque vostede extractou o que quixo e acabou por non mirar a conclusión, ¿verdade? Déixeme falar que eu a vostede non a interrompo nunca, tranquila xa lle estou pedindo tranquilidade que lle vai ir ben, un consello dun veciño do lado, un consello tranquilidade, eu xa sei que vostede está inmersa no que está pero quedan poucos meses a ver o que lle depara a situación porque o movemento xa se ve un pouco raro. Di vostede que non paraliza, houbo que traer a este pleno a aprobación definitiva se non houbera alegacións non o traeríamos, ¿que quería que convocara un pleno extraordinario para isto? ía dicir unha palabra entre comiñas pero non a digo, ¿iso era o que quería vostede? A verdade é que se tivera responsabilidade de goberno non pensaría así, seguro porque ao mellor un día hasta é alcaldesa vostede seguro q pensa distinto seguro, logo falaremos diso en algo que avanzou, falaremos diso, que agora xa hai que falar de todo, o que dicía un ex - presidente desta casa: nós non seremos uns santos pero vostedes tampouco, e diso falaremos. Repito, para que quede claro, e sen entrar en consideracións de ningún tipo, eu teño a miña opinión persoal e os meus compañeiros tamén, aquí son o portavoz do meu grupo e fago propio e do meu grupo o informe do Sr. vicesecretario xeral na súa totalidade, non no que me interesa resaltar, polo tanto, que quede claro: primeiro, a solicitude de inclusión desta obra no plan provincial cumpre *a rajatabla* as bases que aprobamos aquí neste pleno do plan provincial de obras e servizos do ano 2019. Segundo, o asunto formulado debería facerse a través dun expediente, ¿onde?: no concello; ¿a instancia de quen?: de oficio, dos seus concelleiros alí, das asociacións de memoria histórica ou incluso de veciños, non veña vostede de salvadora da patria porque ao mellor cambia de sentido. Terceiro, trátase ademais dunha obra que afecta aos servizos básicos dun concello, e dun

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2019</b>
---

concello son todos os veciños, os que lle votan ao Sr. alcalde ou señor candidato que vai ser e os que non lle votan e votan aos seus representantes alí, de todos. Entón, caprichiños os xustos, Sra. Lama, eu xa sei o que pretende vostede con isto, polo tanto, continuemos coa tramitación do plan provincial que é o importante e deixémonos de triquiñuelas, máis ou menos enxeñosas que o único que pretenden Sra. Lama, outra vez con todos os repectos, é intentar unha pequeniña cobertura mediática a ver si por isto saio por aí nalgún medio, nada máis, moitas gracias.

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández, portavoz do Grupo Socialista:** cobertura mediática a que lle dan a este alcalde, que debe ser o único de España que se...

**Sr. presidente:** xa rematou o debate.

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández, portavoz do Grupo Socialista:** estame dicindo cobertura mediática, me parece bastante grave que un alcalde da súa cor política faga esas declaracións en público.

**Sr. presidente:** vostede estaba intervindo no debate e tivo oportunidade de falar.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 10º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: ver punto 10º.

Non se producen máis intervencións. A Presidencia anuncia que o asunto se somete a votación, non admitíndose a emenda *in voce* Sra. Lama, nin tampouco a votación separada dos dous puntos da proposta de acordo, dado que, tras consultar coa Secretaría Xeral, estímase que non procede po tratarse de dous puntos intimamente relacionados, que constitúen en realidade un único acordo. Neste termos, o asunto sométese a votación, e co voto favorable do Grupo Popular (14), o voto en contra do Grupo Socialista (8) e do BNG (1) e a abstención de Democracia Ourensana (2), o Pleno adopta o seguinte acordo

1º.- Desestimar a alegación presentada por dona Elvira Lama Fernández, voceira e deputada do Grupo Provincial Socialista da Deputación Provincial de Ourense, polas razóns expostas no informe xurídico.

2º.- Aprobar definitivamente o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais e da rede viaria provincial do exercicio 2019, segundo o documento inicialmente aprobado na sesión ordinaria do 21 de decembro de 2018.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2019</b>
---

**11º.- MOCION DO BNG DE APOIO AO COMERCIO LOCAL E DE PROXIMIDADE.-**

O Sr. presidente cédelle a palabra ao BNG para que expoña o contido da moción.

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, voceiro do BNG:** grazas, señor presidente. Vou primeiro pola exposición de motivos. A provincia perdeu 5.000 ocupados na rama do comercio polo miúdo nunha década, e segundo os últimos datos da EPA quedan 16.500 persoas que viven do comercio. Na cidade de Ourense, a crise agudízase dende hai anos e é común a todos os barrios, o comercio *on line* e a proliferación dos períodos de rebaixas nas grandes cadeas afogan ao pequeno empresario, sen dúbida algunha son malos tempos para o comercio local. Os primeiros trimestres do ano pasado saldáronse con 140 peches na provincia segundo as estatísticas mercantís do Instituto Galego de Estatística, sae a máis de un peche cada dous días e no que é o conxunto de Galicia os datos apuntan a que tres comercios baixan a persiana para sempre cada día. Este pasado mes de outubro pechou como o peor da historia en afiliados á Seguridade Social na rama do comercio polo miúdo, por primeira vez, baixouse dos 11.000 traballadores no mes de outubro quedándose nun total de 10.871 un empregados do comercio polo miúdo en todo Ourense. As mobilizacións do pequeno comercio son comúns a toda a provincia, hai poucos meses eran os industriais de Verín, os que simulaban o peche dos seus establecementos, recentemente comerciais de Xinzo amosaban tamén a súa preocupación diante do baixón das vendas, en Ourense alertan dende hai meses de que a situación é extrema, nas datas previas do nadal quixérono facer visible 170 establecementos desde O Couto onde as rúas Ervedelo e Dr. Fleming foron as protagonistas dos cartaces reivindicativos ata o centro e o barrio da Ponte. O obxectivo non era outro que amosar ás cidadáns e aos cidadáns como sería a cidade se todos os comercios botasen o peche. O papel do comercio local ou de proximidade é fundamental, é unha das mellores maneiras de xerar riqueza para Galicia, de crear emprego de calidade e de humanizar os espazos urbanos e impedir a desertización das nosas vilas e concellos. Desde o BNG, levamos tempo alertando da imposición por parte do goberno do Partido Popular dun modelo de consumo ao servizo das grandes áreas de capital foráneo que nos empobrece, atenta contra a nosa saúde e mesmo xera hábitos de vida e ocio deshumanizados, un claro exemplo disto é o rexeitamento do Partido Popular de Galicia a unha emenda do BNG para destinar unha partida de diñeiro para arranxar a coñecida como

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2019</b>
---

zona do rianxo, espazo circundante da praza número un. O goberno popular do Concello de Ourense tampouco é alleo a esta práctica de apoio foráneo e de nula aposta polo produto local, ecolóxico e de proximidade. Diso da fe o feito de que a praza da Ponte na que se investiron 2.000.000 € leve catro anos pechada e sen visos de que o que tiña que ser un elemento chave para dinamizar este tipo de mercados abra as súas portas en breves datas. No BNG apostamos por prestixiar os nosos produtos primarios e por facilitar a súa comercialización, o noso obxectivo é que as persoas produtoras obteñan o máximo beneficio e que a actividade agraria da súa transformación e comercialización sexan un elemento de xeración de emprego e dinamización económica que tanta falta nos fan, ao tempo que contribúan ao mantemento das tradicións nos concellos. As políticas fiscais e económicas do Partido Popular están a ameazar a supervivencia do comercio local que desde o BNG seguimos a apoiar e defender. Nós o que propoñemos ao pleno da Deputación é a aprobación dos dous seguintes acordos:

1º. Que a Deputación Provincial aprobe unha liña de subvencións para o comercio local e de proximidade así coma para o impulso e/ou a recuperación das feiras e mercados tradicionais co obxectivo de incentivar a compra de produtos locais e galegos con promoción de etiquetaxe en lingua galega e a promoción alternativa e ecolóxica.

2º. Con arranxo ao artigo 31.4 do Estatuto de Autonomía de Galicia, correspóndelle ao noso país a competencia exclusiva en materia de comercio interior, por tal motivo, a Deputación Provincial de Ourense insta ao Parlamento galego a que inicie a tramitación dunha nova lei de horarios comerciais que permita superar a actual Lei 1/2013 de horarios comerciais de Galicia por ser lesiva para os intereses do pequeno e mediano comercio, do comercio local e de proximidade ao non permitir, *de facto*, poder conciliar a vida laboral e familiar ao ter que competir coas grandes superficies.

Simplemente vou engadir unha cousa máis, un comercio local mellor e máis *cercano*, con esa intención a Deputación financiará un estudo da Federación Provincial de Comercio que analizará produtos, servizos e perfís socio demográficos co obxectivo de mellorar o comercio ourensán, e facer ademais unha foto fixa do consumidor por comarcas e por concellos. A foto fixa, xa a acabamos de facer nós, mellor dito nós non se non a propia EPA, de non ser pro activos nesta cuestión e non tomar medidas, o comercio entrará en barrena e dificilmente poderá sobrevivir ninguén. Vostede dixo, cómpre estar ao carón

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2019</b>
---

dun sector que desde sempre se ten significado como unha parte fundamental da nosa economía e unha parte tradicional da nosa provincia, agora ten a oportunidade de pasar das palabras aos feitos. De momento na miña primeira intervención nada máis, moitas grazas.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

**D. Armando Ojea Bouzo, do Grupo de Democracia Ourensana:** grazas presidente, hola de novo. O BNG falou de arranxar o rianxo, arranxar o rianxo da nosa praza de abastos de Ourense, foi unha proposta que fixo Democracia Ourensana fai xa uns meses que foi rexeitada polo Partido Popular e creo que tamén por algún outro partido da oposición. Tamén propuxemos na praza da Ponte convertela nun lugar de venta temática de produtos galegos e produtos autóctonos, aínda así temos dúbidas de que iso sexa unha solución para o pequeno comercio. Dise sempre que non se lle poden poñer portas ao campo e no mundo que vén todo pinta a que o comercio tal e como se ten entendido hasta hoxe vaino a ter complicado para sobrevivir con eses criterios. Nós pensamos que as subvencións, como se adoita a dicir, son pan de hoxe e fame para mañá. Ter na incubadora unha empresa ou un colectivo que vai ter seguramente que cambiar os seus esquemas. Fíxense que internet e as compras por internet están empezando afectar mesmo ás grandes cadeas, mesmo ao Corte Inglés e ás grandes cadeas. Nós avogamos, dentro das escasas competencias que ten a administración nunha economía de libre mercado, ademais por defecto estimamos en negativo o intervencionismo, nós estimamos que unha das cousas que se podía facer era baixar as taxas do lixo, as taxas municipais e das diferentes administracións, aí si que se podería ter unha certa competencia, non cremos moito na eficacia a longo prazo das subvencións tampouco, temos nada claro que a etiquetaxe nunha ou outra lingua poida valer para mellorar o sector. Nós pensamos que é o comerciante o que debería poder elixir a linguaxe, dentro das linguas oficiais do estado que quere para as súas etiquetas. O comercio vai ter que cambiar moito. A xente nova compra por internet, a xente nova ten agora o costume de ir aos sitios, probar as cousas e despois deixarllas alí ao comerciante e pedir por internet. Probo uns zapatos, sérvenme, pois agora... por iso en moitos países de Europa e creo que en Australia as tendas son *showrooms*, a xente vai soamente a ver o produto, collelo, pesalo, collelo na man e logo pedilo por internet pero esas tendas cobran entrada. Hai lugares xa nos que un entra nunha tenda coma quen entra ao cine paga 5\$ ou 5€, mira os produtos e despois o que lle gusta pídeo por internet e ao

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2019</b>
---

mellor o comercio local vai ter que ir por aí. Nós ímonos a abster nesta moción por dous motivos: primeiro, non cremos, tampouco imos dicir que sexa negativo, non pensamos que sexa unha solución o que se propón no apartado un; e segundo, en relación ao apartado dous, aterémonos ao noso criterio habitual, ínstase a Xunta de Galicia a unha cousa que non é específica de Ourense e que vai máis alá das competencias da Deputación. Entón ímonos abster recordando que a nosa proposta, que tampouco pensemos que sexa ningunha panacea, pasaría por baixar os impostos aos comerciantes e as taxas e polo menos non darlle vantaxes competitivas ás grandes superficies como ás veces se lle dan, de momento nada máis.

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández, portavoz do Grupo Socialista:** gracias presidente. Unha consideración, cando un grupo, un deputado fai unha emenda a calquera asunto do día, da orde do día do que se está tratando, creo que queda a xuízo do deputado que se vote, é dicir, hai unha emenda, ¿esa é unha potestade súa?

**Sr. presidente:** está no Regulamento, vostede está facendo primeiramente unha emenda *in voce* a unha proposta da Presidencia, non a ningunha moción dos grupos políticos, por iso a Presidencia ten a potestade de negarse a aceptar a emenda *in voce*. Ao respecto da votación separada poderíase formular entre os voceiros dos grupos políticos e tería que haber unanimidade pero antes dese formulación, consultei co Secretario Xeral en relación ao fondo do asunto, dicía que era imposible votar por separado dous acordos tan intimamente vencellados.

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández, portavoz do Grupo Socialista:** “Normas de formulación e votación de emendas: La Presidencia y los portavoces de los grupos..”

**Sr. presidente:** ¿que está lendo, por favor?

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández, portavoz do Grupo Socialista:** As normas de regulamento desta institución...

**Sr. presidente:** As normas de regulamento de organización.

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández, portavoz do Grupo Socialista:** Si. “La Presidencia y los portavoces de los grupos políticos podrán formular oralmente enmiendas a los asuntos de debate y antes de su votación. La votación de las enmiendas *in voce* quedarán sujetas a la condición de que el diputado - diputada en este caso - autor de la propuesta de acuerdo así lo autorice expresamente”.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2019</b>
---

**Sr. presidente:** Eu son o autor da proposta e repito, era unha proposta da Presidencia non a autoricei, polo tanto rexeiteina.

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández, portavoz do Grupo Socialista:** Entendía que era o autor da emenda in voce, moitas gracias. Imos co asunto que nos ocupa, a moción de apoio ao comercio local e de proximidade, onde o Grupo Socialista estamos completamente de acordo coa moción que presenta o grupo proponente para favorecer ao pequeno comercio e o comercio de proximidade xa que está moi mal ferido como relataba na exposición de motivos o compañeiro Ramiro, pero por mor de moitas causas que arrancan desde o inicio da crise económica nas que se resentiron moitísimos sectores da economía deste país, e este tamén. Deberíamos mencionar e recordar moitas das problemáticas que teñen a día de hoxe os pequenos comerciantes e que pasan entre outras por as seguintes: aperturas en días festivos de grandes espazos multimarca como son os centros comerciais e en datas moi sinaladas, si o consumidor gasta os cartos en domingo poucos cartos lle poden quedar para facelo durante a semana na súa localidade, así vemos campañas de nadal, *Black Friday* e outros períodos, así coma os domingos nos que a lexislación lle permite nesta comunidade abrir a esas grandes superficies; os cambios da mentalidade e os hábitos de consumo, agora cun *click* desde o sillón da casa podemos mandar vir por correo ou por mensaxería o produto máis inusitado desde o outro lado do mundo; a gran competencia do mercado *on line* coas que os comerciantes non poden competir, agás que tamén dispoñan dese mesmo comercio *on line* para os seus produtos. Partindo da base, de que o comercio é un sector necesario porque fai dos barrios e das vilas un lugar seguro, iluminado, agradable e con beneficios para a calidade de vida das persoas, si que é verdade, que cada día hai que esixir máis especialización por sectores e sobre todo, máis concienciación persoal e individual para entender que o que se merca por internet non favorece para nada a economía do veciño nin a nosa propia. Con respecto aos horarios, o cambio da lexislación non cremos que poda solucionar en todo o problema, aínda que si poda axudar a favorecer a conciliación familiar e laboral dos traballadores e empregados, que teñen que facer ou desenvolver o seu traballo en días festivos por moitas restricións que lle poidan poñer a nivel legal, o feito indiscutible é que resulta moi difícil por non dicir case imposible competir coa gran superficie, onde adoitamos a ver plantas enteiras de determinados grupos ou marcas comerciais con horarios imposibles para un comerciante autónomo ou a lo sumo cun par de traballadores, polo tanto

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2019</b>
---

imos apoiar a moción do BNG nos seus acordos, aínda na crenza de que só desde especialización, a concienciación individual e das melloras que implica mercar no comercio local e de proximidade podemos tentar solucionar ou minimizar a grande crise que está a atravesar o modelo de comercio tradicional, de momento nada máis e moitas grazas.

**D. Manuel Doval Soto, do Grupo Popular:** moitas grazas Sr. presidente. Parece que nós temos outra visión, algunhas cousas compartímolas, o problema compartímolo, pero a solución parécenos que vai noutro camiño. Sorprende que nin no texto da moción nin tampouco na súa intervención de hoxe, faga referencia á importancia da formación e da cualificación profesional para mellorar a competitividade e para facer fronte ás adversidades, que si existen, que se presentan ao comercio local e a pequena e mediana industria. Nós si apostamos decididamente pola formación de todas as persoas que interveñen no mundo da pequena e mediana empresa e tamén do comercio local, e como non, o tecido do comercio local. Iso é unha boa ferramenta para mellorar a situación no presente e moito máis de cara ao futuro. A decisión valente e comprometida do goberno que preside Manuel Baltar, de converter Ourense no referente da formación profesional en Galicia, o que suporá un gran impulso para as novas oportunidades laborais en xeral, e dun xeito especial para os máis novos. O campus de formación profesional será un verdadeiro revulsivo para a economía da provincia mellorando as condicións das pequenas e medianas empresas e como non, do tecido do comercio local. Os coñecementos adquiridos polas alumnas, alumnos e todos os traballadores das distintas especialidades, servirán para a transformación do mundo laboral, xerando emprego de calidade, situando a formación profesional no lugar que merece, pois é fundamental no sistema produtivo no de antes e tamén no de agora. Suporá que os novos non teñan que buscar traballo noutros lugares, influíndo na consolidación das empresas, mellorando o pequeno comercio das existentes e tamén, a implantación doutras nos parques empresariais da nosa provincia, xerando riqueza e como consecuencia realizar máis compras no comercio local. O que se necesita é que os cidadáns dispoñan de máis diñeiro para podelo investir e que o fagan no comercio local. Podería falar de moitas consideracións que levan a situación na que está o comercio local pero en principio non quero alargarme na miña intervención. Nada máis de momento e moitas grazas.

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, voceiro do BNG:** moitas grazas Sr. presidente. Vou a ser moi breve porque creo que polo menos todos coincidimos na realidade do problema, no

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2019**

diagnóstico polo menos, o que non coincidimos tanto é nas solucións. Desde logo nós non pretendemos aportar aquí todas as solucións para o problema, nós marcamos, digo isto a raíz da intervención do portavoz do grupo popular, nós estamos absolutamente de acordo que hai que potenciar a formación. De todos os xeitos parece que aquí veu vostede a falar do seu libro e falounos do seu libro a raíz do tema da formación profesional, dese anuncio que se nos fai. Eu o que lle preguntaría, porque nós falamos de medidas concretas, que hoxe xa a Deputación se poña a botarlle unha man aos comerciantes porque se vostedes me van a votar en contra disto, terán que recoñecer que non están por a labor de axudar ao comercio local e o comercio local hoxe, xa, está reivindicando, está pedindo solucións, está pedindo cambios, e en todo caso do que vostede fala dos beneficios desa implantación da formación profesional en Ourense, pois veremos cando cheguen de aquí a uns anos, en que inflúen, como chegan, para que serven realmente. Nós expuxemos, por iso tampouco fixen referencia para nada na nosa moción, nós falamos de cousas moi concretas que nós pensamos que se poden aplicar, articular a día de hoxe e que si podería ter incidencia xa porque o contrario pasa por recoñecer que non teñen vostedes vontade de arrimar o ombreiro e axudar a un sector que está reivindicando continuamente que tal e como está o mercado, loxicamente aí estamos de acordo co portavoz de Democracia Ourensana que os hábitos de consumo dos consumidores, dos cidadáns está mudando, pero en todo caso haberá que botarlle unha man, favorecer, se estamos de acordo todos en que hai potenciar o comercio local, pois haberá que poñer leis e medidas sobre a mesa que potencien o comercio local, porque se non calquera outra cousa son palabras que se quedan no ar e que non levan a nada en concreto. Eu insisto, estamos de acordo polo menos no diagnóstico porque simplemente basta mirar o que está acontecendo, eu facía referencia á cidade de Ourense, á vila de Verín, á miña propia vila Xinzo, estes mesmos días está nunha campaña dese estilo, pechando os comercios, empapelando os escaparates para que a xente se conciencie do que realmente sería unha vila sen comercio, e desde logo, o problema témolo enriba da mesa e as solucións que teñen que ser moitas, mutidisciplinares e desde todos os ámbitos administrativos, concellos, Deputación, a propia Xunta de Galicia, por iso nós tamén solicitamos que se inste ao Parlamento a que cambie a Lei e que favoreza ao comercio. Todas esas solucións, todos temos que estar, arrimar o ombreiro e facelo con medidas prácticas e con medidas que serán ou non eficaces pero que intentan realmente potenciar ese comercio. De momento nada máis, moitas grazas.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2019</b>
---

**D. Armando Ojea Bouzo, do Grupo de Democracia Ourensana:** hola de novo, o problema efectivamente coma xa dixeron os portavoces, compartimos todos o feito da súa existencia pero tamén me gustaría facer algúns apuntes. A señora portavoz do partido socialista falou que o asunto pasa por unha concienciación do consumidor. Os consumidores, cada un, fai cos seus cartos o que lle parece. Que o comprar por internet ten desvantaxes en relación con comprar na tenda da esquina, ó mellor si ou ó mellor non, cada un valorarao segundo os seus propios criterios e si sabemos que hai fraudes e todas esas cousas por internet pero vai ser cada un quen valore iso e seguramente as empresas que funcionan por internet van ir tamén pulindo pouco a pouco eses inconvenientes, eles tratarán de facer as cousas cada vez mellor para que ese xeito de comprar sexa cada vez máis atractivo. O Sr. Doval falou de fomentar a cultura empresarial ou a cultura do emprendemento a partir da FP. A min primeiro, chámame moito a atención iso nunha provincia na que a valoración social do emprendemento mercantil ou empresarial é nulo, aquí todo o mundo aposta a un cholloño nesta casa, na Deputación ou na administración. Esta provincia exporta funcionarios ao resto de España desde fai décadas, esa é unha realidade, sería moi difícil cambiar esa base sociolóxica que temos nesta provincia na que non se valora para nada o montar empresas, o montar comercios, etc. E logo hai unha cousa moi importante, esta provincia limítrofe con Portugal, falábase dos horarios e todo iso, mire aquí desde fai moitos anos ao chegar o sábado e o domingo Valença do Miño, Vilanova da Cerveira, Viana do Castelo e todas esas poboacións ás que podemos chegar, Oporto mesmo, Vilar de Condes, échense de ourensáns, e de xente de Vigo e de Coruña que vai a pasar o día, porque xa sabemos que o entretemento favorito da xente é mercar, comprar o que necesita e o que non necesita, entón temos un competidor no que é os asuntos dos horarios aí ao lado que é Portugal e como calquera de vostedes pode comprobar abren os sábados e os domingos que son os días que ten libre moitísima xente para poder entreterse comprando e viaxan ou viaxamos a todas esas localidades cercanas. Outra cousa sería vivir en Toledo ou en Ciudad Real, pero aquí temos Portugal ao lado e iso afecta moitísimo tamén ao comercio desta cidade e ao comercio desta provincia. Tamén discrepo bastante do Sr. Doval no feito de que a formación profesional poida axudar a solucionar moito o problema. Achéganse tempos de cambio en todo o que é a economía e o que se aprende nos libros vale moito para cando un se move en ambientes previamente estruturados pero cando

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2019</b>
---

se achegan cambios drásticos aí o que se vai a valorar é a creatividade, a xeración de novas estruturas e a xeración de novos esquemas e iso non se aprende nin na FP nin nada, nin sequera na universidade porque aí o que primará será a creatividade no ámbito comercial, empresarial e iso non se aprende, o que ten o talento teno e quen non pois non o ten. E volvo a recordar, dubidamos da eficacia das medidas que propón o BNG, tampouco pensamos que teñamos ningunha solución máxica e no que se refire ao dos horarios, xa dixen efectivamente e loxicamente os traballadores deberían ter tempo para conciliar a vida coas súas familias pero o que hai é o que hai, os horarios comerciais abren habitualmente no horario na que a xente traballa, que é cando non pode comprar e os sábados mesmo os domingos nesta cidade moitísima xente vaise a Vigo e mesmo a Portugal a comprar. Non ten nada fácil o sector a solución, nin a corto nin a medio prazo pero nós desde aquí tampouco imos dicir que teñamos a solución. Repito que imos absternos por todas estas consideracións. Gracias.

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández, portavoz del Grupo Socialista:** gracias presidente, solo un par de consideracións que atopamos no que acaba de argumentar o Sr. Armando polo Grupo de Democracia Ourensana, si que pensamos que hai que poñer medidas porque é un sector que está ferido de morte como está non solo nesta cidade, nesta provincia se non en moitas vilas e tamén no resto do territorio. Da pena pasear por moitísimas cidades e por moitos barrios desas grandes cidades onde apenas queda comercio de proximidade, é verdade que é unha tendencia que está cambiando no mundo o feito de que a compra desde o sillón como relataba na miña primeira intervención a golpe de click dun produto que sabemos que vén de non sabemos onde pero tráennolo a casa, é moito máis cómodo pero ao mellor teríamos que reflexionar e pensar se ese é o modelo de pobo, de vila ou de barrio que queremos para a crianza dos nosos fillos e netos. O comercio tradicional viviu toda a vida, non abría nin domingos nin festivos, non había centros comerciais pero se compraba o xusto, o necesario e todos ían vivindo. Eu que proveño da Asociación de Comerciantes de Xinzo, que tiven negocios de comercio durante máis de 20 anos, que tiven negocios de hostalaría de máis de 35 anos sei moi ben o padecemento que teñen cada un dos pequenos autónomos con ou sen traballadores asalariados, que teñen que abrir a porta todos os días e esperar que entren os clientes pola porta. Tamén lles digo unha cousa, desde o mundo do asociacionismo ao que pertencín durante máis de 12 anos, tamén lles podo asegurar que

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2019</b>
---

había algún comerciante que dicía: mira, moitas veces o veciño prefire perder un ollo con tal de que ti quedes cego; se ao veciño lle vai ben no seu negocio pode que a ti che vaia ben, se o veciño ten que baixar a persiana, pechar a porta, seguro que a ti che vai a ir bastante mal. Polo tanto, nos imos apoiar a moción do BNG nos seus termos, moitas grazas.

**D. Manuel Doval Soto, do Grupo Popular:** En primeiro lugar dicir que a competencia cada vez máis impulsada é funcionalidade e innovación, o talento será un recurso máis prezado pero tamén a formación continua dos traballadores é imprescindible e tamén será transcendental de cara ao futuro inmediato. Por suposto, adaptarse á cuarta revolución industrial será imprescindible. Os sistemas educativos, isto é o que din os expertos neste momento, deben estar orientados á aprendizaxe de por vida tanto en métodos dixitais como en desenvolvemento e formación personalizada presencial. Iso de que todo ten que ir por aí, que todo van ser milagres, non estou totalmente de acordo. Ao respecto do autor da moción, o comercio local e a pequena e mediana empresa necesitan ferramentas axeitadas para saír da situación na que se atopan pensando non só no presente se non tamén e sobre todo no futuro. Vostede, hoxe aquí, o que propón son parches ou esmolos cando o que precisan son decisións importantes. Queren facer ver que o problema actual xurdiu de repente, e cando tiveron responsabilidades de goberno non aportaron solucións para resolvelo e moito menos pensando no futuro. Sexa humilde, asuma que algunha das responsabilidades tamén teñen e non se dedique a botarlle a culpa aos demais, digo aos demais, a todo os demais, se non que todos temos algunha. Amosa unha visión, desde o noso punto de vista, unha visión raquítica e curto prazista dunha situación complexa onde non existe unha varinha máxica para solventar o problema, non seremos nós os que culpabilicemos a ninguén, tomaremos as decisións máis convenientes que dean mellor resposta a situación. No que se refire xa aos acordos que vostede propón e algunhas afirmacións que fixo, a verdade é que non as compartimos. En cuanto ao que vostede afirmaba, que esta Deputación non ten axudado, debo dicirlle que a Deputación ven apoiando economicamente ás Asociacións de Empresarios, á Federación do Comercio, aos eventos que estas organizan ben sexan empresas, comercio, etc.. e tamén como non, a outra institución que está aí e que representa a todos os comerciantes que é a Cámara de Comercio. No que se refire a modificación legislativa, dispoñen de representantes no

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2019</b>
---

Parlamento e alí é onde hai que facer propostas, non desde aquí que llas fagamos alí, parece mentira que vostede nos diga, inste vostede a institución a que faga, teñen vostedes representantes e alí é onde se deben debater estes asuntos relativos ás normativas. Eu desde o meu punto de vista xa máis persoal, que traian este asunto hoxe aquí ademais de existir o problema, non será unha cuestión de oportunidade que os vexo en moitas fotos ao estar próximas ás eleccións municipais, nada máis e moitas gracias.

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, voceiro do BNG:** gracias Sr. presidente, si moi breve. Se isto son parches ou esmolos como o cualificou o portavoz do Partido Popular pois estamos agardando as súas grandes medidas. Desde logo non me vale que vostedes apoiem ás asociacións, nós o que pedíamos era cousas moi concretas, que se apoiase ao mercado local de proximidade impulsando feiras e mercados tradicionais, darlle unha liña de subvencións que o mellor precisamente poderían aproveitar para o que vostedes falaban de reciclarse, formarse, niso estamos totalmente de acordo e nos formulabamos medidas concretas que vostede cualifica de parches, bueno, estamos agardando polas súas grandes solucións porque vólvolle lembrar que, palabras do Sr. presidente, cómpre estar ao carón dun sector que desde sempre se ten significado como unha parte fundamental da nosa economía e unha parte tradicional da nosa provincia. Ben, eu non sei se é electoralista ou non, non sei se os comerciantes de Verín, os comerciantes de Xinzo, os comerciantes de Ourense tamén ven que se están achegando as eleccións e tamén fan eles as campañas que fan e por iso intentan expor e intentan poñer o problema enriba da mesa. Como digo, non sei se é electoralista pero desde logo algún tipo de medida si que merece, algún tipo de solución, impulsar algún tipo de cambio si que fai falta. Nós desde logo, desde aquí o que pretendíamos era que se instara ao Parlamento para que se reforzara esa petición pero xa lle digo que se vai a levar esta iniciativa alí, e que se vai a formular no propio Parlamento, iso non vai a depender de que vostedes nos aproben hoxe unha moción ou non. E como digo e insisto, palabras do Sr. presidente, cómpre estar ao carón dun sector que sempre se ten significado como unha parte fundamental da nosa economía. A miña pregunta é: ¿como van vostedes a estar ao carón de ese sector? Desde logo, agardamos esas medidas, agardamos a efectividade desas medidas e a ver se realmente vostedes van a estar ao carón deste sector e que teñan esa vontade, realmente a plasman con cousas concretas e non se quedan nesas boas intencións que eu poño aquí en palabras do Sr. presidente. Nada máis, lamentar que

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2019</b>
---

non se vaia aprobar esta moción, desde logo, agradecer o voto favorable do Grupo Socialista e nada máis, moitas gracias.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 11º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: ver punto 11º.

Non se producen máis intervencións someténdose a votación a moción, que é rexeitada ao obter o voto favorable do BNG (1) e do Grupo Socialista (7), o voto en contra do Grupo Popular (14) e a abstención de Democracia Ourensana (1).

### **12º.- MOCIÓN DO BNG SOBRE A SITUACIÓN DA PREVENCIÓN E RISCOS LABORAIS NOS CONCELLOS DA PROVINCIA.-**

O Sr. presidente cédelle a palabra ao BNG para que expoña o contido da moción.

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG:** moitas gracias, Sr. presidente. Vouna expoñer, os concellos convertéronse na administración do Estado máis próxima e con máis interrelación cos cidadáns. Isto trouxo como consecuencia un aumento considerable dos servizos e unha maior especialización dos mesmos. As entidades locais deixaron de ser unha mera oficina onde resolver o típico papeleo para pasar a ser unhas verdadeiras organizacións xeradoras de emprego directo e indirecto de servizos, e estes últimos, cada vez máis diversificados, mantementos, obras públicas, garderías públicas, espectáculos culturais, subministración de auga, recollida de lixo, etc... Estes cambios están a provocar que as estruturas de persoal e de medios que hasta hai pouco dispoñía a maioría dos concellos se tiveran que adaptar practicamente de maneira prematura e sen tempo necesario para iso a todas estas novas necesidades que os cidadáns están xa demandando aos concellos. Nesta adaptación, hai que incluír evidentemente os servizos de prevención, ademais dos cambios provocados pola aparición de novos servizos a prestar por mor da descentralización administrativa, hai que sumarlle a profusa dinámica de xeración de normativa que a partir do ano 95 coa publicación da Lei de prevención de riscos laborais se produciu e que a unha organización con escasa capacidade de adaptación como son as entidades locais lles resulta dobremente dificultoso. A privatización de servizos está a mitigar e contrarrestar a falta de estrutura propia nos concellos pero isto trae consigo outros problemas desde o punto de vista da prevención como é a coordinación de actividades, non exenta de dificultades, a orixe da aparición dun número importante de riscos relativamente novos para os concellos. A meirande parte dos concellos da provincia de Ourense polas

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2019</b>
---

súas características tanto en número de traballadores como pola súa situación orzamentaria teñen grandes dificultades para dotarse de medios de prevención propios ou ben para concertalos con entidades especializadas adicadas a estas labores. Na maioría dos casos, nin sequera teñen capacidade para realizar a avaliación do riscos e moito menos planificar a súa actividade preventiva. A Deputación Provincial conta actualmente cun servizo de prevención de riscos laborais, composto por medios propios e alleos, no que se integran os técnicos correspondentes ás disciplinas preventivas de medicina no traballo, seguridade no traballo, hixiene industrial e ergonomía, psicoloxía aplicada así como persoal auxiliar e de carácter administrativo sendo entre outras unha das competencias desta Deputación Provincial a colaboración e cooperación coas entidades locais da provincia, consideramos imprescindible que a colaboración se estenda a esta materia. Por isto nós solicitamos un acordo moi sinxelo e moi claro, que a Deputación Provincial de Ourense aprobe unhas bases e criterios para o establecemento de convenios de colaboración entre esta e as distintas entidades locais da provincia para cooperar na realización da prevención de riscos laborais tanto na realización da avaliación como na planificación de actividade preventiva e na constitución de servizos preventivos mancomunados, facendo un baremo de atención no que se prioricen aquelas entidades de menor poboación e con medios económicos máis reducidos. De momento nada máis, moitas grazas.

A continuación prodúcese as seguintes intervencións:

**D. Armando Ojea Bouzo, do Grupo de Democracia Ourensana:** grazas presidente. Nós concordamos integramente co texto da moción do BNG, tanto na exposición de motivos como na parte dispositiva e imos a votar a favor da proposta. Fálase moitas veces, moitísimas veces falamos de que os concellos son as *cenicientas* das administracións. Por un lado, son as que se moven máis en precario en relación ao que é a financiación e os recursos económicos e por outro lado son os que en última instancia teñen a responsabilidade, sexa ou non da súa competencia formal, de axudar aos veciños, entón esa análise tense feito moitísimas veces e neste caso concreto, dos riscos laborais, pois unha nova axuda que deberían ter, xa digo nos termos en que os propón o Bloque, parécenos axeitado e correcto. Entón non teño moito máis que dicir que votaremos a favor.

**D. Adolfo González Nóvoa, do Grupo Socialista:** grazas Sr. presidente, bo día a todas e a todos. Na exposición que fixo o Bloque estamos de acordo tamén, simplemente

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2019</b>
---

matizar o que nos di o artigo 40.2 da Constitución Española que encomenda os poderes públicos como un dos principios reitores da política social e económica, velar pola seguridade e a hixiene no traballo. É verdade que os concellos veñen facéndose cargo como xa se mencionou tamén na moción de numerosas obrigas derivadas das normativas das administracións sen proporcionarlle fondos para financiarlos moitas veces. Por iso entendemos que a Deputación ten a obriga de acudir en apoio dos concellos, especialmente os de menor poboación, para poder prestar estes servizos para os que carecemos ás veces de medios propios. Consideramos pois necesario que a Deputación preste auxilio aos concellos da provincia para a realización dos plans de avaliación e prevención de riscos laborais a partir do servizo co que conta esta institución. De momento nada máis e moitas grazias.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular:** grazias Sr. presidente, falando de concordar, Sr. Rodríguez Suárez, non se sorprenda pero de entrada debo dicir que concordamos plenamente con vostede en varios aspectos da súa moción e é certo que os concellos desde fai xa tempo, a Dios grazias, deixaron de ser unha mera administración para a tramitación de papeleo para converterse en institucións prestadoras de servizos e en moitas ocasións verdadeiramente especializados e non vou a citar servizos pero todos sabemos a cales nos referimos. En todo caso, cos mesmos medios, con pequenos orzamentos reducindo persoal e coa imprescindible axuda da administración provincial e tamén da autonómica, mesmo da estatal melloráronse todos estes servizos de cara aos nosos concidadáns. Uns servizos que en máis ocasións das desexables, veñen derivados da aplicación de novas normativas, por citar algunha Lei de transparencia e bo goberno, administración electrónica, a Lei de protección de datos, e así un largo etcétera. E sobre todo, aquilo que digo eu, cando algunha administración, e non me refiro a esta precisamente pero si a autonómica ou a estatal cando algún tema nos está ocupando estes días nos medios de comunicación, pois é problemático, da forma máis habilidosa encárgaselle aos concellos que o arranxen e punto e xa está, balóns fóra como din por aí. Pero por si fora pouco, o caso que nos ocupa, a prevención de riscos laborais é un exemplo máis que debemos ter en conta os concellos, e a Deputación, como non, estar aí. En efecto, esta Deputación conta con un servizo de prevención propio por tratarse dunha administración con máis de 500 traballadores. Como reflectiu na súa intervención, contamos nesta casa con varias especialidades, por certo, entre as que non citou un

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2019**

Negociado de Saúde Laboral dependente do Servizo de Recursos Humanos que coordina as actuacións do servizo alleo que xestiona medicina do traballo, digo isto tan so como mera puntualización. Contamos cun un amplo departamento que traballa moi duro para atender múltiples obrigas de prevención derivadas de todos os centros e actividades que leva a cabo a Deputación, polo que permítanme recoñecer a gran labor que se desenvolve a diario polos membros deste Gabinete. Pero centrándonos na súa moción, Sr. Rodríguez Suárez, segundo a información que nos traslada o servizo desta Deputación a maior parte dos concellos da provincia teñen contratada a prevención con gabinetes alleos, non obstante, é frecuente que moitos concellos presenten solicitudes de asesoramento dos nosos técnicos para a contratación de empresas que lles xestionen a prevención así como tamén outro tipo de consultas relacionadas con esta materia, solicitudes e consultas, como non podía ser doutro xeito, que son convenientemente atendidas. Cabe apuntar iso si, que o Gabinete de Prevención da Deputación non podería xestionar estes servizos para os concellos xa que a Lei o impide por ter constituído a Deputación un servizo propio que só pode dedicarse de forma exclusiva á institución provincial, convén que teñamos presente este dato. O que si pode facer o noso Gabinete é realizar unha enquisa a todos os concellos para coñecer a súa situación real en materia de prevención ou o seu interese en formar parte dun servizo mancomunado. Nesa liña irán as nosas actuacións nos vindeiros meses e mesmo tamén poderíamos coñecer a posibilidade de contratar un servizo de prevención alleo que xestionase a prevención de riscos para todos os concellos interesados realizando a Deputación as labores de coordinación. Feitas todas estas puntualizacións xa lle anuncio Sr. Rodríguez Suárez que o Grupo Popular vai a votar a favor da súa moción, non so por estar de acordo coa necesidade de dar o máximo apoio aos nosos concellos se non porque o establecemento de convenios cos concellos en prevención de riscos laborais forma parte xa das propostas de goberno 72-73 deseñadas polo noso presidente para o próximo mandato e non dubide que así será. Conforme a esta proposta que fará o noso grupo, a Deputación consignará a necesaria dotación económica para desenvolver este convenio de colaboración que incluirán ademais, como ata agora, o asesoramento técnico, a resolución de consultas e como non o apoio económico. En resumen, cooperación máxima unha vez máis cos nosos concellos que é a nosa principal liña de actuación. Nada máis, moitas grazas.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2019</b>
---

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, voceiro do BNG:** moitas gracias Sr. presidente, nada, vou simplemente agradecer o apoio de todos os grupos políticos a esta moción. Tomo boa nota das explicacións do portavoz do grupo popular, e desde logo agardar que realmente teña plasmación na realidade, sirva para paliar ou solucionar esta problemática que existe nos concellos. Nada máis, agradecer o apoio de todos.

**D. Adolfo González Nóvoa, do Grupo Socialista:** solo unha matización que lla recordarei ao Sr. portavoz do Partido Popular, ao Sr. Plácido supoño que seguramente foi un lapsus, cando di cos nosos concellos quedaría mellor con todos os concellos, nada máis.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular:** Sr. portavoz do Grupo Socialista, eu sentido patrimonialista do que non é meu, non teño, case non o teño do que é meu. Referinme aos nosos concellos desta provincia, por Deus, moitas gracias.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 12º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: ver punto 12º.

Non se producen máis intervencións e por unanimidade dos presentes (23), o Pleno adopta o seguinte acordo:

Que a Deputación Provincial de Ourense aprobe unhas bases e criterios para o establecemento de convenios de colaboración entre esta e as distintas entidades locais da provincia para cooperar na realización de prevención de riscos laborais, tanto na realización da avaliación como na planificación da actividades preventiva e na constitución de servizos preventivos mancomunados, facendo un baremo de atención no que se prioricen a aquelas entidades de menor poboación e con medios económicos máis reducidos.

**13º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE UN REPARTO CON CRITERIOS OBXECTIVOS E CONVOCATORIA PÚBLICA DOS FONDOS PARA CONCELLOS FINANCIADOS CON CARGO AO REMANENTE DE TESOURERÍA NO ANO 2019.-**

O Sr. presidente cédelle a palabra ao Grupo Socialista para que expoña o contido da moción.

**D.ª Elvira Lama Fernández, portavoz do Grupo Socialista:** gracias Presidente, paso a dar lectura á exposición de motivos da moción que di o seguinte. No mes de setembro aprobouse por parte do Pleno o orzamento xeral da Deputación de Ourense.

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2019**

Algunhas das dotacións económicas dedícanse a plans e programas nos que poden ser beneficiarios todos os concellos a través dunha regulación e convocatorias publicas. Así acontece co escaso plan provincial de obras e servizos que aprobou a corporación na sesión do pleno do mes de decembro e nos que a Deputación dedica 4,4 millóns e 1,5 millóns a rede viaria provincial. Este plan provincial redúcese este ano, e parece irrelevante comparado, por exemplo, co da Deputación de Lugo que no ano pasado dedicaba 21 millóns ao plan único, é dicir, perciben cada un dos concellos entre 200.000 e 500.000 euros e 15 millóns á mellora de estradas incluíndo as municipais. Porén, distribúense con convocatoria pública e criterio obxectivo os fondos do plan de emprego, 1,8 millóns, ou o plan de mocidade, 0,5 millóns, o plan BenOurense e algún outro de menor importe. Sen embargo, hai que ter en conta que o principal obxectivo desta Deputación, e de todas, é dedicar as súas actuacións e recursos á cooperación cos concellos e garantir uns servizos municipais de calidade para todos os cidadáns tal e como establece o título III da Lei 7/85 de bases de réxime local que desenvolve o capítulo segundo do título oitavo da Constitución Española. Na Deputación de Ourense que conta con 82 millóns de orzamentos son escasos os que se distribúen con posibilidade de que poidan concorrer todos os concellos e se reparten cuns criterios coñecidos e públicos. De feito, no propio orzamento detállanse xa numerosas achegas concretas a diferentes concellos, concretamente 3,4 millóns dos orzamentos do ano 19 para necesidades comúns en calquera outro concello e cunha distribución partidista das 79 actuacións, dito sexa de paso 76 son para alcaldías do Partido Popular. A isto hai que engadir as cantidades que se inclúen nas diferentes modificacións orzamentarias con cargo ao remanente de tesouraría que se ten utilizado para dar subvencións discrecionais por importes que desfigurán o orzamento como tal. Só a primeira modificación de orzamento do ano anterior supuxo distribuír 14 millóns de euros sen que todos os concellos puideran presentar propostas de actuación, sen bases nin criterio coñecido e sen atender ás necesidades nin facer unha distribución xusta de os fondos públicos. Esta situación non pode continuar así, nin responde a unha administración pública democrática nin é unha utilización ética dos fondos públicos nin respecta os dereitos dos cidadáns. Por todo o anterior, formulamos ante o pleno a seguinte proposta de acordo: o importe de remanente de tesouraría que se dedique á subvención dos concellos se faga a través dunha convocatoria pública na que poidan concorrer todos os concellos e se distribúa

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2019</b>
---

a través de criterios de reparto obxectivos recollidos nas bases que aprobe o pleno desta corporación. De momento nada máis e moitas grazas.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, voceiro do BNG:** grazas Sr. presidente. A primeira dúbida que temos que é importante é que a día de hoxe descoñecemos cal é o remanente líquido de tesouraría aínda que todo indica que se vai a disparar por riba dos vinte, vinte e cinco millóns de euros, en todo caso, este aspecto desde logo non nos impide debater a moción. A Lei orgánica 2/2012 de estabilidade orzamentaria estableceu no seu artigo 32 os destinos dos superávits orzamentarios. Na redacción inicial o único destino era reducir endebedamento, con todo, isto foi corrixido posteriormente e a día de hoxe pois os destinos alternativos que posibilita a norma son tres basicamente: primeiro, atender obrigas pendentes de aplicar o orzamento contabilizadas a 31 de decembro do exercicio anterior, segundo, amortizar operacións de endebedamento, e terceiro, no caso de que se cumprira o previsto nos dous apartados anteriores e a Corporación tivese aínda así un saldo positivo, que é o noso caso, poderíase destinar a financiar investimentos sempre que ao longo da vida útil destes sexa financeiramente sostible. Facemos este preámbulo, estas consideracións porque entendemos que non hai ningún motivo para que a Deputación non poida destinar unha parte importante do seu remanente precisamente a financiar investimentos e se non é así que nos corrixa a interventora. É archicoñecida a nosa posición ao respecto da necesidade dun plan único na Deputación de Ourense, un plan que acabaría coa discrecionalidade a hora de repartir o diñeiro público, este plan, que xa levamos reivindicando pois desde hai xa practicamente dous anos, non foi ata o día de hoxe posible convencer ao grupo de goberno das súas bondades e por iso pensamos que na recta final do mandato si sería bo que o remanente se utilizara de xeito equitativo e non electoralista como vén acontecendo historicamente tendo en conta ademais que apenas quedan catro meses para a vindeira cita nas urnas. A nós o que si nos gustaría é formular *in voce* unha emenda para concretar un pouco máis a proposta do partido socialista que sería a seguinte: que o remanente de tesouraría se aplique para efectivizar o plan complementario do plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal e de estradas. Entendemos que a aprobación deste plan aprobado no pasado pleno permitiría axilizar os trámites para dispoñer de proxectos técnicos e así mesmo obter a declaración de utilidade

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2019</b>
---

pública naquelas actuacións que demanden a previa expropiación forzosa dos terreos para a execución das obras. En calquera caso, nós estamos, independentemente de que se lle aprobe ou non esta emenda que formulamos, estamos loxicamente a favor, fomos un dos grupos impulsores, co resto da oposición, desta iniciativa do plan único e desde logo como digo estamos a favor e imos a votar a favor en calquera caso da moción que nos presenta o Grupo Socialista. De momento nesta primeira intervención nada máis, moitas grazias.

**D. Armando Ojea Bouzo, do Grupo de Democracia Ourensana:** hola de novo, vaia por diante loxicamente que debemos aternos ao que diga a normativa, ao que diga a regra de gasto e no que se refire ao gasto do remanente de tesouraría. Con esa excepción, sempre cumprindo, sempre de xeito que sexa compatible coa regra de gasto parécenos bastante lóxico como xa se ten discutido máis veces, aquí tense falado moitas veces de criterios de reparto obxectivos, nalgún caso fíxose referencia aos criterios da FEGAMP coas consecuencias que todos coñecemos que tivo. Aquí non se fala duns criterios de reparto concretos, din os que aprobe no seu momento o pleno da corporación. O que pode ser obxectivo ou subxectivo sempre vai a ser discutible, pero en principio así en termos abstractos parécenos bastante lóxico sempre coa compatibilidade da regra de gasto, como xa dixen, que se distribúa a través de criterios de reparto obxectivos ese remanente. E a emenda que fixo o BNG deulle un pouco máis de concreción á forma concreta na que se podía repartir, falou de obras, tampouco nos parece mal nese caso, acollerémonos ao que faga o grupo propoñente a hora de aceptar ou rexeitar a proposta máis concreta do BNG. Nós tamén votaremos a favor da proposta tal e como figura na moción e aterémonos tamén na votación da medida proposta polo BNG ao que diga o Partido Socialista. Nada máis, grazas.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular:** grazias Sr. presidente, Sra. Lama Fernández, vaime permitir vostede e o resto dos grupos da oposición, incluso os meus compañeiros, que sexa reiterativo nos meus argumentos e que tampouco me estenda moito na miña exposición porque teño a sensación, e o digo con toda a sinceridade e algunhas cousas que escoito, que xa aburrimos aos cidadáns con este asunto, estou seguro que resulta cansiño. Recorda vostede Sra. Lama ¿cantas veces debatemos sobre este asunto dun xeito ou de outro? Eu creo que demasiadas pero claro, o de vostedes é facer barullo e a ver se así de algún xeito son capaces de desprestixiar unha xestión modélica, hai que dicilo,

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2019**

modélica deste presidente e do seu equipo de goberno no presente mandato, por suposto, coa necesaria colaboración dos técnicos e demais persoal desta casa. Farei unhas cantas consideracións co fin de aclarar dunha vez máis o noso modelo de xestión. De entrada, xa recoñecen vostedes que un ano máis contaremos cun importante remanente de tesouraría, polo tanto algo faríamos ben durante o exercicio 2018, digo eu. Outras entidades locais e sen citar a ningunha teñen que facer plans de saneamento ou adoptar medidas de verdadeira enxeñería financeira para poder saír do paso e podíamos citar dun bando e doutro, ou sexa que, sexamos prudentes. Na exposición de motivos da súa moción, Sra. Lama, refírese tamén ao expediente número un do ano dezaioito de modificación de créditos, argumentando que xa de aquela se utilizou, di vostede textualmente, se utilizou parte do remanente de tesouraría do ano dezasete para dar subvencións discrecionais que desfiguran, segundo vostede, o orzamento. Estou seguro Sra. Lama, e eu son ben pensado, algo inocente, estou seguro que vostede se refire a todos os concellos excepto aos que son do seu grupo ou doutros grupos que non son do PP e como fala vostede dese expediente permítame citar algúns: concedéronse axudas a 74 concellos pero dos cales, mire vostede Barbadás 200.000 €, Castrelo de Miño 100.000 €, Ribadavia 230.000 €, Verín 531.000 €, se atenden Sra. Lama, si, si, non, non, vostede compare, compare, se quere logo falamos de números que eu sonlle de letras pero algo de números aínda vou tendo, tranquila que falamos con sosego, con sosego, tranquila. Se atendemos ás peticións dos 74 concellos, poucas eu diría que case ningunha e por razóns que vostede non lograría entender, porque non as quere entender, quedaron sen atender, enténdame ben, non lle estou chamando ignorante nin moito menos, digo desde o punto de vista político, eu non falo aquí doutros temas, non como outros, eu falo só a nivel político, enténdaseme ben, e creo que xa me debían coñecer. Fan vostedes unha vez máis, por iso isto xa é cansiño, unha comparativa coas outras deputacións galegas, en especial con Lugo que eu tamén a fago de vez en cando pero menos que vostedes. Non é posible comparar Sra. Lama unha provincia con 67 concellos con outra de 92, empeceamos por aí xa. Tampouco esta Deputación con outra que ten o triple de orzamento, comparar provincias sendo Ourense a única cun concello de máis de 20.000 habitantes é pura demagogia. Como tamén o é comparar con este goberno outros que por exemplo, nin exercen por delegación competencial a recollida de lixo, nin xestionan directamente a conservación das vías provinciais. É arriscado andar en

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2019</b>
---

comparativas, Sra. Lama, eludindo facelas en ámbitos onde si sería máis factible realizalas, por exemplo, ¿que Deputación é a máis transparente?, xa sei que non lles gusta o tema pero aí está, ¿cal é a máis innovadora? ¿cal reduciu máis escrupulosamente o seu déficit? ¿cal ten o remanente de tesouraría ou vai ter, en breve, porcentualmente máis alto? ¿cal se caracteriza por un esforzo identitario vencellado á lingua propia, o noso galego como tesouro dun pobo? A xestión económica desta Deputación é modélica, repítoo, e o digo alto e claro. Seus plans provinciais son 100% sufragados pola Deputación, o plan de obras e servizos, o plan de empregabilidade, o de actividades relacionadas coa mocidade, o de rozas, o plan BenOurense, e todos cunha aportación idéntica para todos, como sucede co plan de axuda á natalidade ou coas distintas convocatorias de subvencións por concorrencia competitiva. Dígame unha cousa Sra. Lama, ¿que fan os concellos onde gobernan vostedes nas súas administracións? ¿é todo lineal? ¿fan un plan de investimentos por parroquias e asignan o mesmo a todas elas? e as outras administracións públicas, logo lle darei uns datos porque agora hai que disparar para todos os lados, as outras administracións públicas, alguén pode dicir aquí se a Xunta de Galicia, gobernada por o Partido Popular ou o Goberno central, governe quen governe, ¿pode garantir como si fai a Deputación, que todos os concellos terán investimentos garantidos todos os anos e en todas as áreas de xestión? espero que me conteste. En resumen Sra. Lama, sen acritude, como diría aquel insigne presidente do seu partido, facemos unha xestión económica eficiente aínda que este argumento non sexa moi ben entendido, non está o Sr. Pérez Jácome porque non o entende, máis ben non o quere entender. E chegamos a ese remanente de tesouraría polas razóns técnicas que se chega, que é totalmente imposible ás veces gastar no 100% todas as partidas pero tamén por a boa xestión do Sr. presidente e do seu equipo de goberno. ¿E que facemos con ese remanente de tesouraría? Pois miren, por unha parte amortizar créditos coa clara intención de chegar á débeda cero en maio do presente ano, que así será, porque así o prometeu o presidente e nós con el chegaremos a ese cumprimento estrito, unha situación financeira, que sen dúbida, permitirá afrontar no futuro máis investimentos. E por outra banda, ese remanente nos permite atender as demandas e peticións de apoio que todos os días lle chegan ao presidente da Deputación. Concellos, asociacións, entidades deportivas e culturais e todo tipo de colectivos son recibidos polo presidente que escoita e recolle, como non podía ser doutro xeito as súas peticións. Peticións por certo, que son valoradas,

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2019</b>
---

priorizadas e que atendendo á súa viabilidade finalidade serán ou non reflectidas nos correspondentes expedientes de modificación de crédito. Repito outra vez, que llo digan aos alcaldes que citei anteriormente que opinan ao respecto, e citei estes pola contía da modificación porque é importante e se referiu vostede a elas e que por aquilo que vostede di tamén da discrecionalidade e da falta de cor política. Se hai máis concellos populares e isto deberían recoñecelo, se hai máis concellos populares beneficiados é porque tamén somos moitos máis os que gobernamos baixo as siglas do Partido Popular, pura aritmética, Sra. Lama. E tampouco esqueza que as portas desta Deputación e digo non o esqueza nin vostede nin os seus compañeiros, as portas desta Deputación, xa o dixen máis veces, están permanentemente abertas a todos os alcaldes da provincia para que presenten os proxectos que consideren de interese para os seus concellos máis aló dos plans anuais de cooperación e programas que este goberno provincial pon a súa disposición, e exemplo de que están abertas, incluso a través das redes sociais, nalgún punto que aprobamos antes da ampliación de prazo foi a instancia dun alcalde precisamente do seu grupo e non poñemos nomes, o Sr. presidente está a disposición de todos, outra cousa é, con perdón da expresión, que alguén lle teña *repelús*. En resumen, as subvencións nominativas teñen carácter excepcional, é certo, pero a súa concesión en ningún caso se fai por capricho ou por ditado de ninguén, todo o contrario, o seu outorgamento faise sempre unha vez valorada a súa viabilidade e demais circunstancias que as motivan, técnicas, económicas e tamén sociais. E de momento, nada máis e moitas gracias.

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández, portavoz do Grupo Socialista:** moitas gracias presidente, puntualizarlle unhas cantas cousas. Di que somos reiterativos, que resulta cansiño e que o que queremos é facer barullo, voulle desmontar as tres afirmacións que acaba de facer e por outra banda voullas desmontar tranquilamente porque me parece que as vai entender un pouquiño mellor. Esta moción que hoxe presentamos demanda un acordo plenario, aínda que sabemos que a súa vontade é sempre a mesma, non lles interesa pero non lle interesa ao presidente que distribúe os fondos como si fora a súa graciosa maxestade e tampouco lles interesa aos que están sentados nesa bancada e despois direille por que. Queremos desta volta facelos reflexionar e o mellor non é o mellor exemplo co que lle vou a poñer, pero vostede, presidente, que se nega en rotundo a facer un plan equitativo nesta Deputación tal como lle vimos demandando amplamente e cansiñamente con criterios

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2019</b>
---

obxectivos para a distribución dos cartos que manexa con orzamento, que son moitos, e aquí o que se demanda é que o remanente de tesouraría que se dedique a subvencións dos concellos se faga a través de convocatoria pública e duns criterios e dunhas bases aprobadas por este plenario. Que se faga un criterio e un reparto equitativo en función de criterios de poboación, de dispersión e outros que se consideren oportunos, consensuados entre os grupos, parece que lle estamos pedindo un imposible, pois non é así e llo vou a demostrar. Vostede, presidente, que se pasea tanto polo mundo, ben podería copiar os modelos que se poñen en práctica noutras deputacións da súa mesma cor política, deixemos de falar xa das galegas que non lle gusta nada ao Sr. Plácido cando llas nomeamos. ¿Porque non copian da Deputación de Alacante onde lograron un acordo as forzas políticas do PP, do PSOE e de Compromís, en xullo de 2018 para repartir o remanente de tesouraría entre todos os concellos desa provincia? Por exemplo, *el pleno de la Diputación de Alicante aprueba por mayoría el reparto de 15 millones de euros entre 90 municipios de la provincia, los grupos del PP, PSOE y Compromís impulsan una moción conjunta que establece el reparto de las inversiones financieramente sostenibles, los grupos mayoritarios de la Diputación de Alicante han aprobado hoy en pleno extraordinario una moción conjunta que establece el reparto, Sr. Plácido, de 15 millones de euros entre más de noventa municipios de la provincia.* É dos seus, son 90 concellos, sonlle 15 millóns de euros e seguramente concellos bastante máis poboados que os nosos, polo tanto, isto que lle pedimos non é un imposible, nin é un capricho, nin é facer barullo. Díciñolles isto para que teña en conta que vostede, que presume de ser o primeiro en todo Sr. presidente, como se fora o alumno avantaxado, neste tema hai deputacións do seu partido que nos dan a razón no que lles demandamos con esta moción e vostede segue a manter a mesma postura no reparto propia de comezos do século pasado. Vostede que fachendea como provincia intelixente non está aplicando a intelixencia en termos económicos para facer que todos os ourensáns con independencia de onde vivan e de quen os governe ou en que concello estean empadroados teñan os mesmos dereitos e a mesma calidade nos servizos. Sr. presidente, ninguén mellor que os alcaldes nos seus concellos saben o que necesitan os seus veciños, ninguén. Ninguén coma os alcaldes saben que obras e que infraestruturas fan falta en cada recuncho e en cada núcleo do rural. Ninguén coma os alcaldes de cada concello coñece cales son e como son as empresas que necesitan facer traballos para as administracións locais para manter en activo

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2019</b>
---

a súa propia empresa, os seus traballadores e que estes leven de comer a súa casa. Moitas de esas pequenas empresas dependen de facer ou non facer obras, de prestar ou non prestar servizos para seguir tendo actividade e non ter que despedir a eses traballadores. Non é de recibo Sr. Plácido por moito que nos chame teimudos e cansiños que esta institución, con este presidente ao fronte se comporte como un virreinato, como os alcaldes veñen aquí a pedir esmola moitas veces e a renderlle pleitesía, que parece ser que lle gusta. Vostede Sr. presidente, non é ningún virrei nesta provincia, a vostede puxérono aí para dirixir esta Deputación que ten como finalidade colaborar e cooperar cos concellos, deixo os números, porque eu tamén son de letras Sr. Plácido, para a miña última intervención. De momento nada máis e moitas gracias.

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, voceiro do BNG:** grazas, Sr. presidente, moi brevemente, simplemente para responder un par de cuestións porque este debate é un debate reiterado, xa o temos abordado en múltiples ocasións desde aquel pleno extraordinario e simplemente lembrar, vostedes sempre fan referencia a esa brillante xestión que desde outro punto de vista poderíase entender que un 25%, 30% de orzamento ano tras ano quede sistematicamente sen executar, pódese entender coma a emenda á totalidade do seu propio orzamento porque son cifras desde logo que non teñen excesivamente esaxerado, atendendo a que normalmente cando formulamos calquera tipo de iniciativa na que se pida que esta Deputación colabore con orzamentos, con cartos, con recursos, se nos di que hai que medirse, que non hai cuartos e que non hai recursos, sistematicamente vostedes están deixando sen executar, dentro de esa brillante xestión un 25% ou 30% do orzamento para reservalo despois para o ano seguinte. En cuanto ao que nós reivindicamos que é o plan único, e que seguimos sen entender como son vostedes tan recios a poñelo en práctica. Nós non estamos pedindo que a totalidade da cooperación da Deputación se faga neste plan, estamos pedindo unha parte, significativa, pero unha parte que se reparta en base a criterios obxectivos e volvo a reiterar obxectivos, desde logo o que temos agora mesmo, a nós non nos vale que un concello como o concello de Xinzo ou concellos grandes que teñen moita máis poboación que atender e darlle servizos reciban dos seus plans pois os mesmos cartos e os mesmos recursos que concellos máis pequenos e de aí partía a nosa proposta de que se aplicaran eses criterios que propón a FEGAMP (superficie, núcleos de poboación, poboación e índice de envellecemento) repartiríamos os

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2019</b>
---

recursos atendendo á realidade de cada concello e non como se fai actualmente. Despois, outro dos grandes obxectivos do plan único que nós propoñiamos era que os concellos dispuxeran previamente dunha cantidade relativamente importante de recursos que achegar ao seu orzamento para poder planificarse e que esa cantidade fora coñecida, obxectiva e puidera ser incorporada nos propios orzamentos dos concellos para atender as finalidades que demandan os veciños. Eu creo que non é tan difícil de entender e seguramente tampouco tan difícil de aplicar porque noutros sitios non so, como explicou a portavoz do Grupo Socialista, do noso país, senón no resto do Estado, se está aplicando. Desde logo, seguimos sen entender e vostedes por moito que o intentan seguen sen explicarnos en que é mellor o seu plan actual de reparto discrecional e mesmo lineal para todos con respecto ao que nós propoñemos, e sobre todo, a uns convenceranos pero a calquera alcalde medianamente interesado por defender os intereses dos seus veciños pois tampouco o entendería. Nada máis, moitas gracias.

**D. Armando Ojea Bouzo, do Grupo de Democracia Ourensana:** hola de novo, dicía o Sr. Plácido, xa o adiantara eu, que este tema tense tratado bastantes veces, isto do reparto mediante criterios obxectivos, pero voulle dicir unha cousa Sr. Plácido, tratouse todas as veces que dixo vostede menos unha, porque unha das veces que se tratou cambiaron vostedes a natureza do concepto a tratar, cambiaron o punto da orde do día e acabouse falando da reprobación dun presidente da FEGAMP, cousa que como todos saben foi recriminada pola xustiza, e se falou todas as veces menos unha. Non está Jácome pero estou eu para recordar que nós non creemos que o mero feito de ter remanente implique boa xestión, nunha empresa privada si, nunha empresa privada que haxa beneficios normalmente é síntoma de boa xestión. Se unha empresa despois de pagar axeitadamente aos provedores, aos empregados, pagar os seus impostos etc... ten beneficios, é o termómetro de que esa empresa ten un balance positivo entre os *inputs*, entre o que consumiu e o que lle entregou á sociedade. Os beneficios nunha empresa privada pensamos que é o termómetro de que as cousas se fixeron ben. Pero o remanente de tesouraría nunha deputación é soamente síntoma de que non se gastou. E eu estaría de acordo en dicir que o remanente de tesouraría era síntoma de ter feito unha boa xestión se eu vira todas as estradas da Deputación arranxadas, todos os servizos cubertos, todos os concellos servidos no que se refiren ás competencias da Deputación, ou sexa, se viramos que na provincia todo

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2019</b>
---

está perfecto e aínda encima sobraron cartos, entón si que poderíamos dicir que a existencia desa remanente é síntoma dunha xestión idílica, pero non é así, nós vemos moitísimas deficiencias por toda a provincia por moitos conceptos, basta con ter dous ollos na cara, entón o que quere dicir a existencia dese remanente é sinxelamente que non se gastou ou non se gastou de forma axeitada, os servizos seguen sen prestarse e sobraron cartos pero iso nada máis. ¿Nós que pensamos? Pois temos a mesma sospeita que teñen o resto dos partidos da oposición, que se fan obras coa finalidade de que haxa un remanente para gastar de xeito discrecional dentro do que permite a regra de gasto, para premiar ou castigar segundo parámetros políticos, non os que di o Sr. Plácido. O Sr. Plácido di que as subvencións nominativas danas segundo criterios técnicos, sociais e económicos, pois mire faltoulle por dicir políticos que son precisamente os que nós pensamos que son os que se aplican á hora de repartir esas subvencións nominativas. Porque se realmente foran esas subvencións nominativas concedidas mediante criterios técnicos, sociais e económicos, entón poderíamos estar dentro do que se cualificaría como repartos obxectivos que é o que precisamente pide a moción, porque estes criterios son bastante obxectivos, digo bastante porque a obxectividade absoluta non creemos que exista, desde o momento en que somos seres humanos é temos intereses a obxectividade non... a obxectividade é para os anxos que non teñen necesidades nin intereses. Nós pensamos que a verdadeira existencia do remanente é esa, dispoñer dunha cantidade a repartir de xeito discrecional por parte do goberno. Eu voulle dar un consello, Sr. Plácido, xa lle dixen outra vez, cando vostede se pon a cantar as excelencias da xestión do seu presidente e do seu goberno sempre me digo, fállalle poñelo en verso, como Homero cando cantaba as excelencias de Aquiles e de Ulises, entón mire, a próxima vez déalle esa moción a algún poeta que hai por aí, hai moito poeta necesitado de recursos económicos, e dígalle, mire págoche tanto e ponmo en verso, ponme en verso todo isto que vou a dicir da xestión do Partido Popular e do presidente Baltar, ponmo en verso e queda polo menos para a historia, podería quedar nos anais da literatura galega tamén. Nada máis que dicir, sinxelamente, que votaremos a favor da proposta do PSOE e non entendín que se manifestasen ao respecto da emenda do BNG. De momento nada máis, gracias.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular:** grazas, Sr. presidente, Sra. Lama eu non sei, quizais vostede intente desmontar non sei o que, pero non percibín

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2019**

que vostede desmontara nada, máis ben a vin desnortada que non é o mesmo porque está vostede nesas bancadas, non nestas, é dicir, vostedes teñen a responsabilidade de oposición e nós a do goberno, entón a ver se vostede se trabucou nese aspecto, o demais perdóeme pero non percibín que vostede desmontara nada, aínda o pode facer. Sr. Ojea, nese pleno extraordinario ao que vostede se refire, tratáronse dúas cousas, unha a que vostede di e a que nos ocupa hoxe tamén, faga vostede memoria, e lle demos bastantes voltas, non o esqueza. E logo, fala do remanente, de que non gastamos, mire, o remanente efectivamente resulta de que é practicamente imposible axustar ao 100% o gasto das partidas, practicamente imposible, pero tamén de maiores ingresos que a capacidade de xestión do Sr. presidente está aí, e exemplos hai para que ese remanente tamén se incremente con maiores ingresos. E claro que hai necesidades na provincia, se non para que estamos aquí, agora os avances son claros e contundentes, e vostede que presume de coñecer ben a provincia darase conta de que é así. ¿Verdade que hai uns cantos anos o mundo do rural, desgraciadamente, era outro? Había máis xente pero había moitas máis necesidades de infraestruturas que hai hoxe, desgraciadamente. E iso de facelo en verso, hoxe pode que non, iso vai a pasar aos anais da historia desta Deputación, o pleno preguntou, como dei en chamarlle eu, e vou intentar tamén un día facer uns versos de cara ao Sr. presidente para pasar eu tamén e os versos á historia, déixeo da miña conta que intentarei facelo aínda que me queda pouco tempo. Miren vostedes, este goberno provincial o que está a facer e seguirá facendo co remanente de tesouraría é unha distribución do diñeiro público, froito, repito unha vez máis, dunha boa xestión do noso presidente e do seu equipo, dun xeito prudente esa distribución, dun xeito prudente calculado para atender as necesidades e as demandas dos nosos concellos, doutras entidades de interese social tamén de interese económico e como non tamén do propio funcionamento desta Deputación. É o que nos toca facer porque así o decidiron, Sra. Lama, outra vez, porque así o decidiron os cidadáns, xa sei que me vai a dicir que as maiorías non dan dereito a todo, incluso tampouco as minorías, logo falaremos algo diso, convén que isto non se esqueza, non hai máis volta de folla, Sra. Lama. Nós gobernamos e no exercicio desa responsabilidade o facemos con todo o dereito do mundo e decidimos a estratexia de goberno que queremos desenvolver con total seriedade, serenidade tamén, a que lle pedín a vostede, e segundo os obxectivos claramente definidos no plan Ourense 15-19 que o citamos moito porque existe, vostedes acaba a

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2019**

lexislatura e non sei si o tiñan pero non o deron a coñecer. Todo isto por suposto, como ben saben baixo o máis absoluto respecto da autonomía municipal e sempre co obxectivo prioritario da máxima cooperación cos pequenos concellos, non vou dicir os nosos que logo don Adolfo me recrimina. Xa o dixemos por activa e por pasiva pero vostedes teiman e é verdade Sra. Lama, teiman á menor oportunidade que teñen en pretender dirixir esta institución outra vez co xa cansiño plan único e a equiparación, que está tan de moda agora, coas outras deputacións galegas, so un apunte, Sra. Lama, eu lle dei aquí un día uns datos moi significativos cando na Deputación de Lugo, que vostede cita, había un goberno de coalición entre o Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego, logo aquilo recompúxose dunha maneira un pouco estrambótica e lle dixen como repartían as subvencións nominativas nos distintos concellos de Lugo, os 67, se quere aínda lle sigo pasando aqueles datos porque vostedes predicán unha cousa cando están no goberno e outra totalmente distinta cando non están, de aí que os cidadáns tomen nota, espero que proximamente o sigan tomando. Repito señoras e señores deputados da oposición, a responsabilidade de goberno correspóndelle ao Grupo Popular e ao seu presidente, porque así o decidiron, de maneira clara e contundente, os cidadáns desta provincia e iso precisamente, é o que vimos facendo no actual mandato, buscar sempre, a máxima cooperación cos concellos e coas distintas entidades e colectivos da provincia con total determinación e, asegúrollo, nese camiño estamos e nese camiño seguiremos estando. Moitas grazas e antes solo como un apunte, permítame Sr. presidente, porque claro, estes discursos de branco nun sitio e negro noutro, simplemente me vai permitir que nun par de minutos, me refira ao Sr. presidente de todos os españoles, parece que de todos non, duns cuantos, don Pedro Sánchez, dado que lle retira investimentos aos galegos nun 19%. Os investimentos en Cataluña medran un 67% e en Valencia un 60%, Galicia en números redondos perde, con respecto ao ano pasado 182 millóns de euros, recórdolles aos señores do Partido Socialista que cando se presentaron os orzamentos xerais do Estado do pasado ano 2018, os cualificaron como nefastos, así foi a palabra, para Galicia, porque as inversións solo subían un 1%, non baixaban, subían un 1%, agora que están vostedes gobernando na Moncloa, parece ser, as inversións baixan un 19%, como digo e a porcentaxe total de investimentos do Estado que vai para Galicia pasaría dun 9,2 a un 6,2 e cito un dato curioso. No seu día, cando o Presidente Touriño e o Vicepresidente Quintana

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2019</b>
---

negociaban aquel estatuto de nación, que alá quedou, para Galicia, ambos consideraban que era imprescindible que Galicia recibira un 8% dos investimentos territorializados do Estado, semella que aos socialistas e tamén digo que ao BNG se lle esqueceu aquel criterio. Pregunto, e sen acritudes Sra. Lama, ¿como lle chamarían vostedes a isto: discrecionalidade do Sr. Sánchez ou máis ben manifesta discriminación? Moitas gracias.

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández, portavoz do Grupo Socialista:** imos por partes, o caso é falar doutras cousas neste punto, temos dereito a falar de todo, voullo a poñer negro sobre branco agora mesmo. A vostede, Sr. Plácido, vaille moi ben e o presidente prefire ter un plan Baltar, un plan deseñado para favorecer a uns concellos máis ca outros, dependendo do alcalde que estea ao fronte e premiando con suculentas cantidades de cartos aos máis amigos, dos cales moitos están sentados aí nesa bancada e lle vou dar datos porque eu tampouco son de matemáticas pero algo de números tamén lle sei. Son vostedes deputados en detrimento doutros que non están e teñen que conformarse co aguinaldo mentres a uns lles toca a lotería, así de vez en cando e agora vou a pasarlle a ler uns datos. Concello da Veiga, no orzamento 110.000 €, na primeira modificación de crédito 213.000 €, total 323.000 €, número de habitantes 904, tocan por cabeza a 357 € por habitante, espere. Segundo no *ranking*, Concello de Muíños 254.000 € no orzamento, 148.000 € na primeira modificación, total 402.000 €, número de habitantes 1.486, tocan a 270 € por cabeza. Terceiro no *ranking*, Concello de Baltar, 198.000 €, 968 habitantes, tocan a 204 € por cabeza, fálolle do orzamento do ano pasado e da primeira modificación de crédito, iso élle o plan Baltar. Cuarto concello, Oímbra 135.000 € no orzamento, 191.000 € na primeira modificación de crédito, total 326.000 €, número de habitantes 1.766, tocan a 184 € por habitante, ¿sígolle contando? Ese é o *ranking* dos que están aí sentados, logo despois están os que reciben as esmolos. Concello de Gomesende, 48.000 €, número de habitantes 1.134, tocan a 42 € por habitante, concellos do Partido Popular. Xinzo de Limia, 142.000 € no orzamento, 221.000 € na primeira modificación de crédito, por certo á que esta deputada votou en contra polas razóns que explico sempre, queremos criterios xustos e obxectivos, os mesmos que estamos demandando hoxe, non hai nada novo, somos cansiños, esta lexislatura está a piques de rematar pero en outras vanlles seguir coa mesma cantinela, non teña dúbida; Concello de Xinzo 363.000 €, tocamos a 36,90 € por habitante. Concellos do Partido Socialista, O Barco de Valdeorras 54.000 €, número de habitantes 13.463, tocan a

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2019</b>
---

4,016 € por habitante. Concello do Carballiño, 61.000 €, 13.933 habitantes tocan a 4,37 € por habitante, iso élle a forma de repartir os cartos do orzamento e as modificacións de crédito que se fan durante o ano desta Deputación e deste presidente. Polo tanto, non veña a dicir vostede, que fan unha magnífica xestión porque moitos dos seus alcaldes de concellos pequenos non lles parece que sexa unha magnífica xestión, porque iso por falar dos que lle toca algo que aínda hai algúns que non lles toca nada, Beade, Taboadela, Vilariño de Conso, Vilar de Barrio e dos do partido socialista tamén Calvos de Randín, Carballeda de Avia, Castrelo do Val, Coles, Maside, Parada de Sil... ¿quere que siga? podemos estar aquí toda a mañá pero non queremos aburrir á xente que nos está escoitando nin aos medios de comunicación. Polo tanto, vir fachendeando dunha boa xestión, moitas veces por obriga do cumprimento legal que ven imposto desde Madrid... e despois vou con Pedro Sánchez e coa súa inversión na provincia e cos orzamentos que están en trámite parlamentario, por certo, que xa podían votar a favor, xa que tanto lle piden agora a Pedro Sánchez. Fai vostede, Sr. presidente, coa súa vontade nesta provincia que haxa ourensáns de primeira, de segunda entre os seus alcaldes, e de terceira e de cuarta entre os alcaldes que non son do partido popular. E isto, presidente, conculca os máis elementais principios de equidade recollidos na Constitución Española *Título 1º: De los derechos y deberes fundamentales*, artigo 31 apartado 2: *el gasto público realizará una asignación equitativa de los recursos públicos y su programación y ejecución responderán a los criterios de eficacia y economía*. ¿Podería vostede, Sr. Plácido, como portavoz do grupo, ou podería vostede, presidente, explicarlle aos cidadáns desta provincia aos que gobernan vostedes que son cen mil aproximadamente e os que non gobernan que son outros cen mil aproximadamente a razón desta asignación por concellos dos recursos que manexa esta Deputación? seguro que non o van entender, por que os habitantes do seu concello perciben por cabeza os euros que lle acabo de comentar e por que os habitantes do meu concello ou doutros concellos do propio Partido Popular reciben catro euros. ¿Son vostedes capaces de explicarllo? Pois diso é do que tratan os criterios obxectivos. E con respecto ao que me fala dos orzamentos que son os malos, malísimos da historia, e os peores dos que se teñen presentado, mire para podelos poñer en marcha o primeiro que teñen que facer vostedes é apoialos, e en segundo lugar, voulle dicir unha cousa, os orzamentos, e o estamos demostrando coas modificacións que se fan nesta casa, os orzamentos do Estado unha cousa é orzamentar e outra cousa ben distinta é

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2019</b>
---

executar. Porque mire, recórdolle que en anos anteriores o Sr. Rajoy orzamentou moitísimo para Galicia, ¿canto de aquilo que se orzamentou se executou realmente? ¿Sacounos da creba? Si, rescatando aos bancos cos cartos de todos os españois, aínda que vostedes seguen negando a maior de que non fomos rescatados, non. Deixemos o debate do estado da nación para aquel foro, deixemos o debate dos orzamentos xerais do estado para o foro onde lle corresponde e falemos dos cartos desta institución que é do que temos que falar aquí, pero claro a vostedes non lles interesa e menos aínda ao presidente. Con respecto á emenda *in voce* que presenta o compañeiro do BNG, non a imos a aceptar porque consideramos que a proposta de acordo está bastante clarificadora, bastante ben documentada e argumentada neste debate polo tanto a proposta de acordo vai ser a que presenta o Grupo Socialista. Nada máis e moitas gracias.

O contido íntegro das intervencións transcricas anteriormente recóllese no punto 13º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: ver punto 13º.

Non se producen máis intervencións, someténdose a votación a moción, que resulta rexeitada ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (8), de Democracia Ourensana (1) e do BNG (1) e o voto en contra do Grupo Popular (14).

**14º.- MOCIÓN DE DEMOCRACIA OURENSANA PARA A PARALIZACIÓN DO NOVO PROXECTO DE ESTACIÓN DO AVE A OURENSE, RECUPERANDO NO SEU LUGAR O PROXECTO GAÑADOR DO CONCURSO DE 2011 “AS BURGAS 11.11.11”.-**

O Sr. presidente cédelle a palabra a Democracia Ourensana para que expoña o contido da moción.

**D. Armando Ojea Bouzo, do Grupo de Democracia Ourensana:** grazas de novo, imos a tratar un tema que estou seguro que xa coñecen todos vostedes porque é un tema que xa vén de bastante atrás, unha moción que tamén levamos ao concello, vou facer unha recompilación histórica aínda que estou seguro de que case ningún de vostedes o precisaría ou ningún de vostedes e tamén dou por suposto que leron a moción pero vouna ler, vouna tratar outra vez aquí. Desde o primeiro momento en que se formulou a chegada do tren de alta velocidade a postura de Democracia Ourensana foi a de aproveitar esa enorme cantidade xenerosa de diñeiro que viría para facer a estación, para eliminar a fenda, a ferida

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2019**

que produciu no seu día a chegada do ferrocarril á cidade, que foi separar os barrios de Ponte Canedo e de Peliquín e aproveitar como digo para soterrar as vías como se fixo noutras moitas cidades polo visto con máis capacidade reivindicativa que a nosa. Hai que lembrar que en algunhas cidades, concretamente do País Vasco, o debate á hora de esixir o soterramento das vías durou menos dun minuto, alí tiñan bastante claro o que querían, tamén as mobilizacións sociais foron fortes, nalgunhas cidades se conseguiron inversións de soterramento das vías que fixeron, que converteron aquelas cidades en máis amigables e máis humanas. Aquí tamén nós pedimos desde o primeiro momento o soterramento das vías e curiosamente o Partido Popular tamén apoiou en varios momentos, en varias manifestacións, que convocamos desde Democracia Ourensana, o Partido Popular a través de representantes presentes apoiou tamén o soterramento das vías no seu momento, pero chegou o ano 2011 e automaticamente o Goberno de Madrid parece ser que lle deu carpetazo definitivo a esa posibilidade, e non se considerou máis a posibilidade do soterramento. Despois, tamén no ano 2011 un goberno do Partido Socialista na cidade sacou un concurso como todos vostedes saben, e un equipo de arquitectos encabezados por Norman Foster gañou ese concurso, un proxecto chamado As Burgas 11.11.11 que aínda que non contemplaba o soterramento, contemplaba un cubrimento das vías que non era excesivamente agresivo co entorno e que ademais solucionaba, ao mellor non de forma tan boa coma o soterramento, pero solucionaba a permeabilidade entre os dous barrios que hoxe por hoxe separa a praia de vías. Ese proxecto foi sistematicamente defendido polo goberno do Partido Socialista na cidade, naqueles momentos gobernaban, e foi sistematicamente defendido cando xa non gobernaban na cidade, cando despois gobernaba o Partido Popular en Madrid, como vostedes saben, seguía o Partido Socialista municipal, o grupo municipal defendendo a estación de Foster, como se lle chama coloquialmente. Hasta o punto de que o portavoz do PSOE no concello vinculou ese proxecto ou que se executase ese proxecto ao apoio do Plan Xeral de Urbanismo, algo curioso. Sen embargo cando cambiou o goberno en Madrid, automaticamente o Partido Socialista deixou de apoiar esa estación de Foster e digamos que se apuntou ao proxecto que hasta ese momento cualificaba dun pendello, o proxecto integrador da estación intermodal, esa é unha cousa que xa nos chocou bastante, aí si que lle teño que dar a razón, amólame darlle a razón ao Sr. Plácido antes cando dixo que a veces hai un discurso e a veces hai outros segundo quen

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2019</b>
---

goberne en Madrid. Nós unha vez desfechado, esgotado o soterramento, como dicimos sería a nosa mellor opción, de feito presentámonos no 2016 á Xunta entre outras cousas para ter suficiente poder na administración autonómica para poder esixir aínda esa opción do soterramento, como todos vostedes saben non acadamos a representación suficiente, en realidade non acadamos ningunha representación, esperemos que nas próximas xa non sexa así. Entón nós seguimos insistindo como é o caso no momento desta moción en que polo menos como mal menor queremos insistir en que se manteña ese proxecto As Burgas 11.11.11. e esperamos, hai que dicir que o proxecto de estación intermodal aparte de ser rexeitado por nós, ser rexeitado polo PSOE hasta datas recentes, foi tamén rexeitado con diferentes argumentos polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, por diversas asociacións veciñais, etc. A nosa proposta é que desde a Deputación Provincial se inste á Xunta de Galicia e ao Ministerio de Fomento a que de xeito inmediato se paralice o novo proxecto da estación de AVE en Ourense, procedendo a recuperar, aprobar, executar o proxecto gañador do concurso de 2011, As Burgas 11.11.11. Como digo, esperamos polo menos o apoio do Partido Socialista nesta moción porque é obvio que non poden cambiar de opinión solo porque en Madrid cambiase o goberno. Nada máis de momento, gracias.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, voceiro do BNG:** moitas gracias Sr. presidente. Antes de ir ao punto concreto da orde do día, aproveitando tamén que esta semana coñecemos que se declaraba o entroido de Xinzo como festa de interese turístico internacional, unha boa noticia creo que para todos, é o terceiro *carnaval*, entroido, que ten esta característica despois do de Canarias e o de Cádiz, o de Xinzo. Digo que aproveitando esa circunstancia, aproveitando que tamén nos achegamos ás datas do entroido, eu ao que animaría moi vivamente a todos os deputados e deputadas do Grupo Popular é a que fíxeran unha charanga e se presentaran ao festival humorístico que por certo este ano tamén se recupera. Digo que teñen aí un bo fío do que tirar, Rajoy nos salvó, Pedro nos discrimina, eu animaríaos a que se presentaran ao festival humorístico do entroido. Indo xa ao punto da orde do día, eu téñolle aquí isto, eu creo que vendo isto simplemente, temos aquí catro titulares, non facía falta nin intervención nin dicir nada máis. Do ano 2011, “cerca de un millar de persoas reclaman que se soterren las vías del AVE en Ourense, reclaman que se convoque un concurso de propostas, el portavoz del Partido Popular en la comisión de

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2019</b>
---

infraestructuras Celso Delgado recuerda que tendrán AVE soterrado Vigo, León, etc. El PP retomará la idea de soterrar el AVE si gobierna tras el 20N” ano 2011. Ano 2018, “PSOE: no queremos un pendello sino una intermodal digna”. Miren o ano 2018, “el Partido Socialista renuncia a tumbar el proyecto de la estación intermodal”. Eu creo que non facía falta seguir, de todas maneiras, si o vou a facer, vou entrar un pouco máis polo miúdo. Miren, o que está a acontecer co debate da estación intermodal é o enésimo exemplo de para que valen as forzas políticas de ámbito estatal, acabamos de velo, xa se fixo algo de referencia no proxecto dos orzamentos do estado. As hemerotecas, teño aquí algún exemplo, non menten, o Partido Popular fixo bandeira do soterramento saíndo á rúa detrás dunha pancarta, está aí o Sr. Rosendo que non me deixará mentir, despois aproveitando o traspaso de poderes do goberno do Partido Socialista ao Partido Popular aproveitaron para paralizar o proxecto, *donde dije digo Diego*; o que resulta máis incomprensible se cabe é que o Partido Socialista, valedor do proxecto de Foster, que defendeu por activa e por pasiva que o desenvolvemento da cidade estaba vencellado a el, agora que chegou ao goberno decide apostar por un proxecto á baixa que nin tan sequera se parece a unha copia mala do de Foster que defende o grupo de goberno do concello, ver para crer. Dedúcese da iniciativa de Democracia Ourensana que agás eles ninguén ten feito nada ao respecto da integración urbana do AVE e da estación intermodal, é máis, din os promotores da iniciativa que foron os únicos que pediron o soterramento da mesma. Sen ánimo de entrar en polémicas, nada máis lonxe da realidade, na altura do outubro do ano 2009 o BNG presentou alegacións ao estudo informativo para a integración urbana e acondicionamento da rede ferroviaria de Ourense na que expoñíamos xa daquela o seguinte:

1º. A traza definitiva da rede de alta velocidade deberá ser extremadamente cautelosa coa trama urbana na que se pretende integrar así como respectuosa co valor ambiental, paisaxístico e patrimonial existente. Todo a vez que o impacto destas obras públicas de gran magnitude son practicamente imperecedoiros.

2º. Pedíamos tamén que a inevitable construción dun novo viaduto sobre o río Miño influirá de xeito notable na propia paisaxe urbana da cidade que ten entre os seus obxectivos de desenvolvemento futuro o ser referente termal, polo de atracción turístico e motor socioeconómico do sur de Galicia interior polo que o deseño desta nova ponte fluvial

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2019</b>
---

deberá ser ademais de funcional un elemento singular que non desdiga das construcións senlleiras que ao longo da historia acabaron sendo sinal de identidade da propia cidade.

3º. O barrio da Ponte onde está actualmente a estación de ferrocarril de Ourense – Empalme que será transformada na nova terminal padeceu unha segregación territorial ocasionada por esta infraestrutura debido á amplitude das praias de vías e instalacións de carga descarga e operacións de viaxeiros e mercadorías. A nova estación debería converterse en terminal intermodal coa parte de acceso aos andéns baixo a superficie e co soterramento das vías nesta zona, en congruencia con isto que explicábamos de aquela nós pedíamos que o deseño dunha traza definitiva que minimizase o impacto ambiental, paisaxístico sobre o patrimonio existente e que se adoptasen as medidas correctoras necesarias para evitar esta afección tanto durante o proceso de construción como o posterior, buscando os lugares de menor incidencia e prevendo a dotación de medidas complementarias necesarias, pantallas visuais e acústicas, restauración de acuíferos, accesos públicos e privados, etc. Tamén pedíamos que o novo viaduto que se constrúa non sexa un elemento meramente funcional se non que formando parte da trama de paisaxe urbana se integre nesta e se constituía nun elemento singular e de deseño, optando de ser preciso por un concurso de ideas ou proxectos, tendo presente que coa tecnoloxía actual é compatible a funcionalidade coa elegancia sen que isto implique necesariamente un sobrecoste no financiamento.

4º. Pedíamos que, diante da necesidade de que a nova terminal sexa soterrada e se elimine definitivamente o illamento e segregación que tivo que padecer o barrio da Ponte nestes últimos decenios, a traza definitiva que se proxecte teña a cota necesaria que permita o soterramento das vías nos accesos á nova estación.

As dúbidas formuladas no 2009, non se resolveron no 2011 logo da presentación do que ía ser a futura estación do AVE. Ese proxecto seguía sen clarear o principal problema, a histórica división dos barrios de A Ponte e o Vinteún e por tanto, a permeabilidade. Desde o BNG insistimos en que a mellor opción posible era o soterramento total das vías así como que se ofertaran solucións técnicas que melloraran a comunicación norte – sur da cidade e chamábamos a atención ao daquela goberno municipal de que se estaba a incumprir un dos obxectivos establecidos no pacto de goberno local ao respecto da participación da veciñanza no modelo de integración e intermodalidade da alta velocidade

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2019</b>
---

en Ourense, pedindo que se articularan mecanismos que permitiran a participación social. O que daquelas eran incógnitas e dúbidas, hoxe son certeza polo que desde o BNG, presentamos alegacións e resumidamente sobre os seguintes aspectos: afectación ao centro de saúde da Ponte que se converte nunha rotonda, non solución á desconexión entre a Ponte e o Vinteún, non se facilitan garantías sobre a minoración do impacto acústico para a veciñanza e medio ambiente, e a ausencia de avaliación da seguridade global. Tendo en conta a nova realidade, despois da aprobación do proxecto da estación intermodal no pasado mandato, estamos a falar de que a redacción do proxecto básico e construtivo custaría 3,3 millóns de euros, mentres que a obra prevese un orzamento de sobre 67 millóns máis o IVE que vemos que é preciso reelaborar un novo proxecto de estación, que sexa verdadeiramente intermodal sen que iso supoña necesariamente que sexa o proxecto inicial de Foster. Ourense non pode perder o tren e desaproveitar unha oportunidade histórica para construír unha infraestrutura que nos sitúe na senda da modernidade e por iso coincidimos na petición de paralización e reelaboración dun novo proxecto de estación verdadeiramente intermodal e por iso imos a votar a favor desta moción de Democracia Ourensana. Nada máis, moitas grazas.

**D.<sup>a</sup> Susana Rodríguez Rodríguez, do Grupo Socialista:** moitas grazas, Presidente, moi bos días a todos e todas. Antes de pasar á moción, eu quería dar un dato, Sr. Plácido, deste goberno salvador de Rajoy que nos salvou a todos, inversións do Estado, nun periódico que no es planfeto del PSOE, dun periódico de cabecera, de cabecera como me corrige mi compañera, de cabecera. Inversiones del estado año 2012, 759.000 millones de euros, licitados 992.000 es el único año que se salvan; año 2013, 550.000, licitado 33.000 millones de euros; 2014, 610.000 presupuestado, licitado 11.888; 2015, 643.000, licitado 14.274; podemos seguir, podemos seguir así, ya le digo no es un panfleto es un periódico, eso es su opinión no la mía. Xa pasando á moción, a proposta que hoxe nos trae a pleno o grupo de Democracia Ourensana foi debatida en diversas ocasións, eu creo que en moitas no pleno do concello de Ourense quedando claro a posición dos grupos alí presentes. E creo non me equivocar que primeiro vostedes, o Grupo de Democracia Ourensana, estaba en contra do proxecto da estación deseñada polo equipo de Norman Foster e agora saen como defensores do mesmo. Agora resulta que defenden a posición do PSOE do 2011 cando sempre se mantiveron en contra. Sen ir máis lonxe, no ano 2018 na alegación ao novo

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2019**

proxecto vostedes non defenden o proxecto do 2011, en ningún punto, senón máis ben todo o contrario, vostedes na súa alegación última din: “se proceda a la redacción del nuevo proyecto que contemple o soterramento total de las vías y el núcleo urbano de la ciudad de Ourense, así como la construcción de una estación intermodal como unidad de conjunto”. En ningún momento fan referencia ao proxecto do 2011, recuperar ese proxecto que agora nos traen a pleno. Sr. Armando, non nos enganemos, traer esta moción hoxe a pleno eu creo que é de puro oportunismo político. O meu grupo, xa o viñemos manifestando en moitas ocasións, temos como obxectivo prioritario que a alta velocidade chegue canto antes a nosa cidade, o compromiso do PSdeG-PSOE coa alta velocidade é incuestionable. Foron os gobernos socialistas, aínda que non lle guste, os que puxeron máis fondos nos orzamentos para o AVE, foron gobernos socialistas os que executaron máis orzamentos, os que adxudicaron máis obras do AVE. No ano 2009, co pacto do Obradoiro asinado por un ministro socialista, o Sr. José Blanco, co presidente da Xunta establecíase unha data o 2015, este documento nace cun único obxectivo, que era brindar o AVE a Galicia mediante un acordo que garantía as inversións e presentaba un calendario realista en prazos. Pero chega o 2011, o goberno do PP presidido por D. Mariano Rajoy e como ministra D.<sup>a</sup> Ana Pastor e chegan os recortes, os retrasos, parouse o AVE cinco anos coa desculpa da crise, din, claro, non porque o goberno quixera. O goberno presidido polo Partido Popular foi o que mandou parar as construtoras, foi o responsable do recorte da dotación orzamentaria, do aumento do prazo nas obras, de orzamentos sen executar, mire no ano 2015, son datos vistos, foron uns anos de parálise se executaron un 40% do orzamentado do AVE para Galicia. Os gobernos do Partido Popular foron os responsables de facer un estudo para rebaixar a calidade da liña do AVE e sabemos todos e todas do que estamos a falar, chegaron a facer unha proposta e non nos enganamos porque hai esa proposta enriba, un estudo de proposta dunha única vía desde a entrada de Galicia a Ourense, tapiaron túneles, iso non o estamos inventando, se eliminou unha terceira vía prevista en Oira, había un proxecto anterior e logo se modificou. A propia ministra D.<sup>a</sup> Ana Pastor anuncia en Ourense o 19 de abril de 2013 o novo proxecto de integración na capital, volve no 2016 noutra visita, reitera ese compromiso co tramo Taboadela – Ourense para o cal xa tiña unha solución optimizada, sustentable e funcional pero alá chegou outro ministro D. Íñigo De La Senra, e nos anuncia que se anula a variante exterior na cidade de Ourense polo que teñen que entrar os trens desde Taboadela pola liña

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2019</b>
---

antiga ao centro da cidade. E como non, tamén se modifica un proxecto gañador de estación intermodal resolto en decembro do ano 2011, o cal cumpría cos obxectivos propostos polo concello de Ourense, naquelas datas á fronte estaba como vostedes saben un alcalde socialista. Si señores do Partido Popular, un proxecto gañador en concurso público, non era un concurso de maquetas como non se cansan de dicir, pero se cambia, se cambia por un proxecto firmado no ano 2016 a tres bandas, Concello de Ourense, Xunta de Galicia e Fomento, é dicir, o proxecto da intermodal, estivo cinco anos nun caixón. Miren, o que tiña que ser a estación central de Galicia pasou a ser unha estación máis. No PSOE temos claro cales deben ser as demandas nesta infraestrutura vital para o futuro de Ourense e nos orzamentos que presenta o goberno garántese o fin das obras no ano 2019 e a entrada en servizo no 2020 e vólvese a retomar o importante, a execución da variante exterior, o que significa quitar as liñas de tren do centro da cidade. Vou rematar dicindo que o PSOE apoia e considera máis adecuado o proxecto de estación do ano 2011, o proxecto do equipo de Norman Foster e o ourensán Cabanelas, pero o que herdamos é un proxecto en vigor o cal foi firmado no ano 2016 e como xa dixen antes, cun convenio a tres bandas Fomento, Xunta e Concello, as tres gobernadas no seu día polo Partido Popular. E non é un distinto discurso senón un discurso de responsabilidade. Moitas gracias.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular:** gracias Sr. presidente, ben Sra. Lama, alédame que xa recoñecera que no próximo mandato nos volverán a presentar isto, vostede da por suposto que estará aí e nos aquí, ben, agrádese que nolo recorde. Presentar proxectos viables, iso sempre en calquera administración, acabamos de falar dun, da estación do AVE, por certo da A-76 que creo que orzamentan vostedes un 83% menos no ano 2019, vostedes non, D. Pedro Sánchez e compañía, e o dato tamén, falando de datos que non me quero apartar da orde do día que non é o meu costume, o dato tamén que sae nos medios de comunicación que tampouco son panfletos do PP, sra. Rodríguez Rodríguez, Galicia perde 67 euros por habitante e Cataluña 93 máis, debe ser que hai que pagar peaxes e, Sr. Rodríguez Suárez, vexo que ten vostede ansia de volver estar alí para axudar a quen ten que axudar porque claro agora dinos vostede que fagamos unha charanga eu creo que está ben para o entroido para ir celebrar que Xinzo sexa entroido de nivel internacional, pero eu propoño algo máis, unha emenda de adición, vostede de mestre de cerimonias. Si porque parece que ten vostede moitas ganas de estar ao lado de

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2019**

Madrid, pero claro como non están alí, nin no concello tampouco, ten que se esmerar aquí en falar da estación. Eu non vou a falar porque facemos nosos, a todos os efectos, os argumentos que expuxeron os nosos compañeiros de grupo no concello de Ourense e de maneira especial nas cuestións técnicas e urbanísticas o noso portavoz neses asuntos, o Sr. Cudeiro. E tampouco vou a falar aquí Sra. Rodríguez Rodríguez do pendello, eu non vou andar con esas cousiñas porque as cousas dinse cando se está na oposición e logo cando hai goberno hai que morderse a lingua, entón o conselliño que lle daba á señora compañeira de escano e voceira do seu grupo, de momento serenidade e tranquilidade, non vaia ser. Sr. Ojea eu voume referir a súa moción que é o que nos ocupa na orde do día, non vou a falar doutras cousas, escapando, regateando o tema, como fixo a Sra. Rodríguez Rodríguez, que hai que cumprir o papel que lles mandan ás veces, eu tamén son obediente ás veces, non vaia pensar que non, son bastante libre no que fago aquí, pero ás veces escoito, ao mellor a outros danlles ordes. A estas alturas Sr. Ojea, nos que todos ou case todos polo que vexo coincidimos en que o prioritario é que a alta velocidade chegue a Ourense en tempo e forma, vostedes seguen a darlle voltas a un proxecto de soterramento que no 2011 quedou desbotado por inviabilidade técnica e económica, as dúas cousas. Eu me pregunto se vostedes queren realmente que o AVE chegue a Ourense porque a súa moción parece dicir que é máis importante a estación que ofrecerlle aos ourensáns un novo sistema de comunicación de altas prestacións que suporá, sen dúbida, un cambio histórico no noso modelo de desprazamentos cara o interior da península. Para este goberno provincial o prioritario, que quede claro, o prioritario, como así o referendamos en plenos anteriores é que se conclúan todos os tramos pendentes da conexión ca meseta, cumprindo os prazos establecidos e mantendo o compromiso da construción da variante exterior pese a que se optara por unha solución provisional, e repito o de provisional, para facilitar a chegada do AVE. Esta moción que traen vostedes, Sr. Ojea, é a mesma que presentaron no concello de Ourense seguindo fielmente a súa estratexia de presentar as mesmas cuestións no ámbito municipal e provincial só cambiando a palabra de concello por deputación e logo expoñelas da maneira que nos ten acostumados o Sr. Pérez Jácome. E a contestación á súa proposta, lóxica e basicamente, é a mesma, xa o dixeran, nada máis nin nada menos. Non intenten vostedes enganar a ninguén, Sr. Ojea, vostede non é así, home, porque como ben saben a idea de soterramento foi soamente iso, unha idea posto que xamais se fixo proxecto algún

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2019</b>
---

con esta alternativa, hai que dicilo para non tratar de enganar aos nosos concidadáns. Non había posibilidades técnicas por cuestión das cotas, nin económicas para facelo xa naquel momento, daquela tamén estabamos nunha crise que parece ser xa esquecemos cando interesa. Lonxe do soterramento e do proxecto ao que vostede se refiren, Concello, Xunta, Fomento e ADIF buscaron unha nova solución coa que ofrecer aos ourensáns unha moderna estación intermodal, funcional, co aparcadoiro subterráneo e que facilitase a unión de dous barrios como son o da Ponte e o do Vinteún. Todo isto Sr. Ojea coa premisa importante de que non costara, e isto tamén o hai que dicir, de que non costara un solo euro aos petos dos ourensáns. E aí o ten, unha estación de autobuses e un aparcadoiro subterráneo de arredor de 250 prazas sen custo algún para o concello cando outros están a por ata o 25% máis do investimento necesario para as súas estacións. Por certo, que non entendo como din vostedes na súa moción que se descarta a intermodalidade cando a nova estación facilitará claramente o intercambio entre diferentes medios de transporte ofrecendo aos usuarios un desprazamento cómodo, rápido e eficaz, niso consiste precisamente a intermodalidade, e para nada é un concepto simplista dun edificio único, é dicir, teremos unha estación totalmente intermodal con dúas terminais conectadas e unidas, ampla, cómoda e de fácil acceso para os usuarios. E insisto, e con isto remato, para este goberno provincial o realmente importante é que chegue o AVE a Ourense e que, claro está, sexamos quen de saber aproveitar as oportunidades que nos brinda este novo medio de transporte para facer de Ourense e a súa provincia, non so Ourense, unha opción atractiva para visitantes e turistas. Remato pero debo dicirlles que teñan vostedes a total seguridade de que nós, o grupo provincial popular e o Partido Popular en xeral, seguiremos esixindo os compromisos alcanzados co proxecto da estación intermodal, facilitar a conexión entre os dous barrios, un novo aparcadoiro subterráneo e, reitero, sen custo algún para os ourensáns. E con isto remato, nada máis, moitas grazas.

**D. Armando Ojea Bouzo, do Grupo de Democracia Ourensana:** hola de novo, vou a empezar polo último, Partido Popular, vostedes estiveron na manifestación do 2011 pedindo o soterramento das vías, concretamente creo que estaba o Sr. Rosendo, por certo, non lembro que estivera ninguén do BNG polo menos ninguén do grupo municipal naquel momento, non sei se habería ao mellor representantes notables do partido naquel momento, efectivamente vostede fixo referencia a uns comunicados do ano 2009 onde pedíamos o

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2019**

soterramento, deume a impresión de que como efecto secundario da humanización do entorno, etc... en todo caso agradecemos o seu apoio. Sr. Plácido, tecnicamente non hai practicamente neste contexto nada imposible, tecnicamente é posible facer unha vía de cen metros de alto de Madrid a aquí plana, a cuestión son os cartos, iso si. Vostede dixo que non había posibilidade técnica nin económica, efectivamente a posibilidade económica ao mellor non a hai, técnica si, económica non a hai ¿porqué? polo de sempre, fan falta cartos e Ourense sempre é unha das eternas discriminadas á hora de gastar cartos nela. Dixo que se ía referir especificamente á moción é despois fala dos tramos do AVE de Madrid a aquí, claro que nós pensamos que hai que licitar canto antes eses tramos e que ten que haber esas vías pero ese non é o asunto da moción, iso xa se da por suposto, que queremos que chegue o AVE e que canto antes se liciten os tramos, aínda pedimos máis, pedimos que se faga un tramo a Vigo etc... A proposta que traemos concretamente é a proposta de Foster, pero xa dicimos na propia moción que a nosa idea óptima sería a do soterramento, esa era a nosa idea pero como mal menor, e unha vez visto que a pesar de que se tiran os tratos á cabeza entre o Partido Popular e o PSOE, hai unha guerra de cifras, que si vostedes baixaron os orzamentos, que si vostedes orzamentaron e non executaron, que si.., a min isto lémbreme estes pallasos do circo, que están dous pallasos intentando darse de labazadas entre eles e collen a un polo medio que acaba levando todas as labazadas, pois aquí pásanos un pouco, Partido Popular e Partido Socialista dándose labazadas e, no medio, Ourense, que ao final vai a quedar cun pendello, que é como cualificou durante moitísimas veces, que eu comparto, nas xuntas de área de urbanismo o señor portavoz do Partido Socialista no concello, e podo dicir que deu bastante a lata, a lata non, que falou bastantes veces, cualificou bastantes veces de pendello a estación que agora parece ser que é a que queren, xa desde o ano 2006 polo visto, asumiron un proxecto do 2006 pois a cualificación por parte do Sr. Barquero de pendello ven hasta máis aquí, vaise case xusto hasta hai moi poucas semanas. Nós como digo, unha vez visto que o soterramento non vai ser posible e sobre todo por motivos económicos, non por motivos técnicos, volvo repetir que por motivos técnicos se houbera cartos facíase aínda que fora un túnel de Madrid a aquí, hoxe afortunadamente a enxeñaría de camiños está moi avanzada. O que imos ter é un muro de nove metros que non vai permitir para nada como din vostedes unha permeabilidade e unha humanización do entorno, o que temos unha vez máis é unha cidade discriminada no gasto,

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2019</b>
---

opinión que comparten antigos alcaldes do Partido Socialista e renomeados cargos do Partido Socialista, e vólvolle a recordar que o que aquí está dicindo a persoa que defende a postura ante a moción por parte do Partido Socialista, o que está dicindo non é o que din destacados cargos do Partido Socialista da cidade, entre eles algún ex - alcalde que tampouco lle gusta nada esta chamada intermodal, que de intermodalidade como di o Colexio de Arquitectos non ten nada, ten o nome é nada máis. Non imos entrar nesas características técnicas, non vou entrar na guerra de cifras, nós xa lle digo, como mal menor pretenderíamos recuperar a estación de Foster e polo que vexo donde dije Diego digo digo ou viceversa, falo agora mesmo do Grupo Socialista. Penso que a cousa está bastante clara, agradézolle ao Bloque que sacara ese cartel que nos mostrou porque como dicía tamén el é bastante significativo. Nada máis gracias.

**D.ª Susana Rodríguez Rodríguez, do Grupo Socialista:** grazas, presidente, dicir unha cousa Sr. Plácido, os orzamentos que nos presenta o goberno de Pedro Sánchez aínda que non lles gusten, son orzamentos realistas para executar, son de marcado carácter social, revalorizan as pensións, o salario mínimo, aumento de becas, eliminación de copago farmacéutico, ou ¿non son verdade? claro que son mellorables, eu podo dicir que son mellorables, iso formará parte dunha negociación, pero son orzamentos executables, digo executables, non destes que se pintan nun papel pero que logo non se executan e se deixan nun caixón. Sr. Armando, non me entendeu nada, nós, o meu grupo, apoiamos e consideramos adecuado o proxecto da estación do ano 2011, o proxecto do equipo de Norman Foster e do ourensán Cabanelas. Pero si que é verdade que a anulación deste proxecto, do proxecto actual, e repito firmado no 2016 a tres bandas, tería máis retrasos así como unha inseguridade xurídica nas actuacións, na adxudicación e na execución da estación, e ademais modificar un novo convenio non é seguridade de que a Xunta e o Concello o acepten. Eu o que teño visto no Concello é todo o contrario, o Concello de Ourense non aceptaría outro tipo de proxecto polo cal retrasaríamos máis anos... Mire nós temos claro cales son as nosas demandas, o noso compromiso é mellorar a obra, no desenvolvemento da actuación, mellorar o entorno, e imos reclamar o máximo posible pero desde a responsabilidade, baixo o máximo compromiso coa cidadanía de Ourense. Queremos e reclamamos facer que Ourense sexa a estación central de Galicia, unha cidade máis equilibrada e sustentable a partir das solucións das necesidades históricas dos nosos

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2019</b>
---

veciños e veciñas, construíndo a variante exterior porque se vai a construír agora a variante exterior para quitar a liña de ferrocarril da cidade, e iso sen retrasar nin parar a chegada da alta velocidade. Os socialistas queremos a estación do proxecto do 2011, pero é verdade que Ourense non pode admitir máis retrasos na chegada da alta velocidade. Moitas gracias.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular:** gracias Presidente, xa que andamos saltando de punto en punto, Sra. Rodríguez Rodríguez, sen saírnos do tema, sociais incrementando os impostos, por exemplo o gasóleo. Por exemplo, logo cadran os números ben, mire vostede, xa din todos os técnicos, incluso o do seu partido que prevén unha recadación de 2.500 millóns de euros co novo imposto ou taxa ás grandes tecnolóxicas, imposible recadalo no ano, dino os técnicos incluso do seu partido, e computar trece meses de recadación de IVA en vez de doce porque non hai maneira de cadralos, esas son as contas de vostedes, bueno, as de alá arriba, por dar unhas pinceladas nada máis. E logo de inversión, se se orzamenta pouco e moito máis fácil executar ou incluso non executar, do pouco faise pouco tamén, ¿verdade? Por exemplo na A-76 tan largamente demandada por moitos responsables do seu partido pois baixa un 83% a consignación orzamentaria, seguramente é moi fácil de licitar todo o que orzamentaron ou non, porque ao ser pouco xa non o fan. O que nos ocupa, Sr. Ojea, eu cando falei de dificultades técnicas non é a miña opinión que son totalmente analfabeto no tema, é opinión de técnicos. Parece ser segundo vostedes que os recursos son ilimitados, aquí podemos facer o que nos de a gana, hai que poñer cartos, pero primeiro hai que preguntar si os hai, xa viu vostede como cadran as contas o Sr. Sánchez e compañía, pódense cadrar así, eu son secretario-interventor e eu sempre lle digo ao meu alcalde que as cadro se el quere, non hai problema ningún, outra cousa é despois a liquidación do mesmo, iso xa é outro tema. Que máis dicir, repito co que rematei o Grupo Popular e o Partido Popular en xeral seguiremos vixiantes para que se cumpran os compromisos en todo o que dixen na estación intermodal, no aparcadoiro e todo o que acabo de dicir, é a nosa obriga e aí estaremos. Moitas gracias.

**D. Armando Ojea Bouzo, do Grupo de Democracia Ourensana:** eu creo que está de acordo comigo aínda que sexa un profano técnico, Sr. Plácido, que tecnicamente se pode facer de aquí a Madrid todo llano, rellendo montañas, cubrindo vales, preparando el camino del señor como vostede que estivo no seminario e neste caso preparando o camiño do AVE. O que tamén ten razón é que os recursos non son infinitos e iso tamén sempre o

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2019</b>
---

dicimos nós, xa dixen que o problema era de cuartos pero curiosamente o problema de cartos é xusto para Ourense, mire vostede. Porque a min se me chegan a dicir o problema de cartos é para todos, para Murcia, para Bilbao, pero o problema de cartos é solo para Ourense, que fatalismo, que marca de Caín levamos nos aquí por iso. E en relación ao Partido Socialista, dicirlle que efectivamente vostedes apoiaron un proxecto a capa e espada, chegaron a vincular , a aprobar o PXOM a ese modelo concreto de estación, que tamén non sei hasta que punto ten moito sentido, que o fixeron, e agora desmárcanse, a conclusión que sacamos os ourensáns é que das liortas entre o PP e o PSOE tamén falou a señora do PSOE que non se pode esperar máis, mire unha cousa pode ter moitas présas se é que vai durar tres anos pero unha estación que se concibe, como se di sempre para cincuenta, cen ou douscentos anos, unha obra dos séculos, despois dos retrasos que ten habido que tiveramos que esperar un pouco máis se fora para facer as cousas ben feitas tampouco tería o maior problema porque xa dicimos sempre é unha obra para os séculos. Se é unha obra para séculos non é argumento que haxa que esperar tres, catro, cinco ou hasta dez anos sobre todo despois do que temos esperado. A cuestión é a que digo, Ourense é a *cenicienta* e para aquí nin auga. Nada máis.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 14º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: ver punto 14º.

Non se producen máis intervencións, someténdose a votación a moción, que é rexeitada ao obter o voto favorable de Democracia Ourensana (1) e do BNG (1), e o voto en contra do Grupo Popular (14) e do Grupo Socialista (6).

**15º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE A POSTA EN SERVIZO DA PLANTA DE VALORIZACIÓN DE RESIDUOS DA CONSTRUCCIÓN.-**

O Sr. presidente cédelle a palabra ao Grupo Socialista para que expoña o contido da moción.

**D.ª Elvira Lama Fernández, portavoz do Grupo Socialista:** grazas, presidente, vou pasar a ler a exposición de motivos desta moción sobre unha planta de valorización de residuos da construción situada na Comarca da Limia e concretamente no núcleo de Morgade. No marco dos programas dos Fondos Europeos de Desenvolvemento Rexional (FEDER) a Deputación de Ourense tiña previsto o investimento en 51 concellos da

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2019**

provincia durante os anos 2008, 2009 e 2010 dun total de 10.721.322 euros nos Proxectos Arraiano, Delorur e Terras do Avia. Estes proxectos presentados pola Deputación, foron aprobados no 2008 polo Ministerio de Política Territorial no eixo 5 de desenvolvemento local e urbano dentro do programa operativo rexional de Galicia. Cada un deses proxectos está dividido en cinco áreas de actuación e un deles era a mellora do contorno natural e a calidade medio ambiental. O importe total do Proxecto Arraiano para eses anos era de 4.271.025,67 euros e unha das principais actuacións incluídas foi a construción dunha planta de valorización de residuos da construción e demolición e dun depósito de refugallos na comarca da Limia para completar así o mapa deste tipo de infraestruturas na provincia de Ourense. Actuación esta solo dentro do Proxecto Arraiano. A planta foi adxudicada no ano 2010 pola Deputación de Ourense cun orzamento de 651.112 euros e cun prazo de execución comprendido entre o 12-03-2010 e o 13-07-2010. Gran parte da opinión pública e dos grupos municipais da oposición do Concello de Xinzo de Limia, manifestámonos daquela contrarios á ubicación escollida, unha antiga canteira ao carón dun núcleo de poboación como citei antes, Morgade, e pola afección de tránsito de camións por unha estrada provincial, a OU-1102, que atravesaba dous núcleos importantes de poboación ao carón de Xinzo de Limia. Ademais o proxecto foi impulsado sen contar cos permisos preceptivos que non se resolveron ata dous anos despois a través dun acordo do Consello da Xunta de Galicia de 30 de outubro de 2012 polo que se aproba o proxecto sectorial para a construción da planta. A capacidade anual de tratamento que a Xunta contemplaba para esa planta era de aproximadamente 20.000 toneladas ao ano, cunha porcentaxe de recuperación do 79%, o que significaba poder recuperar unhas 18.000 toneladas de áridos. Os residuos para os que non fora viable o tratamento terían como destino final ese depósito anexo que conta cunha capacidade para 65.000 m<sup>3</sup>. A inexistencia desta instalación ocasiona un dano cuantificable ao medio ambiente que obriga a realizar importantes gastos en recursos públicos na eliminación de vertedoiros incontrolados. Igualmente, as persoas que executan reformas nas súas vivendas e os autónomos do ramo da construción, vense prexudicados por non dispor dunhas instalacións públicas onde depositar os refugallos deses traballos co fin de ser tratados tal e como obriga a normativa vixente. O PSdeG-PSOE lembra que tamén en setembro do ano 2014 esta Deputación de Ourense, acordou en pleno a creación dun servizo supramunicipal de recollida e tratamento de residuos de obras da construción e

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2019</b>
---

demolición, evidentemente co voto favorable do Partido Popular. Despois de catro anos esa planta segue completamente pechada sen dar resposta ás necesidades para as que foi construída e co risco de que esta institución se vexa afectada de novo por novos requirimentos por parte do Ministerio de Facenda e da Unión Europea por ter que devolver fondos públicos a causa da deficiente xestión que a Deputación de Ourense fai deles. Ante estes feitos a proposta de acordo do grupo provincial socialista é a seguinte:

1º. Que a Deputación de Ourense poña en marcha sen máis dilación o servizo supramunicipal de recollida de tratamentos de residuos de obras da construción e demolición aprobado no pleno de setembro de 2014.

2º. Que a Deputación de Ourense poña en funcionamento a planta de valorización de residuos da construción ubicada no Concello de Xinzo de Limia para dar servizo ao resto da provincia.

De momento nada máis e moitas grazas.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, voceiro do BNG:** moitas grazas, Sr. presidente, a historia que rodea a esta planta é cando menos curiosa. Eu vou dar algún dato máis, algún xa o deu a portavoz do Grupo Socialista, que coñece ben, igual que eu mesmo todo o que foi a xénese o desenvolvemento e o que nos levou ata o día de hoxe a esta planta. Ela deu o dato da construción da planta, efectivamente foi adxudicada no ano 2009 en 651.000 euros pero que posteriormente, aproximadamente tres anos e pouco despois no 2013, déronse vostedes de conta de que había que levarlle alí a luz ás máquinas que estaban na planta e orzamentaron outros 40.000 euros para esta obra. A adxudicataria desta segunda foi igual ca primeira, Construcións Benigno Álvarez. Aínda máis, no ano 2014, xa levaba a planta construída tres anos e medio porque isto foi a mediados de ano, resulta que sen empezar a funcionar, sen ter dado nunca ningún servizo, sen ter tratado nin un so quilo de material de refugallo, xa houbo que volver afrontar traballos de mellora e reparación de impermeabilización da obra, outros cento sesenta e seis mil e pico euros. A ver se alguén adiviña cal foi a empresa adxudicataria destes traballos de mellora e impermeabilización, pois si, a que todos vostedes seguramente están pensando. Mire, isto tenlle unha historia larga, eu teño aquí toda a historia con datas, con todo o que pasou pero voulla a resumir. O 6 de xullo de 2012, como tamén se dixo a Consellería do Medio Ambiente facía publica a

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2019**

concesión da licencia ambiental para a planta de tratamento de residuos da construción situada en Morgade, dous anos despois insisto, dous anos despois de terse rematada a construción, é dicir foi unha obra que se fixo sen ningún tipo de licencia urbanística, nin informes previos de impacto ambiental e que ademais como xa se explicou, contaba co rexeitamento frontal e activo dos veciños e veciñas de Morgade que está a poucos metros ou decenas de metros desta planta. A Deputación Provincial a través do programa Arraiano decidiu a principios do 2010, aínda era Presidente o anterior José Luis Baltar, acollerse a esa subvención de 600.000 mil euros que outorgaba e por non perder a axuda iniciou lóxicamente con présa a execución desta planta, insisto sen tramitar ningún tipo de licencia, nin de impacto ambiental e utilizando para situala un monte en man común, é dicir que estaba a poucas decenas de metros do pobo de Morgade, da primeira casa habitada co cal tampouco se cumpría o que establecía os regulamentos de actividades molestas e insalubres. Os veciños opuxéronse activamente, recolleron sinaturas, porque daquelas falaban vostedes, dicían que era unha ubicación perfectamente definida polos técnicos, e eu xa o dicía, a min que me ensinen o técnico que diga que aquela ubicación é axeitada para esta planta, no alto dun monte, cunha estrada coma a que ten, que atravesa o pobo de Morgade que é unha estrada por certo provincial, con cantidade de curvas, mal axeitada e que ía soportar un tráfico de camións intenso porque estamos falando de que ía ser a cuarta planta na provincia de Ourense para tratar estes refugallo. Non solo os veciños se opuxeron, colectivos ecoloxistas como ADEGA presentaron denuncias diante do Valedor do Pobo pero ao final non houbo que facer nada, a planta está aí. O Consello da Xunta deu o carácter supramunicipal ao proxecto e unha vez rematada a obra, polo que non precisaba permisos nin da administración local nin provincial e daquelas o portavoz do Partido Popular, Sr. Plácido, ausente agora mesmo, dicía que en principio este trámite debería ser o último para permitir a apertura do proxecto pero prefiro que fale a Xunta, pois a Xunta debe seguir sen falar porque a planta, insisto, leva pechada desde entón. En resumen, levan vostedes gastados uns 900.000 € nunha planta que nunca funcionou nin deu servizo, porque son os 857.000 da obra máis os case 60.000 da redacción do proxecto. Unha planta, que desde logo, o último sitio onde había que ubicala era precisamente onde se puxo e que nós sempre solicitamos, sempre reivindicamos que fóra instalada no polígono empresarial de Xinzo ¿para que queremos os polígonos empresariais? onde hai que instalar este tipo de

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2019</b>
---

plantas se non é precisamente nun polígono empresarial e non levala ao alto dun monte ao carón dun pobo e cuns accesos totalmente inadecuados, totalmente inaxeitados para o tráfico que vai a provocar?. E tamén, desde logo, tiveron vostedes o don da oportunidade, foron construír a planta de tratamentos de refugallos da construción precisamente cando acababa de explotar a burbulla da construción, é dicir, se antes xa a súa viabilidade económica era dubidosa, a partir dese momento era absolutamente ruínosa e a proba é que pasados sete, oito, nove anos, segue pechada. De todas maneiras, a nós tamén nos chama poderosamente a atención o cambio de criterio do Partido Socialista, nós non imos poder votar a favor desta moción, imos a votar lóxicamente en contra porque nós seguimos a defender que esa planta nunca se debería ter construído aí e pedir agora que se abra é darlle carta de natureza a esa desfeita e a esa falcatruada que se fixo daquela. Nós insistimos en que esta planta debería estar situada nun polígono industrial, no polígono industrial de Xinzo que para iso é un terreo industrial onde se deben ubicar estas instalacións e aí si tería unha función, estaría perfectamente accesible con uns accesos estupendos para calquera empresa que quixera trasladar aí os refugallos para tratalos e tería totalmente sentido e lóxica. Insisto, nós imos a votar en contra, nada máis. Moitas grazas.

**D. Pablo Pérez Pérez, do Grupo Popular:** moitas grazas Sr. presidente, primeiro de nada desculpar a voz que teño, intentarei ser breve tamén para que non me vaia moi mal. Primeiro de nada, dicirlle que están a falar vostedes, tanto D.<sup>a</sup> Elvira como D. Ramiro, din que son de Xinzo, o cal non dubido, de feito isto parece que é unha precampaña para o Concello de Xinzo tanto por parte dun coma do outro. Parece que están querendo coller puntos, pero creo que o resultado vai a ser o mesmo porque non vai haber dubida de que vai gañar o Partido Popular alí. Pero mire, digo que non sei se son vostedes de alí exactamente porque a planta de valorización de residuos xa está funcionando, non sei si o sabía, entón aquí pon que non, pero está ou non está, está funcionando si, mire vólle explicar. Funciona para dar servizo ás propias necesidades da Deputación, que trata alí, clasifica e machaca os residuos da construción que os usuarios particulares, non as empresas, evidentemente aí é por onde vostede pode ir, deixan nos puntos limpos. Cómpre recordar que a Deputación xestiona unha rede de dezasete puntos limpos que dan servizo a 51 concellos que teñen delegada a xestión de residuos na institución provincial, ademais outros 9 concellos teñen asinado un convenio para xestionar os seus puntos limpos a través desta rede. Neses puntos

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2019**

limpos a Deputación recolle todos os residuos da construción e demolición que teñen carácter de residuo sólido urbano ou residuo municipal, é dicir, só aqueles residuos de orixe doméstico que teñen a consideración de obra menor. Polo tanto, non é certo como din vostedes que non se dispoña dunhas instalacións públicas axeitadas para depositar eses residuos e que se estea a causar un enorme dano ao medio ambiente, obrigando ademais a gastar moitos recursos para a eliminación de vertedoiros incontrolados, non é certo. De feito, a cantidade de escombres estanse reducindo moito, iso si, aínda temos moito que facer pero realmente nos últimos catro anos a cantidade de escombres que nos piden os concellos que vaíamos limpar estanse reducindo en cantidades moi altas. Outra cousa é o proceder individual daquelas persoas que ignoran os problemas que están a causar deixando os seus refugallos en calquera lugar, pero iso xa é cuestión do SEPRONA tamén. Así pois os residuos da construción e demolición de orixe doméstico teñen cabida nos nosos puntos limpos, pero non os procedentes de empresas ao non ser unha competencia municipal. Pero debido a forte demanda para tratar os restos procedentes de pequenas obras e máis a insuficiencia de plantas de tratamento na provincia, efectivamente a Deputación decidiu no seu momento proxectar esta planta de valorización de residuos a través dun programa de fondos europeos e permitir que os construtores leven alí os residuos pagando as correspondentes taxas cando aprobemos a correspondente taxa evidentemente. Por certo, faláronos vostedes da ubicación, a selección da ubicación permitiu a rexeneración dun espazo moi degradado e o proxecto contempla a reforestación forestal final da parcela, por certo, parcela propiedade da Deputación, unha vez chea. Así as cousas, a posta en marcha na súa totalidade destas instalacións, imposible na actualidade por falta de persoal cualificado, solo está pendente da licitación da súa xestión que se verá no seguinte mandato. Diferenciamos pois entre os servizos da Deputación para que os concellos cumpran coa lei e o servizo ás empresas construtoras. O primeiro é unha obriga da administración local e a Deputación está a facilitar o seu cumprimento tratando na planta de Xinzo os residuos depositados nos puntos limpos que xestionamos, ademais dos convenios que temos con outras dúas plantas que financiou a Xunta de Galicia, en Leiro e Xunqueira de Espadanedo. A segunda parte, non é de obriga municipal, que quede claro, aínda que se decidise abrir esta planta aos empresarios da construción, evidentemente. Falan vostedes tamén do acordo aprobado en setembro do ano 2014 para a creación dun servizo supramunicipal de recollida de

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2019</b>
---

tratamento destes residuos, pois ben, o que establece aquel acordo é a posta en funcionamento da planta de valorización, a día de hoxe nós temos cumprido parcialmente con aquela decisión polo que respecta ao ámbito da responsabilidade municipal. So resta estendelo ao ámbito da iniciativa privada, que repito, non é unha obriga legal pero que si temos o firme compromiso de facelo polo que a ausencia non é tan grande como vostedes nos están a dicir. Ademais quérolles dicir unha cousa, o propio acordo que se aprobou no ano 2014 ao que vostedes fan referencia nese pleno sobre a creación do servizo supramunicipal de recollida e tratamento de residuos de obra de construción e demolición, o propio acordo recolle ao final, que creo que foi aprobado, o propio acordo recolle acordar que o modo de xestión do servizo sexa a xestión indirecta que vostede na súa moción non o recolle, mediante contrato de xestión de servizo público previsto no texto refundido da Lei de contratos do sector público. ¿Que quere dicir con isto? que evidentemente isto vaise a facer cando nos poñamos coa externalización dos servizos do lixo para facer o que lle podemos chamar un pack completo, tanto diso coma do centro verde de San Cibrao das Viñas como o propio servizo de recollida de RSU, un paso que deberá ser resolto no seguinte mandato. En resposta á petición de moitos concellos voulle dicir tamén unha novidade, que saiba vostede, que non está na comisión do lixo, que non veu ás comisións do lixo, supoño que na que teñamos agora antes de rematar este mandato virá...non, non veu porque viña outro portavoz, non, na última comisión do lixo non estivo, na que temos todos os concellos adheridos, está un representante do Grupo Socialista, pois veu o anterior portavoz Fran Fraga Civeira. En resposta á petición de moitos concellos debido ao envellecemento da poboación tamén faremos a recollida porta a porta de residuos de obra menor, facilitando así ás persoas de idade avanzada que poidan desfacerse de restos voluminosos. Nada máis por agora, moitas gracias.

**D.ª Elvira Lama Fernández, portavoz do Grupo Socialista:** moitas gracias presidente. Pois unha gran novidade porque esta que lles fala ten ido varias veces a esa planta de valorización e curiosamente está sempre pechada, polo tanto non entendemos moi ben como poden dicir que está funcionando cando alí non hai, asegúrolle, ningunha actividade. A xustificación era eliminar vertedoiros ilegais, a xustificación de facer esa obra, contribuíndo así ao aumento da calidade de vida da poboación e á mellora do medio ambiente. Desta maneira á vez que se contribuíu a preservar o medio ambiente e o seu

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2019**

potencial turístico, lógrase crear emprego e atopar novas fontes de ingresos para a poboación do rural contribuindo así a fixar poboación no rural ourensán. Isto é o que está colgado na páxina web da Deputación con respecto a este plan e a esta planta en concreto. É verdade todo o que nós lle acabamos de relatar, esta planta comezou con mal pé, xa o recoñecía o Sr. Plácido cando naquel pleno aprobaron esta creación dese servizo supramunicipal de recollida de lixo, empezou con moi mal pé e esta que lle fala coñecía perfectamente o que era alí unha vella canteira chea de refugallos, que nin sequera foron capaces de retirar, soterrando todo, incluídos cachos de coches, sofás vellos, frigoríficos, etc. polo tanto, a obra fíxose como se fixo, cos permisos concedidos fóra de tempo e a destempo, a creación dese servizo que vostede di que está funcionando pois me gustaría saber Sr. Pablo Pérez cal é o horario de apertura desa planta de xestión da Deputación. Vostede fala de que nunha posible privatización do servizo de recollida de lixo tamén se vai a meter nese pack a recollida dos refugallos, me gustaría saber se a xestión polo tanto de momento é xestión directa por parte desta casa. Tamén me gustaría saber cal é o horario porque me parece que non está colgado na páxina da Deputación, e cantos traballadores dos que ten a planta prestan o servizo nese lugar en concreto, porque asegúrolle que para os veciños de Morgade a planta está pechada, polo tanto para nós sería unha novidade. E logo de gastar preto de 900.000 euros entre a construción e as sucesivas modificacións, entre levarlle luz e facer impermeable esa balsa, xa nos explicará vostede que a planta de valorización feita en Morgade, non entendemos por certo tamén moi ben o voto en contra do partido do BNG posto que investir nun sitio para un fin concreto 900.000 euros procedentes de fondos europeos e logo despois dicir que pechamos o candado, non sei pero ao mellor hai alguén de Europa que nos vén a botar das orellas. Dito isto, o certo é que para nós e para a maioría dos veciños dos pobos que están a beira da planta, a planta está pechada, vostede di que tratan alí os refugallos dos puntos limpos, pois xa nos dirá en que horario está traballando esa planta e cantos traballadores están prestando alí os seus servizos. Por certo, un vello compromiso do alcalde que entón era alcalde de Xinzo, Isaac Vila, que vostedes coñecen ben, aos veciños de Morgade: non vos preocupedes que si facemos aquí a planta xa meteremos aquí a traballar a algún veciño do pobo de Morgade e tamén farei o posible para que a xente de Morgade que teña que depositar alí o lixo non teña que pagar ningunha cota. De momento nada máis e moitas grazas.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2019</b>
---

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, voceiro do BNG:** gracias Sr. presidente. Chámame moito a atención esas acusacións, polo menos á miña persoa, de precampaña, cando esta é unha iniciativa que non traio eu nin impulsei nin nada de nada, de todas maneiras eu podo estar en precampaña, quen non poden estar de momento son vostedes que aínda non teñen nin candidato, e veremos quen é ao final. En todo caso, tamén nos chama a atención o que nos di que está a planta funcionando, despois xa nolo matizou, di que deixan vostedes alí os refugallos da Deputación, dos puntos limpos, e entendo que os deixan simplemente, os almacenan, ¿trátanos?, segue chamándome a atención. De todas maneiras, tamén nos dixo que van a licitar, quitar un concurso para adxudicar, etc... co cal o de “funcionando” é daquela maneira. Tamén se colga a medalla de que rexeneraron un espazo degradado, voulle matizar moito esa afirmación, cando acabe, pero xa está ou vai haber aínda máis obras, digo eu, porque mire, quen tiña que rexenerar ese espazo degradado era a empresa adxudicataria da canteira que a estivo explotando durante 15 anos, era quen tiña que rexenerar ese espazo, era quen asumira o compromiso de rexenerar o espazo degradado que existía, que efectivamente existía e estaba como dixo a portavoz do grupo socialista, vostedes o que fixeron foi facerlle un favor a esta empresa, que aparte de comprarlle, loxicamente, faltaría máis que non se fixeran vostedes coa propiedade despois onde van a executar unha obra propia, aparte de comprarlle os terreos á empresa que estaba explotando a canteira fixéronlle o favor de aforrarse os custes que non ían a ser menores nin desde logo asequibles de rexenerar o espazo iso é o que fixeron vostedes ese é o último fin desta planta ubicada nese espazo. E a xustificación do voto en contra, pois é, xa o dixen na miña primeira intervención, nós estamos absolutamente en contra de que esa planta estivera aí montada, estamos en contra desde o primeiro momento, entón non podemos dar por bos os feitos consumados de que agora estea montada para que se poña que agora coma xa está, esa é a política que levamos aplicando desde decenios e nos leva a onde nos leva, a onde estamos agora, como xa está montada e xa se gastaron os cartos agora imos a quitarlle un rendimento. Nós non, nós seguimos reivindicando que esa planta non se debería ter montado aí en ningún caso, temos o polígono empresarial de Xinzo que é onde se deben montar as instalacións industriais como esta que é unha instalación industrial que vaia a tratar refugallos da construción que ten unhas balsas para almacenalos, ten maquinaria para tratalos e é onde se debería porque é a máis pura lóxica deste tipo de cuestións. Entón non

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2019</b>
---

imos agora, cando sempre estivemos en contra de que se instalara nesa ubicación, cando defendemos sempre a postura dos veciños que non a querían aí porque está pegada ao pobo de Morgade e vai a ter impacto cando empece a funcionar toda esa maquinaria e a tratar toda a cantidade de materiais para os que estaba prevista, vai a ter un impacto e sempre estivemos en contra e non imos a variar agora que se poña a funcionar dando por bos estes feitos consumados e avalando esta planta agora cando sempre estivemos en contra e sempre estivemos defendendo a postura dos veciños. Nada máis, moitas grazas.

**D. Pablo Pérez Pérez, do Grupo Popular:** moitas grazas, Sr. presidente, rematando ¿era mellor ter a canteira abandonada? Eu creo que non, imos a ver, expliquei un pouco como funcionaba. Remato cunha frase fácil, non funciona o vertedoiro, funciona a clasificadora e a machacadora, non hai un horario de apertura ao público, funciona segundo as necesidades da propia Deputación Provincial como lles expliquei antes, cando temos os suficientes escombros para utilizar a clasificadora, nos outros puntos limpos iso foi o que lle expliquei, expliqueille como era o proceso, ¿vale? non hai horario ao público, nós temos os nosos puntos limpos abertos, aí receptionamos os residuos de demolición da construción dos usuarios para cumprir a competencia municipal e despois eses residuos levámoslos alí, clasificámoslos e machacámoslos, non hai horario de apertura ao público como si vai haber cando se produza o proceso de externalización. O que lle falaba de rexeneración da zona é na duración de todo o proxecto, na vida útil do proxecto é onde se vai a falar da rexeneración da zona, quero dicir non é a un, dous, tres anos, é en todo o proxecto do propio vertedoiro. En definitiva, a Deputación cumpre perfectamente coa lei recollendo os residuos de obra menor nos seus puntos limpos, ten aberta a planta de Xinzo para uso propio, funcionando polo de agora para o servizo exclusivo da institución provincial. Estanse a cumprir cos trámites que quedan para a súa apertura completa que permitirá sacar a licitación a xestión e abrir as instalacións ás empresas construtoras. Por todas estas razóns imos a votar en contra da súa moción. Nada máis, moitas grazas.

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández, portavoz do Grupo Socialista:** pois despois dos atrancos sufridos desde o ano 2010 e despois de nove anos e gastados 900.000 euros, solo lle pido unha cousa, a ver si son capaces antes de rematar a lexislatura de abril ao público e poñela a funcionar a pleno rendemento. De momento nada máis e moitas grazas.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2019</b>
---

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 15º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: ver punto 15º.

Non se producen máis intervencións someténdose a votación a moción, que é rexeitada ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (8), o voto en contra do Grupo Popular (14) e do BNG (1), e a abstención de Democracia Ourensana (1).

**16º.- MOCIÓNS DE URXENCIA.-** Non se presentan.

**17º.- DACIÓN DE CONTA DAS SEGUINTE RELACIÓNS DE DECRETOS:**

Para cumprir co establecido no artigo 62 do vixente Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Entidades Locais (aprobado por Real Decreto 2568/1986 do 28 de novembro, e publicado no BOE do 22 de decembro), dáselle conta ao pleno das relacións de decretos do mes de decembro de 2018 e dos seguintes adicionais: 3º de xullo, 2º de outubro e 1º de novembro de 2018, e do 3º adicional de setembro de 2018 do deputado delegado de Facenda.

Os membros da Corporación quedan informados.

**18º.- ROGOS E PREGUNTAS.-**

Nesta quenda prodúcese as seguintes intervencións:

**Sr. presidente:** consta en primeiro lugar a presentación de 65 preguntas orais para resposta oral por parte do Grupo Socialista. Ten a palabra o Grupo Socialista.

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández, portavoz do Grupo Socialista:** ¿que custo total, acompañantes, obxectivos e resultados concretos para os intereses desta provincia, tivo a viaxe que realizou como presidente o pasado 13 de marzo de 2016 a Madrid?

**Sr. presidente:** ¿vainas formular cronoloxicamente segundo se presentaron no rexistro? Porque esa non é a primeira rexistrada.

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández, portavoz do Grupo Socialista:** pois non sei, espere un momentíño.

**Sr. presidente:** a primeira que presentou foi referida á viaxe do presidente do 1 de setembro de 2015. Dígoo para seguir un criterio.

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández, portavoz do Grupo Socialista:** si, si. ¿Que custo total, acompañantes, obxectivos e resultados concretos para os intereses desta provincia, tivo a viaxe que realizou como presidente os pasados 23 e 24 de novembro de 2015 a Madrid?

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2019</b>
---

**Sr. presidente:** esa tampouco é a primeira que rexistrou. E que hai que facelo ordenadamente. Corresponde á da viaxe do 1 de setembro de 2015.

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández, portavoz do Grupo Socialista:** espere, espere, estará aquí, tranquilo. ¿1 de setembro, presidente? ¿é a primeira, si? Si, a ver. 1 de setembro de 2015 a Madrid.

**Sr. presidente:** antes de comezar coa resposta a estas 65 preguntas, gustaríame facer unha serie de consideracións, tendo en conta que son derivadas doutro tipo de cuestións e de solicitudes relacionadas con este tema. En primeiro lugar o que teño que dicir é que nesta Deputación a transparencia é máxima (non o digo eu, dino os organismos encargados de vixiar e de medir a transparencia nas administracións públicas). En todo momento hai información de todos os desprazamentos que fai non só a Presidencia, senón aqueles membros do goberno provincial que teñen que acudir a órganos colexiados dos que forma parte esta institución. En todo momento faise unha nota de prensa de cada unha desas xestións, de cada un deses desprazamentos, de cada unha desas reunións, e en todo momento está a disposición de calquera deputado, en Intervención, calquera tipo de documento contable que teña que ver con algún deses desprazamentos. Isto para que quede constancia antes de empezar a responder, porque son datos que forman parte xa do apartado da transparencia desta Deputación. A disposición todos os expedientes administrativos, do mesmo xeito que á hora de conceder as quendas de intervención todo o mundo pode dicir o que queira sen límite de tempo. Isto con relación ao fondo, con relación á forma é evidente que non está regulado o número de preguntas para formular por grupo político nun pleno como estas características. Así figura noutras institucións e así deberíamos mirar unha posible modificación do regulamento en próximos tempos, tendo en conta que presentar 65 preguntas orais para resposta oral, calquera persoal, calquera técnico, á vista está que estamos ante unha petición abusiva, que seguramente a presidencia de calquera institución similar a esta, podería perfectamente non contestar, sobre todo porque os datos están a disposición dos deputados, senón porque se trata de presentar 65 preguntas, e imaxinen que cada deputado dos que estamos aquí presentasen 65 preguntas. O que se buscaba con isto era outro tipo de cuestións, que evidentemente non ignoro (quedan tres plenos antes das eleccións). Por suposto que agora estamos a falar dunha pregunta do ano quince, que houbo anos para formulala, e evidentemente isto ten que ver cunha serie de conceptos nos que eu non vou entrar e non vou cualificar, porque eu creo que

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2019**

dos rivais políticos canto menos se fale deles mellor, porque iso xa o fan eles dun, e está comprobado que o resultado electoral, que é o que se persegue, aumenta e ocupas un espazo que non lles hai que conceder aos outros. Pero eu lle vou dar as grazas por darme esta oportunidade de falar da visibilidade que ten esta Deputación, dos órganos dos que forma parte, das institucións e dos entes, non só nacionais e internacionais, onde o que facemos, evidentemente, é un posicionamento de Ourense, un exercicio de responsabilidade, estar atentos ás últimas novidades, exercer unha capacidade propositiva, e, por suposto, parece ser que fai falta certa pedagogía, certa formación institucional. Noutras institucións isto non pasa, compañeiros e colegas desas organizacións, cos que tiven a oportunidade de comentar este tipo de cuestións, que por outra banda xa forman parte da transparencia que exerce esta Deputación, razón pola que a solicitude de comparecencia que formalizou na comisión, os deputados do Grupo Popular votaron en contra dela, porque estamos a falar de datos que xa se coñecen, pois a todos eles lles causou non só sorpresa, senón unha palabra próxima ao ridículo. É certo que é importante saber de que organizacións forma parte esta Deputación e que pasa, nesas organizacións das que forma parte esta Deputación e se producen este tipo de solicitudes en relación coa materia coa que estamos a tratar. Esta Deputación, o seu presidente, forma parte da Xunta de Goberno da FEMP, a Federación Española de Municipios e Provincias, onde hai 25 membros. Evidentemente hai varios do Partido Socialista, entre eles o seu presidente, que a este respecto e co tema de transparencia é importante recomendar que se vaia á web do Concello de Vigo, para ver que se publica sobre estas cuestións, e o alcalde de Mieres, o alcalde de Badaxoz, o alcalde de Soria, ben todos eles, créame, todos eles saben ou coñecen que están aí nun posto de representación e para facer política, para formar parte dun órgano importante, neste caso o máis importante a nivel do municipalismo español. Por certo moita parte deles son do seu grupo político. Nas outras deputacións que pasa ¿hai esta transparencia? Non, non existe, téñollo que dicir así: Deputación de Pontevedra, datos do dezaioito, segundo a web da institución a presidenta da Deputación saíu dúas veces só de Pontevedra (isto non o cre ninguén, porque eu xa estiven con ela unhas seis ou sete veces, polo menos que eu saiba, en reunións en órganos dos que ambos formamos parte), foi unha vez a Madrid e outra vez a Copenhague (Dinamarca). O vicepresidente da Deputación, do Bloque, saíu unha vez so (tampouco o cre ninguén) iso si, foi a Estocolmo. ¿Qué pasa coa Deputación da Coruña? Por dicir as que están máis próximas e que teñen unha presidencia en coalición na

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2019**

que deberían dar mostras desa transparencia, ao mellor por iso non figuran tan altos no ránking correspondente. A Deputación da Coruña non ten publicados nin gastos de viaxes nin no ano dezaseis, nin no ano dezasete, nin no ano dezaioito, ningún. A Deputación de Lugo, aínda máis curioso, e falo de curioso non só polo funcionamento da Deputación nin do que aconteceu desde que tomaron posesión ata o momento actual, que tamén ten certa curiosidade política, dise que desde a constitución da nova Corporación Provincial non hai gastos orixinados por este concepto (gastos de viaxes do presidente e/ou deputados). Quere dicir que nunca saíron da provincia de Lugo. Eu estiven con eles en varias ocasións en foros onde hai que estar, eu iso non llo recrimino, simplemente falo do noso, da Deputación de Ourense e da transparencia. Iso polo que respecta á Federación Española de Municipios e Provincias. Formamos parte tamén da Fundación Democracia e Goberno Local, que ten uns integrantes de determinadas formacións, onde hai 27 gobernos provinciais, da que forman parte do seu padroado a Deputación da Coruña, a Deputación de Lugo, a Deputación de Pontevedra, pero na Comisión Permanente só hai 8 deputacións do Estado, e aí está a única galega que é a Deputación de Ourense, presidida polo presidente da Deputación de Barcelona. Créame que con todos aqueles que falei, tamén do seu grupo político, lles costa moito entender este tipo de preguntas, pero están a disposición as ordes do día, e o dixen na reunión, e o que se vai facer alí, pero como a transparencia desta casa me dá a posibilidade de falarlle disto así aproveito sen ningún tipo de problema nesta ocasión. Formamos parte da Federación Nacional de Municipios con Embalses, onde normalmente vai na miña representación o vicepresidente Rosendo Fernández, presidida, por certo, por unha presidenta dunha Deputación socialista, e onde non se xera ningún tipo de suspicacia nin de problemática con esta cuestión. Formamos parte dunha organización, da asociación europea de provincias, que se chama Partenalia, e en Partenalia, créame, elección unánime por moitos compoñentes da súa formación política e a eles tamén se lles fai moi estraño que se fagan este tipo de preguntas, fundamentalmente cando a transparencia é unha cuestión evidente, na que somos moitísimo máis competitivos que calquera outra destas formacións e destas representacións. Estamos a falar de Partenalia onde ademais os meus compañeiros de directiva, tanto os dous vicepresidentes como o tesoureiro, son os tres do Partido Socialista. É unha candidatura conxunta tamén, onde tamén tiveron a oportunidade de comentar esta cuestión e que foi tamén apoiada de forma unánime. Podemos falar da CEPLI, que isto é recente, a Federación Europea de Gobernos Locales Intermedios.

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2019**

Na CEPLI, na que formei parte dunha candidatura e fun votado polo Partido Socialista, fundamentalmente, o presidente é do Partido Socialista (eu son o vicepresidente) e o tesoureiro tamén é do Partido Socialista e como membros de pleno dereito están os representantes da asemblea de todos os departamentos de Francia, unha especie de FEMP pero en Francia, de todas as provincias de Romanía, de todas as provincias valonas, de todas as provincias alemás, de todas as provincias flamencas, de todas as provincias polacas, por poñer un exemplo. A calquera destas persoas que acoden a esas reunións lles parecería tamén moi estraño que se lles preguntase, tal e como fai vostede, por ese tipo de cuestións, porque estamos a falar dun comportamento institucional e de conseguir obxectivos comúns que son os que teñen estas organizacións. Estamos a falar tamén da Asociación de Cidades Históricas Termais, e que esta mesma semana tivemos unha reunión en Enghien-les-Bains, onde tamén estou acompañado no comité de dirección, somos tres ou catro persoas, do Partido Socialista e unha persoa máis que o alcalde de Acqui Terme que é do partido 5 Stelle (en Italia, para ter unha equiparación co sistema político español, sería como o de Podemos) e tamén hai unanimidade nesta cuestión. Chégase a este nivel de representación porque hai non só unha forza política, senón varias e todos imos desempeñar institucionalmente o noso papel. Iso pasou sempre na política, pasou neste grupo, no seu tamén hai algunha persoa que tamén ostentou representacións nalgunha entidade como a FEGAMP, como agora está a facer un dos deputados do Grupo Popular e evidentemente preguntarlle a que vai está fóra da parte da orde do día, é comportamento institucional, é funcionamento normal dos órganos colexiados e estamos a falar absolutamente dunha cuestión respectable. Creo que todos os obxectivos que se formulan en reunións destas características forman parte da orde do día desas reunións. Está ao día calquera solicitude en materia de transparencia por parte desta Deputación, cuestión que non se pode predicar de ningunha outra das que acabo de citar e de moitas outras de España, pero se vostede quere falar desta cuestión non hai ningún inconveniente. Estou moi atento ás súas comparecencias dos últimos tempos, fundamentalmente unha, diante do rexistro desta Deputación, antes de presentar as 64 preguntas. Simplemente dicirlles que parece ser que ten a preocupación de que se eu me vou ir á candidatura popular no Parlamento Europeo, esqueza todo iso, nin teño intención, nin vai suceder nada diso. O compromiso que teño está claro e o saben os meus compañeiros, é con Ourense, aquí seguiremos dentro de tres meses, dentro de seis meses, dentro de dez, dentro de dous anos, e eu espero e desexo que vostede siga como

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2019</b>
---

voceira do Grupo Socialista. Eu teño claro que me gustaría moitísimo darlle a palabra en nome do Grupo Socialista cando traíamos o debate sobre o estado da provincia, que será o 15 de novembro de 2019, despois de entregar o premio Ourensanía o día 11 como o ano pasado. Pouco máis lle teño que dicir a nivel xeral, salvo contestar unha a unha e pola orde que presentou no Rexistro todas esas solicitudes, empezando pola do 1 de setembro de 2015 a Madrid. Pois mire, foi para unha reunión no Ministerio de Fomento, coa ministra Ana Pastor e co director xeral de Patrimonio do ADIF. Forma parte das notas de prensa que eses dous días fixemos públicas, en primeiro lugar esa reunión no Ministerio para falar da chegada do AVE a Madrid, onde estivo o secretario de Estado de Infraestruturas, Julio Gómez Pomar, o secretario xeral de Infraestruturas, Manuel Niño, o alcalde de Ourense, Jesús Vázquez, a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, Ethel Vázquez, na que analizamos o acceso do AVE á capital ourensá. Pola tarde mantiven outra reunión en Fomento, neste caso en ADIF, co directo xeral de Patrimonio de ADIF, Jorge Segrelle, e co xerente do INORDE, José Manuel Rodríguez, e a directora xeral de RRHH de ADIF, Alicia Portas, para analizar o programa Estacións, un proxecto que o Ministerio de Fomento valorou moi positivamente tendo en conta o impacto turístico e dinamizador que tivo no rural ourensán a recuperación de antigas estacións de ferrocarril. En todos estes desprazamentos, en todos eles, agás no que tivo como obxectivo a entrega do premio Ourensanía, a comitiva á que vostede se refire como moito fomos dúas persoas, o responsable de comunicación e máis eu. E se quere pasamos xa á segunda pregunta e lle indico cal é por orde cronolóxica.

**D.ª Elvira Lama Fernández:** 10 de setembro de 2015, a Medina del Campo.

**Sr. presidente:** esa é, si.

**D.ª Elvira Lama Fernández:** ¿Que custo total, acompañantes, obxectivos e resultados concretos para os intereses desta provincia, tivo a viaxe que realizou como presidente? Unha puntualización, perdón. Vostede di que hai transparencia. Nós tamén dicimos que si, que hai transparencia, pero non toda. Ten vostede colgadas na web 34 viaxes onde constan parte dos gastos, e ten 34 onde non hai absolutamente nada. Iso é o que está na páxina, entón, claro, cando un se afirma e reafirma en que é o campión da transparencia, pois, presidente... e non faga comparacións con outras deputacións, porque non estamos poñendo en cuestión outras deputacións, eu estoulle na Deputación de Ourense e estoulle preguntando, neste momento, o

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2019</b>
---

día 25 de xaneiro de 2019, día de Santa Elvira, ao presidente da Deputación de Ourense do Partido Popular.

**Sr. presidente:** vale, pero eu estoulle dando datos para que o seu criterio teñan unha mellor conformación, que teña un espectro máis amplo e que non se quede só cinguido a un ámbito de actuación menor, eu fágoo polo seu ben, porque quero que siga sendo voceira do seu grupo político. Eu non digo que sexa transparente, o din os índices, eu non digo nada. Hai se avalían os indicadores, os dous que hai, Transparencia Internacional e Dintra, eu non o digo, eu digo que estamos aí liderando e evidentemente vostede pode estar en contra pero debería ser o suficientemente obxectiva para tamén emitir o seu criterio visualizando o cumprimento de tódolos indicadores que se esixen en cada un dos índices de todas e cada unha das entidades avaliadas. 10 de setembro de 2015, a Madrid. Pois mire, este foi unha entrevista co presidente de Excem, que ademais foi o presidente da Fundación Hispano- Xudea, David Hatchwell, para preparar a misión israelí que fixemos máis tarde, fun acompañado polo xerente do INORDE, o vicerreitor do campus de Ourense e catro empresas punteiras da provincia para coñecer o ecosistema de innovación tecnolóxica daquel país, que como saben é o país *start up*. Seguinte pregunta.

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández:** ¿Que custo total, acompañantes, obxectivos e resultados concretos para os intereses desta provincia, tivo a viaxe que realizou como presidente o 10 de setembro de 2015 a Madrid?

**Sr. presidente:** non, esa é a segunda, a terceira é o 11 de setembro.

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández:** espere, está aquí, si, 11 de setembro.

**Sr. presidente:** ese día tivemos a oportunidade de asistir a unha reunión en Medina do Campo, é esta, en Medina do Campo, e foi para, de conformidade con Javier Guillén, que é o director xeral de La Vuelta a España, que o segue sendo, e con Nava Castro, a directora xeral da Axencia de Turismo de Galicia, facer pública a saída da Vuelta Ciclista a España, por primeira vez na historia, dende a provincia de Ourense. Ese foi o desprazamento, e se quere doulle tamén tódalas cuestións que fixemos públicas ese día, que como sabe cando saíu a Volta non foi só esa primeira etapa, que a Volta se chamou Ourense Termal – Madrid, senón que foron tres etapas máis, presentación de equipos, etc, etc... ¿Seguinte pregunta?

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2019</b>
---

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández:** ¿Que custo total, acompañantes, obxectivos e resultados concretos para os intereses desta provincia, tivo a viaxe que realizou como presidente o 18 de setembro de 2015 a Madrid?

**Sr. presidente:** correcto, o resultado desa xuntanza e obxectivo foi asistir ao XI pleno da FEMP onde fun elixido membro da Xunta de Goberno da Federación Española de Municipios e Provincias.

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández:** ¿Que custo total – non me está a dicir o custe total, pero bueno - acompañantes, obxectivos e resultados concretos para os intereses desta provincia, tivo a viaxe que realizou como presidente o pasado 1 e 2 de outubro de 2015 a Peñíscola?

**Sr. presidente:** moi ben, o custo total de calquera cuestión está a disposición de calquera no departamento de Intervención, para examinar calquera tipo de documento contable e facer as preguntas que procedan. Estes días 1 e 2 de outubro de 2015, en Peñíscola, reuniuse a asemblea de gobernos locais intermedios de Europa, a Asemblea de Partenalia, e tivemos ao día seguinte o Consello Político cos representantes de gobernos provinciais e administracións locais intermedias de España, Francia, Bélxica, Italia, Reino Unido e Croacia. Nese Consello Político a Deputación de Ourense, unanimemente, entrou a forma parte deste Consello, do que formaban parte daquela sete forzas políticas diferentes, e fi tamén a oportunidade de aprobar a que se chamou Declaración de Castellón para o Bo Goberno.

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández:** ¿Que custo total, acompañantes, obxectivos e resultados concretos para os intereses desta provincia, tivo a viaxe que realizou como presidente o pasado 6 e 7 de outubro de 2015 a Madrid?

**Sr. presidente:** nesa ocasión fun a participar no South Summit que é a xuntanza máis importante a nivel europeo no ámbito do emprendemento, sendo convidado para intervir como único responsable político dese importante evento, falando de proxectos como da Provincia Intelixente, do modelo de xestión, d plan de goberno, da modernización tecnolóxica, do noso plan de mandato, en definitiva, de cuestións que suscitaron o interese dos asistentes, tal e como tiñamos feito en foros anteriores.

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández:** ¿Que custo total, acompañantes, obxectivos e resultados concretos para os intereses desta provincia, tivo a viaxe que realizou como presidente os pasados 11 e 12 de outubro a Madrid?

**Sr. presidente:** non, antes hai outra...

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2019</b>
---

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández:** 23 de novembro de 2015 a Madrid.

**Sr. presidente:** non, a número sete, por orde de rexistro, e a dos días 9 e 10 de febreiro de 2017.

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández:** pois entón non están colocadas por orde, nós deixámolas no Rexistro Xeral e non as rexistraron por datas, pero bueno...

**Sr. presidente:** iso é o que me chamou a atención, cando se vai rexistrar unha cousa se está aí pendente de que se lle asigne o número, digo eu...

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández:** si, bueno, si, pero normalmente os deputados temos máis cousas que facer. Pois responda á que ten aí.

**Sr. presidente:** non, responda á que ten aí, non, dígame cal quere que responda.

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández:** ¿pola orde cronolóxica ou a que ten aí?

**Sr. presidente:** pola orde de rexistro, que é a legal e é como funciona esta Deputación.

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández:** é un pouco difícil, presidente.

**Sr. presidente:** eu lle podo dicir cal é despois de que me diga se non sabe cal é a seguinte.

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández:** 11 e 12 de outubro de 2015 a Madrid

**Sr. presidente:** non.

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández:** esa contestouna xa

**Sr. presidente:** non, contestei a do 6 e 7 de outubro, e agora a seguinte por orde de rexistro é a do 9 e 10 de febreiro de 2017.

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández:** non, rexistráronas mal, nós démosllas por orde cronolóxica, se as rexistraron mal, é dicir, ¿saltamos de 2015 a 2017, presidente?

**Sr. presidente:** iso foi o que me chamou a min a atención

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández:** entón, claro, o funcionario... iso non é culpa nosa.

**Sr. presidente:** pero mire, se vostede presenta 64 preguntas tería que estar alí para, se ten tanto interese en que vaian nunha orde determinada... eu é a relación oficial que me mandan do Rexistro, eu non teño inconveniente en dicirlle cal é a orde que foi e lle respondo tal e como teño aquí ordenado, pero que saiba que foron presentadas así.

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández:** pero o número de rexistro non me vou poñer a miralo agora aquí, porque entón si que estamos aquí ata mañá.

**Sr. presidente:** eu lle podo dicir cal é a seguinte, e vostede logo me fai a pregunta.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2019</b>
---

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández:** vale, pois veña...

**Sr. presidente:** eu lle podo presentar ese asesoramento, de forma gratuíta...

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández:** grazas, presidente, que amable está hoxe, hoxe si que amarga o soldo, ben, veña

**Sr. presidente:** a seguinte á a do e 10 de febreiro de 2017, busque aí...

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández:** A Bruxelas.

**Sr. presidente:** exacto, pois o motivo da reunión a que fai referencia foi asistir en representación dos territorios termais de Europa a presentar en Bruxelas o Atlas Termal, que é a maior base de datos europea no ámbito do termalismo. Fun acompañado dos máximos responsables do Comité Científico da EHTTA, que á a European Historical Termal Towns Association, e reunímonos co gabinete do comisario europeo que leva especificamente esta cuestión, por certo, teño que dicir, que foi vía delegación do presidente da EHTTA, Giuseppe Belandi, e que é un proxecto que tivemos esta semana oportunidade de avalialo esta semana en Enghien-les-Bains. A seguinte é a do 11 e 12 de outubro de 2015.

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández:** a Madrid.

**Sr. presidente:** a razón fundamental foi asistir ao convite formulado pola Casa da Súa Maxestade El Rei para acudir ao día da Hispanidade. A seguinte é a do 12 ao 17 de marzo de 2017.

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández:** a Estados Unidos. Preparación da misión comercial.

**Sr. presidente:** correcto, está respondendo vostede perfectamente. Pois ben, foi a oportunidade que tivemos para propoñer non só a celebración da misión comercial senón tamén entrevistas con David Levine, presidente do Consello Americano de Negocio Sostible, con Robert Kennedy, que é o presidente da Waterkeeper Alliance, que como sabe é a organización medioambiental máis importante dos USA, reunímonos na embaixada co embaixador de España en USA, e tamén tivemos o máximo agradecemento, debo dicilo aquí, con Brooking Institution e coa Cámara dos USA – España, en total pois foron sete reunións, estamos a falar dunhas xuntanzas absolutamente interesantes que foron as que despois provocaron que o Goberno norteamericano autorizara oficialmente a realización desta misión comercial, a segunda. A seguinte é do 23 e 24 de novembro de 2015.

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández:** a Madrid, si.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2019</b>
---

**Sr. presidente:** foi para participar na Xunta de Goberno da FEMP. Nesa reunión fun elixido membro do Consello Mundial de Cidades e Gobernos Locais Unidos e tamén da Comisión Nacional de Administración Local.

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández:** non me está dicindo o custe de ningún, señor presidente.

**Sr. presidente:** pero se lle estou dicindo que para cada cuestión relacionada con iso, no apartado de transparencia, figuran as axudas de custo correspondentes e se quere saber algunha cuestión máis está á súa disposición no departamento de Intervención.

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández:** presidente, a ver se entende unha cousa, non é que eu queira saber o importe porque teña que fiscalizar ese importe, é que vostede presume de transparencia e os ourensáns queren saber canto gasta neses viaxes. Mire, porque non os colga igual que aquí figura que o presidente vai a Alacante ao Open Government Partnership, estancia 182,32 €, por exemplo, é un dato, outro, doulle outro, o vicepresidente vai a Roma o 13 e o 16, manutención, estancia e traslados, 1.019,73 €, simplemente estámoslle pondo en evidencia que non é tan transparente como di, e que non consta en moitos casos ningún dato, e noutros datos parciais Sr. presidente.

**Sr. presidente:** absolutamente transparente, custo total, acompañantes, obxectivos, resultados concretos.

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández:** a páxina está aí, calquera ourensán pode entrar e comprobalo

**Sr. presidente:** estou encantado de contestarlle ás preguntas que formulou para contestar oralmente.

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández:** está ben, seguimos, o custo non o vai dicir hoxe, non?, nos xa sabemos que se pagaron desde esta casa a dúas axencias de viaxe no ano 2016 preto de 65.000 euros, no 2017 preto de 71.000 euros, pois imos trasladar á cidadanía ou imos preguntarlle nesta casa cales foron esas viaxes, quen as fixo e todo o demais, todos eses expedientes.

**Sr. presidente:** iso está todo a disposición de vostede.

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández:** moi ben, pois a transparencia non só é predicala.

**Sr. presidente:** despois mestura conceptos que non teñen nin pes nin cabeza, non teñen sentido, pero iso está á súa disposición todo.

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández:** iso é unha opinión persoal súa.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2019</b>
---

**Sr. presidente:** é unha opinión con todo o criterio.

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández:** non, porque está afirmando que é transparente e aquí hai cousas que non están.

**Sr. presidente:** eu estoulle dicindo...

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández:** me está dicindo hoxe, pero non están colgadas na páxina web desta Deputación, estama dicindo hoxe.

**Sr. presidente:** non llas estou dicindo porque vostede me está dicindo que aínda non lle digo o que quere saber, vostede nunca vai estar contenta.

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández:** non, non, non, vostede non me está respondendo, estame respondendo parcialmente.

**Sr. presidente:** estoulle respondendo e vostede non está preguntando, está emitindo xuízos de valor.

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández:** siga porque nos van dar aquí as uvas...

**Sr. presidente:** iso é porque vostede presentou 64 preguntas, a min non me importa que dean as uvas, eu non teño ningunha outra dedicación máis que esta.

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández:** a min tampouco, por min podemos estar aquí ata mañá, ata as doce da noite, pero creo que temos que rematar. Mire, o Sr. Doval xa di que non.

**Sr. presidente:** eu lles dixen antes do Pleno que se querían abandonar e non estar presentes en toda a sesión que non hai ningún problema porque cada un ten as súas cousas que facer, pero vostede quere saber e eu estoulle contestando, aínda que, como dixen ao principio, esta petición e este formalismo ten toda a pinta e toda a definición dunha cuestión absolutamente para evitar que se pronuncie, estamos a falar dunha cousa indiscriminada, dunha interpretación abusiva do regulamento que eu, gustosamente, como lle dixen que a quero axudar, lle estou contestando.

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández:** veña, en cal íamos?

**Sr. presidente:** lle estou apuntando agora, 23 e 24 de novembro de 2015 xa fixemos, 28 e 29 de marzo.

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández:** de 2015?

**Sr. presidente:** perdón, de 2017

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2019</b>
---

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández:** resultados concretos que se acadaron na viaxe para os intereses desta provincia e que acompañantes, obxectivos e custo real tivo a viaxe que realizou o presidente o 28 e 29 de marzo a Bruxelas.

**Sr. presidente:** foi para presidir, por delegación do presidente do Consello Político dos Governos Provinciais de Europa de Partenalia, unha reunión na que me acompañaron pois todos os membros do Consello Político, onde se propuxo que Ourense acollera o Consello Político Extraordinario de Partenalia, que despois se celebrou aquí, para analizar as oportunidades que ofrecerá ás provincias da Comunidade Europea o Consello Europeo de Economía Sostible.

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández:** a seguinte.

**Sr. presidente:** a seguinte que formulou, está rexistrada así, é a do 21 de xaneiro de 2016, despois de marzo de 2017, xaneiro de 2016.

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández:** viaxe do Sr. presidente a Madrid.

**Sr. presidente:** nesta ocasión foi a presenza en FITUR, que como sabe se está a celebrar estes días, para presentar a iniciativa turística Ourense, a provincia termal, produtos turísticos innovadores e para incidir tamén en aspectos que daquela pois tiñan unha importancia sobranceira como a nosa alianza con La Vuelta a España e a nosa posición de colaborar e cooperar con outras administracións, como facemos como programa de trens turísticos, no que a cooperación é máximo entre o Ministerio de Fomento, aínda hoxe, e a Xunta de Galicia. A seguinte pregunta é a do 25 de xaneiro de 2016.

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández:** viaxe do presidente a Madrid. ¿Que custo total, - non mo vai dicir - acompañantes, obxectivos e resultados concretos para os intereses desta provincia, tivo a viaxe?

**Sr. presidente:** volvo a insistir, o custo total ou está na web ou está á súa disposición, calquera tipo de documento, no departamento de Intervención. En canto aos acompañantes, neste caso fun eu só, ese concepto de “comitiva” que vostede manexa so existe para a entrega dos premios Ourensanía en Arxentina e Uruguai. Neste caso a viaxe foi para asistir a unha reunión da Xunta de Goberno da FEMP onde falamos do modelo de financiamento local. A seguinte á a do 24 e 25 de abril de 2017.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2019</b>
---

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández:** ¿Que custo total, acompañantes, obxectivos e resultados concretos para os intereses desta provincia, tivo a viaxe que realizou como presidente os pasados 24 e 25 de abril de 2017 a Madrid?

**Sr. presidente:** a reunión tivo lugar en dependencias do Ministerio de Industria, na Escola de Organización Industrial, co seu director xeral, Fernando Bayón, onde asinamos un convenio de colaboración polo que a EOI achegaba, para accións formativas da Deputación, un orzamento de 500.000 euros. A seguinte é a do 23 – F de 2016.

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández:** viaxe do presidente a Madrid.

**Sr. presidente:** reunión da Xunta de Goberno da FEMP, onde se elixiron os representantes ourensáns nas comisións de traballo da FEMP, un total de 20 que forman parte de 18 comisións, cunha participación ourensá dun 70 % neses órganos da FEMP, e onde se deu conta de que alcaldes formaban parte desas comisións, que se quere llas leo: de consumo e comercio o alcalde de Vereia, de cooperación e desenvolvemento o alcalde da Merca, de cultura o de Celanova, de despoboamento o da Teixeira, deportes o da Veiga, deputacións provinciais, eu mesmo, Manuel Baltar, educación o alcalde de Cenlle, función pública o alcalde de Muíños, igualdade, A Porqueira, integración e cohesión social, Carballeda de Valdeorras, mancomunidades, Quintela de Leirado, modernización Jesús Vázquez, alcalde de Ourense, mobilidade e accesibilidade o alcalde de Piñor, patrimonio histórico e cultural o alcalde de Nogueira de Ramuín e o alcalde de O Carballiño, relacións internacionais a alcaldesa de Cartelle, saúde pública alcalde de Arnoia, seguridade e convivencia cidadá, alcalde de Cortegada, e sociedade da información e novas tecnoloxías, don Miguel Bautista Carballo, alcalde de Petín.

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández:** a seguinte é a do 29 de febreiro de 2016, viaxe a Madrid.

**Sr. presidente:** esta reunión enmárcase nas reunións preparatorias do comité permanente do Consello da Fundación Democracia y Gobierno Local, e aproveite tamén para reunirme co vicepresidente da Cámara de Comercio de Atlanta, nos USA, para que apoiase a misión comercial norteamericana que tivo lugar meses despois en Ourense. A seguinte é a do 8 ao 12 de maio de 2017.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2019</b>
---

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández:** ¿Que custo total, acompañantes, obxectivos e resultados concretos para os intereses desta provincia, tivo a viaxe que realizou como presidente os pasados 8 a 12 de maio de 2017 a Israel?

**Sr. presidente:** se trataba de promover alianzas comerciais e tecnolóxicas con empresas e universidades de Israel e para explorar liñas de innovación para o comercio ourensán e para o campus de Ourense. Falamos de potenciar as exportacións a Israel procedentes de once empresas de Ourense, unha cifra que se viña triplicando dende 2014. Esta misión. Esta reunión se fixo trala reunión previa entre o representante das entidades empresariais de Ourense, que son os que avalaron que a Deputación levara a cabo esta actuación no ámbito da exportación e do comercio internacional. Formaron parte desta expedición representantes das empresas COREN, de UMVI, de Atel, de Wellkin e do Grupo Caldaria.

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández:** vostede fala de once empresas, non me sae a conta.

**Sr. presidente:** falei das máis representativas...

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández:** tamén fala de convenios coa Universidade...

**Sr. presidente:** si, asinaron un convenio, o vicerreitor do campus de Ourense coa Universidade de Tel Aviv. Tamén estivemos coa directora executiva da IATI, que é a organización tecnolóxica máis importante deste país, estivemos tamén cun vicepresidente do Parlamento israelí, que é membro do comité de finanzas e responsable do lobby de promoción de negocio de Israel. En todas estas reunións estiveron presentes a universidade e algunhas das empresas máis senlleiras da provincia. A seguinte pregunta é a do 13 de marzo de 2016.

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández:** viaxe do presidente a Madrid.

**Sr. presidente:** foi unha reunión da Xunta de Goberno da FEMP onde fixemos unha defensa da eficacia e garantía de calidade das deputacións provinciais para os concellos de menos de 20.000 habitantes, nun momento no que estaba en discusión, en función dun pre – pacto de goberno a nivel nacional, entre o PSOE e Ciudadanos, o papel das deputacións provinciais no século XXI. A seguinte viaxe á a de 30 de maio de 2017.

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández:** viaxe do presidente a Madrid.

**Sr. presidente:** reunión da Xunta de Goberno da FEMP para falar do novo marco de financiamento local, para falar das novas competencias que tiñan atribuídas nalgunhas comunidades autónomas determinadas cesións do goberno da nación, e para facer declaracións

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2019</b>
---

institucionais e sinaturas de convenios e habilitar ao secretario xeral, daquela Juan Ávila, para que asinara diversos convenios en representación da FEMP. A seguinte é a de 28 e 29 de maio de 2016.

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández:** a Madrid tamén.

**Sr. presidente:** pois tamén tivo lugar unha reunión da Xunta de Goberno da FEMP. Foi unha reunión específica, cun gran protagonismo da normativa, neste caso, que favorece ao financiamento local, preparatoria do Consello Nacional de Administración Local, e solicitamos unha reunión co daquela ministro de Facenda para modificar a regra que determinaba o teito de gasto e para pedir a devolución das liquidacións negativas da participación das entidades locais nos ingresos do Estado, para que se puidera aprazar vinte anos. A seguinte é a do 13 e 14 de abril de 2016.

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández:** ¿Que custo total, acompañantes, obxectivos e resultados concretos para os intereses desta provincia, tivo a viaxe que realizou como presidente os pasados 13 e 14 de abril de 2016 a Madrid?

**Sr. presidente:** o desprazamento nesta ocasión foi para recoller un premio a nivel nacional, o premio nacional Excelentia, dun padroado que preside a raíña dona Sofía, foi premiada a Deputación de Ourense e a súa Real Banda de Gaitas como mellor iniciativa cultural nacional, e ese foi o obxectivo e o propósito da viaxe, compartir o premio con outras personalidades e institucións e visualizar a importancia da Real Banda de Gaitas a nivel nacional e tamén a nivel internacional. A seguinte é a viaxes do 6 e 7 de xullo de 2017.

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández:** viaxe do presidente a Coimbra.

**Sr. presidente:** a viaxe a Coimbra ven como consecuencia dunha petición expresa do presidente da FEMP, de don Abel Caballero, para que o acompañase no primeiro cumio hispano – luso de gobernos locais, non se fixera nunca en democracia, un encontro entre os representantes das máximas entidades representativas a nivel nacional do municipalismo, un cumio que serviu para potenciar a cooperación transfronteiriza e o papel central da eurrrexión Galicia – Norte de Portugal. A seguinte pregunta é pola viaxe do 4 de maio de 2016.

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández:** viaxe do presidente a Madrid.

**Sr. presidente:** este desprazamento foi para presentar na Casa de Galicia en Madrid o primeiro estudo sobre turismo termal, editado polo Ministerio de Industria do Goberno de

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2019</b>
---

España, e que foi elaborado polo director do plan A Provincia Termal de Ourense, sendo unha posibilidade de presentar este estudo e de debater entre especialistas e cos medios de comunicación sobre as posibilidades e potencialidades do termalismo. A seguinte é a do 27 de setembro de 2016.

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández:** a Madrid, si.

**Sr. presidente:** Xunta de Goberno e Consello Territorial da FEMP, dos que forma parte esta presidencia, para falar das competencias en materia de financiamento local recadación de tributos, o funcionamento do órgano de contratación da FEMP e outro tipo de cuestións que suscitaron os membros destes dous órganos. A seguinte é a do 17 e 18 de xullo de 2017.

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández:** ¿que custo total, acompañantes, obxectivos e resultados concretos para os intereses desta provincia, tivo a viaxe que realizou como presidente os pasados 17 e 18 de xullo de 2017 a Madrid?

**Sr. presidente:** o 17 de xullo de 2017 participei na Xunta de Goberno da FEMP, estivemos a falar de asinar convenio co Ministerio de Agricultura, unha addenda ao convenio marco entre o Ministerio de Educación e a FEMP, co Ministerio de Xustiza, coa Generalitat e a Dirección Xeral da Axencia de Seguridade e Respostas en Emerxencias e a FEMP e un convenio de colaboración coa Secretaría de Estado de Cooperación Internacional e para Iberoamérica da FEMP... en definitiva cuestións todas elas, como falar do daquela futuro II Congreso de Despoboación do Medio Rural, que se celebrou en Huesca, co presidente, Miguel Gracia, por certo, do PSOE, o 22 e 23 de xuño de 2017. Aproveitamos tamén para reunirmos coa, daquela, comisionada para o reto demográfico, fun acompañado de Regina Polín, como sabe alcaldesa socialista e presidenta da sección de vilas termais da FEMP, para que se inclúa, nas medidas demográficas que se poidan implementar polo Goberno da Nación, a perspectiva termal e un tratamento específico para aquelas vilas e pobos considerados termais. O 17 de xullo, antes de saír para Madrid, pasei por Vigo, invitado polo Círculo de Empresarios de Galicia, que celebraba o seu 25 aniversario, presidido por El Rei Felipe VI.

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández:** presidente, moito ir a reunións para falar de reto demográfico, de despoboación e demais, pero esta provincia séguese despoboando, segue a perder poboación en practicamente tódolos concellos, na capital tamén, e non lle poñemos remedio...

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2019</b>
---

**Sr. presidente:** esa é outra pregunta, se quere ma pode formular despois...

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández:** vamos a ver, ¿logros concretos? Seguimos a perder poboación, xa sabemos que a poboación que no queda no rural é máis vella, pero teremos que facer algo, ¿non?, digo eu...

**Sr. presidente:** ben, pero diso se quere falamos logo, imos seguir unha orde, repítolle unha palabra: institucional...

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández:** vale, vale..

**Sr. presidente:** segundo os datos do Rexistro de entrada, agora correspondería a pregunta da viaxe do 25 de outubro de 2016

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández:** si, viaxe do presidente a Madrid

**Sr. presidente:** participación na Xunta de Goberno da FEMP, e fundamentalmente analizouse o papel da FEMP en organismos de carácter internacional. Daquela se lle propuxera á FEMP o poder participar na Confederación Europea de Poderes Locais Intermedios, cuestión que se rexeitou, e como sabe agora eu ostento a vicepresidencia desa Confederación por participar en Partenalia. Se asinaron determinados convenios con determinados concellos, avanzouse en cuestións relacionadas con territorios intelixentes, se falou tamén das cidades verdes e das problemáticas relacionadas coa sustentabilidade, en definitiva, se tomaron diversos acordos que figuran na orde do día da reunión. A seguinte pregunta é a do 12 e 13 de setembro de 2017.

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández:** viaxe do presidente a Santander.

**Sr. presidente:** en Santander fun convidado pola Universidade Internacional Menéndez Pelayo, para falar da igualdade territorial en España e para falar de validar o papel das deputacións, na compañía de Francisco Reyes, que como vostede sabe é o presidente da Deputación Provincial de Jaén, presidente da Comisión de Diputacións da FEMP, e o seu partido político é o PSOE. Falamos da necesidade de contar coas deputacións na vertebración de España, que non somos só circunscricións electorais e que temos moito que dicir nos ámbitos medioambiental, enerxético ou económico. A seguinte pregunta corresponde co 28 de novembro de 2016.

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández:** exacto, a Madrid.

**Sr. presidente:** Xunta de Goberno da FEMP, sinatura de diversos convenios de colaboración, con ministerios, con algunha organización internacional, se deu conta de

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2019</b>
---

determinados acordos en relación coa política enerxética do Goberno da Nación e de modificacións na composición dalgunhas comisións de funcionamento da propia FEMP. A seguinte pregunta é a do 13 de outubro de 2017 a Madrid.

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández:** exacto.

**Sr. presidente:** esa reunión tivo como escenario a Escola de Organización Industrial co seu director, con Fernando Bayón, ao que me referín antes, para poñer en marcha determinados proxectos de emprego xuvenil utilizando en colaboración con concello de Ourense o espazo de La Molinera e asinamos convenios por importe superior a 1,2 millóns de euros para determinados programas que se foron realizando nos meses posteriores, e é unha alianza que, polo que me comentan os novos responsables da EOI, imos seguir mantendo e potenciando no futuro, dado o resultado e o éxito das anteriores. A seguinte pregunta refírese ao 30 de novembro de 2016

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández:** a Bruxelas

**Sr. presidente:** en Partenalia, en Bruxelas, na realización dun consello técnico preparando un consello técnico – político que se ía realizar máis tarde en Ourense. Tivemos representantes do Comité das Rexións, do Parlamento Europeo e da CEPLI para deseñar a primeira reunión que se realizou aquí de Partenalia e que foi tamén un éxito de funcionamento e de acordos que se adoptaron para o futuro. A seguinte pregunta refírese ao 19 e 20 de outubro de 2017.

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández:** ¿Resultados concretos para os intereses desta provincia, custo total, acompañantes, obxectivos que tivo a viaxe que realizou como presidente os pasados 19 e 20 de outubro de 2017 a Alacante?

**Sr. presidente:** pois serviu non só para recoller o premio á Deputación por ser o goberno provincial máis transparente de España senón para participar nunha interesantísima ponencia con outros membros importantes da administración pública española, como poden ser o alcalde de Las Palmas, do seu grupo político, en definitiva para falar de transparencia, de goberno aberto, de administración electrónica, un cumio ao que asistiron diversas personalidades do resto de España, de case todas as CC.AA e no que, evidentemente, a Deputación de Ourense tivo un papel importante tendo en conta a recepción do premio á transparencia en España. A seguinte pregunta refírese á viaxe do...

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández:** 20 e 21 de abril de 2017, a Ibiza.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2019</b>
---

**Sr. presidente:** 21 e 22, na súa pregunta figura o 20 e 21 pero foi o 21 e 22. Tratouse da reunión da comisión de deputacións, cabildos e consellos insulares, unha reunión na que participaron vinte e seis representantes de gobernos provinciais e insulares de España para dar conta do estatus das deputacións no panorama nacional. É unha reunión que se realiza cada tres ou catro meses, que convoca Paco Reyes, o presidente da Deputación de Jaén que, por certo, ese día non a puido presidir porque tivo un problema cardíaco a primeira hora que lle fixo imposible presidir esa reunión, presidindo a sesión o presidente da Deputación de Guadalajara.

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández:** ¿Que custo total, acompañantes, obxectivos e resultados concretos para os intereses desta provincia, tivo a viaxe que realizou como presidente os pasados 4, 5 e 6 de outubro de 2017 a Segovia?

**Sr. presidente:** en Segovia asistimos á Conferencia Nacional de Presidentes de Gobernos Provinciais que, como saben, é unha iniciativa desta Deputación, que levei eu persoalmente na Fundación Democracia y Gobierno Local, que celebrou a súa primeira edición no ano 2014, despois celebrouse en Badajoz, presidida polo PSOE, despois Segovia, que foi a última, e a próxima será en Granada, xa lle anticipo que será o 14 e 15 de febreiro de 2019. Falouse dos modelos deputacionais, viñeron representantes do Goberno para falar de cuestión relacionadas fundamentalmente co financiamento, reivindicando a participación nos tributos das CCAA, e tomar ás deputacións como ferramentas eficaces para a mellor prestación dos servizos públicos. Estiveron por suposto presidentes de deputacións doutras formacións políticas e o obxecto fundamental foron o financiamento e competencias dos gobernos intermedios. Fixemos unha mesa redonda sobre flexibilidade fiscal, recuperar o financiamento para os plans de cooperación e para mellorar a definición de competencias, que son os eixos centrais da chamada Declaración de Segovia, que se fixo pública coa asistencia e participación de tódolos presidentes dos gobernos provinciais que alí se deron cita.

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández:** a seguinte é o 3 de novembro de 2017 a Santiago.

**Sr. presidente:** fun convocado polo Parlamento de Galicia para concorrer á Comisión de Economía, da que formei parte nos meus anos de parlamentario, para expoñer o proxecto de orzamentos para o exercicio seguinte, sendo a Deputación de Ourense a única que levaba xa o orzamento aprobado. Na miña intervención non falei das liñas xerais senón dos orzamentos xa aprobados, e tiveron a oportunidade de entablar debate cos representantes dos

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2019</b>
---

grupos políticos que forman parte da cámara galega. Acudín porque é unha obriga legal, outros presidentes de deputacións de Galicia non foron. A seguinte pregunta é a do 20 e 21 de xullo de 2018.

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández:** a Bruxelas, si.

**Sr. presidente:** nesta ocasión a reunión tivo lugar co vicepresidente do Parlamento Europeo, con Ramón Luis Valcárcel, con altos cargos da Unión Europea, tamén un encontro diplomático coa embaixadora de España en Bruxelas, e falouse das liñas xerais de funcionamento de Partenalia para os vindeiros anos, fundamentalmente de financiamento, medio ambiente e cooperación entre entidades locais de diferentes países, e tamén se falou da dúbida que supuña para o futuro o resultado do referendun sobre o Brexit. A seguinte pregunta refírese ao 8 de novembro de 2017.

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández:** viaxe do presidente a Madrid

**Sr. presidente:** pois para participar na Comisión Permanente e no Padroado d Fundación Democracia y Gobierno Local. Da Comisión Permanente formamos parte oito dos vinte e seis gobernos provinciais que a conforman, e foi para aprobar determinadas cuestións relacionadas con publicacións, con comunicacións dirixidas ao goberno da Nación, con valoración de determinadas actividades que facemos regularmente nas deputacións, e aquí sinaladamente, unha vez ao ano, un foro específico sobre o futuro dos gobernos provinciais, empezou chamándose así pero agora lle chamamos dos gobernos provinciais do futuro. Aprobouse o orzamento da Fundación, e facer de canle de comunicación co FEMP aqueles cargos que formamos parte dos órganos de goberno das dúas entidades. A seguinte é a do 24 e 25 de xuño de 2018.

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández:** viaxe do presidente a Salamanca e Madrid.

**Sr. presidente:** estivemos a falar nesta reunión da Comisión de Deputacións, Cabildos e Consellos Insulares da FEMP, que preside Francisco Reyes, presidente da Deputación de Jaén, do PSOE, que foi quen nos convocou en Salamanca, para alar do reparto equilibrado dos fondos europeos para a provincia, e que teñamos un maior protagonismo á hora de xestionar os fondos europeos, que se teña en conta a peculiaridade provincial. Tamén se falou dos centros Europe Direct, e deuse conta da miña elección como presidente de Partenalia, unha organización que tamén está en liña de colaborar coa Comisión de Deputacións, Cabildos e Consellos Insulares da FEMP. A seguinte pregunta...

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2019</b>
---

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández:** 18 e 19 de setembro de 2018, a Tarragona.

**Sr. presidente:** correcto, como presidente de Partenalia para asinar un acordo de colaboración con Arco Latino, Arco Latino é unha rede de networking dos gobernos provinciais do arco mediterráneo, cos países máis ligados ao Mediterráneo, que teñen preocupacións comúns que están na axenda política, fundamentalmente para falar de fondos europeos, da despoboación e de servizos. Fixemos pública unha declaración, mantivemos unha reunión de traballo con máis de cincuenta técnicos que desenvolven coñecemento e que pretenden manter activos os territorios achegando recursos e oportunidades á poboación, e estamos a falar de cuestións que son claves, non só para Partenalia senón tamén para Arco Latino como a xestión intelixente, o traballo coordinado, as medidas efectivas e por suposto gañar en axilidade e ter menos burocracia, que é unha demanda tamén, unánime, de tódolos gobernos provinciais europeos.

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández:** ¿Que custo total, acompañantes, obxectivos e resultados concretos para os intereses desta provincia, tivo a viaxe que realizou como presidente os pasados 19 de decembro de 2017 a Madrid?

**Sr. presidente:** foi para participar nos dous órganos da FEMP dos que formo parte, tanto a Xunta de Goberno como o Consello Territorial, e se deu conta de determinados acordos co Goberno da Nación en relación non só con reunións senón con asumir determinados criterios que lle foron elevados polo secretario xeral da FEMP á hora de establecer determinadas normativas, nunha fase de participación de tódalas entidades e evidentemente en nome do municipalismo español quen primeiro se ten que pronunciar é a FEMP. No Consello Territorial, que se realiza despois da Xunta de Goberno da FEMP, se ratificaron todas esas actuacións e todas esas decisións.

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández:** a seguinte pregunta é a viaxe que realizou os pasados 24, 25 e 26 de setembro de 2018 a Madrid.

**Sr. presidente:** exacto, estivemos a falar tamén na Xunta de Goberno da FEMP en no Consello Territorial de cuestións relativas aos problemas que teñen moitos entes locais a nivel nacional, fundamentalmente concellos pequenos, de financiamento, de sustentabilidade, de escasos recursos, non só económicos senón tamén de persoal para atender os servizos públicos municipais, e tamén do papel importante que as deputacións poden despregar. Empezamos a redactar un documento, hai unha comisión específica para isto, para poñer en valor o papel das

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2019</b>
---

deputacións neste escenario. E tamén asistín a outra nova reunión na EOI para pulir o convenio que asinaríamos meses máis tarde e que de novo porá a disposición da provincia 800.000 euros para programas lanzadeiras de emprego xuvenil.

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández:** presidente, vostede vai a esas reunións pero logo non se aplica o conto, porque vai a unha reunión sobre os concellos e o financiamento e as dificultades que teñen para poñer en marcha servizos e logo despois aquí...

**Sr. presidente:** eu lle estou dicindo o que vostede me pregunta

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández:** e logo aquí non aplica o que vai dicir por aí adiante

**Sr. presidente:** ¿e cre que os vinte e catro que van comigo o aplican despois?

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández:** ah, non sei, eu pregúntolle a vostede que é o presidente en Ourense

**Sr. presidente:** é que vostede vive nun mundo que, lle volvo a repetir a palabra, institucional, esa é a palabra que se debe levar deste pleno en letras maiúsculas se se pode.

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández:** vale, si, moi ben...

**Sr. presidente:** a seguinte pregunta se refire ao 17 e 18...

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández:** ... de xaneiro a Madrid

**Sr. presidente:** pois foi o desprazamento que fixen a ese evento que é FITUR, a gran feira de turismo en España, para asinar o convenio co ministro de Fomento para o programa de termalismo social nos nosos balnearios e tamén para presentar a exposición que tivo máis éxito na historia da provincia de Ourense, *In tempore sueborum*, aproveitando tamén para incidir na fortaleza de Ourense como destino de turismo deportivo, cultural e termal. Como sabe estes días fixéronse públicos os datos turísticos, e os do ano 2018 foron os mellores da historia, non só en número de visitantes, que houbo 25.000 máis que no 2016, senón tamén en número de pernoctacións, sendo Ourense a única provincia que sube e mellora os datos respecto do ano 2017. Iso é o que fun facer a FITUR o 17 e 18 de xaneiro de 2018, ademais de presentar o ecosistema de turismo deportivo que deseñamos dende o INORDE e que contempla a provincia como o escenario perfecto para a práctica do deporte. A seguinte pregunta corresponde co 29 e 30 de outubro.

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández:** a Madrid, si.

**Sr. presidente:** fun á Comisión Permanente e Padroado da Fundación Democracia y Gobierno Local, e tamén a unha entrevista co presidente do Padroado e da Comisión, que é nin

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2019</b>
---

máis nin menos que o presidente da Deputación de Barcelona, Marc Castells, sen dúbida a deputación con maior capacidade económica de España, e falamos da xestión directa dos fondos europeos, de ámbitos fundamentais de traballo que están na axenda dos gobernos locais intermedios e fundamentalmente de cooperación, por suposto tamén das actividades das deputacións e da necesidade de dar formación relativa á protección de datos. Eses foron os temas fundamentais desas reunións. A seguinte pregunta corresponde ao 5 e 6 de febreiro de 2018.

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández:** a Bruxelas.

**Sr. presidente:** tivemos unha reunión preparatoria do Consello Político de Partenalia, tivemos de reunirnos con Karl – Heinz Lambertz, que é o presidente Do Comité das Rexións, nese intre estaba a punto de aprobarse un documento que se lle fixo chegar a Jean Claude Juncker, o presidente da Comisión Europea, en relación co financiamento e coa xestión dos fondos europeos, e participaron practicamente tódolos membros da comisión, da comisión técnica pero tamén da asemblea de Partenalia e fixemos público un documento que fixemos chegar tanto á Comisión como ao Parlamento Europeo e que estamos á espera de que se teña en consideración a posición inicial no novo marco financeiro plurianual para a UE, non eran moi boas as perspectivas tendo en conta que baixaban 5 ou 6 puntos as contías destinadas á cohesión territorial, de aí que se puxera en marcha a Alianza pola Cohesión Territorial, unha alianza da que esta Deputación forma parte e que xa tivo oportunidade de asinar oficialmente.

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández:** ¿Que custo total, acompañantes, obxectivos e resultados concretos para os intereses desta provincia, tivo a viaxe que realizou como presidente os pasados 2 de novembro de 2018 a Santiago de Compostela?

**Sr. presidente:** fun novamente citado polo Parlamento de Galicia para participar na comisión 3<sup>a</sup> dos orzamentos, no proceso de elaboración dos orzamentos, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma, convocaron a tódolos presidentes das deputacións, vostede xa sabe quen acudiu e quen non e foi unha oportunidade de novo para presentar uns orzamentos xa aprobados, cunha liñas estratéxicas definidas que responden a un plan de mandato cunhas prioridades claras e por suposto amosando de novo a disposición da Xunta de Galicia para seguir cooperando pero tamén reclamando en sede parlamentaria unha cuestión que sempre quedou sen resolver que é a participación das deputacións nos tributos recadados pola Comunidade Autónoma, que é unha cuestión que está prevista na nosa Carta Magna.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2019</b>
---

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández:** ¿custe total e acompañantes da viaxe dos días 9 a 15 de novembro a Bos Aires e Montevideo?

**Sr. presidente:** a relación de persoas que asistiron á entrega do premio Ourensanía Uruguai 2018 son as seguintes, forman parte fundamentalmente da expedición da Real Banda de Gaitas e representantes institucionais: Mario Gómez García, Iago Fernández Méndez, Álvaro Rúa Manso, Daniel García Rodríguez, Noelia Díaz Álvarez, Emilio Epifanio Rodríguez Prieto, José Alonso Diéguez, Manuel Lorenzo Tallón, Kevin Alexander Paz Alonso, Thais Paz Alonso, Zaida Lopez Blanco, Iván Trigás Santana, Concepción Aira Quintas, Oliver Rúas Barrosa, Diego López Gómez, Elena Quintela González, Cristina Pumar Rico, Iván Copo Fernández, José Luis Foxo Rivas, Marco Aurelio Foxo Aira, Antonio Javier Lozano Formoso, María Teresa García Caneda, Marieta Rúas Barrosa, Nicolás Salgado Biempica, Aroa Piñeiro Martínez, Paula Fernández Labrador, Lucía Calviño Noceda, Alejandro Nieves Rodríguez, Susana García Pérez, Jonatan Ferreira Vázquez, José Manuel Baltar Blanco, José Ángel Sampaio Fernández, José Francisco Cougil Hermida, Luís González Tosar, Fernand Rodríguez Méndez, Alberto Paz Garza, Juan Luís Saco Cid, Antonio Piñeiro Feijoo, José Luís Ferro Iglesias, Francisco José Fumega Piñeiro, Pablo Pérez Pérez, José Luís Sobrado Pérez e Miguel Bautista Carballo. Ourense e Buenos Aires celebramos unha serie de actos en todo este tempo, a verdade é que foi unha axenda bastante importante, en primeiro lugar cunha homenaxe ao filántropo e empresario Ramón Santamarina no cemiterio de La Recoleta, por suposto entregamos o premio Ourensanía ao centro partido de Carballiño e ao centro ourensán de Montevideo pola súa labor a prol da emigración ourensá, estivemos ao día seguinte en Montevideo homenaxeando ao centro ourensán, un centro que é referente da ourensanía en Uruguai, fixémonos eco e visitamos *in situ*, representantes de tódalas forzas políticas, para solicitar unha solución á actual situación que atravesamos o Centro Galego de Bos Aires, que, por certo, se mantén esa preocupación, se mantén a nosa reivindicación para que os gobernos arxentino e español solucionen o problema, é unha cuestión de vontade política que é preciso activar porque hai que conservar unido o patrimonio inmobiliario, artístico e cultural que conforma ese Centro. Visitamos o Colexio Santiago Apóstolo, o Centro Galicia, fun distinguido como hóspede de honra da cidade de Bos Aires nun acto que tivo lugar na sede da Asemblea Lexislativa e negociamos co Centro Galicia, que vai ser unha realidade, que o cadro *A derradeira lección do mestre*, de Castelao, se expoña

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2019</b>
---

tamén en Ourense logo do seu paso pola Cidade da Cultura en Santiago de Compostela, unha cuestión que evidentemente a todos nos enche de orgullo identitario por canto estamos a falar dun auténtico referente, de Castelao, e daquel que tivo moitísimo que ver non só con este cadr senón con toda a actividade literaria, política, humanística e científica de Castelao, que non foi outro que Rodolfo Prada Chamochín, cuxos restos están hoxe na Deputación, que tamén foi unha xestión que teño que poñer en valor porque estamos a falar dunha persoa que quixo volver a Galicia, o deixou escrito, cando Galicia fose democrática e contase cun goberno de seu. Visitamos a Federación de Asociacións Galegas de Arxentina e asinamos un convenio para potenciar o Museo Galego da Emigración en Ourense. Saben que eles teñen alí o Museo da emigración en Bos Aires e, a grandes trazos, estes actos foron os que realizamos tanto en Bos Aires como en Montevideo.

**D.ª Elvira Lama Fernández:** a seguinte é o 14 de febreiro a Madrid

**Sr. presidente:** sí, a unha reunión da Xunta de Goberno da FEMP, e despois unha recepción no Palacio de la Zarzuela con El – Rei, Felipe VI, falando de reforma constitucional, de definición de competencias e financiamento local, estivemos aproximadamente dúas horas e o monarca amosou un coñecemento total da situación do municipalismo español, unha cuestión que sorprendeu porque tiña sobre esta cuestión moitos datos. Quedamos en remitirle a Felipe VI cun documento coas reivindicación da FEMP, con tres grandes capítulos fundamentalmente: estar incluídos na reforma constitucional, contar cunha definición clara de competencias e dispoñer dun modelo de financiamento axeitado.

**D.ª Elvira Lama Fernández:** a seguinte, a do 27 de novembro de 2018 a Madrid.

**Sr. presidente:** correcto. Fun convidado pola Asociación Galega de Empresarios en Madrid, na Casa de Galicia, para facer unha intervención, unha conferencia, que tiña que ver coas posibilidades da provincia, co novo escenario que se abre coa chegada da alta velocidade, coa oportunidade que temos, dende a Deputación que é a única institución que poder ter unha visión integradora porque é a única que ten unhas competencias provinciais de ir acompañando este tempo previo para ter unha provincia termal en disposición de aproveitar as grandes posibilidades que nos ofrece a alta velocidade. Fun presentado polo presidente desas Asociación, Julio Lage, estivo o director da Casa de Galicia, Ónega, e en definitiva pois foi unha reunión moi interesante, cun coloquio posterior importante, no que se albiscaron

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2019</b>
---

iniciativas empresariais importantes e contactos interesante para o futuro empresarial de Ourense.

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández:** a seguinte é a do 16 de abril de 2018 a Braga.

**Sr. presidente:** en Braga o que fixemos foi presentar, acompañados do presidente da Cámara, dada a implicación e o peso do mundo suevo nese territorio, no norte de Portugal, a exposición *In tempore sueborum* que se estaba a realizar neses días aquí na capital, organizada pola Deputación, e que volvo a lembrar, tiña 262 elementos procedentes de 39 museos de 10 países, e que foi sen dúbida o acontecemento cultural máis importante, por asistencia de visitantes, dos que se teñen realizado na provincia. Percibimos a receptividade da xente de Braga, veu unha embaixada institucional do concello a visitar a exposición e se lle deu a difusión que precisabamos, non só nos medios xornalísticos senón tamén nas redes sociais e nas propias canles de comunicación da cámara municipal.

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández:** ¿Que custo total, acompañantes, obxectivos e resultados concretos para os intereses desta provincia, tivo a viaxe que realizou como presidente os pasados 4 e 5 de decembro de 2018 a Bruxelas?

**Sr. presidente:** esa reunión foi á asemblea da CEPLI, a maior rede de cooperación territorial da UE, integrada por asociacións de provincias de oito estados membros da UE, ademais dos 40 territorios europeos das redes de networking político e técnico non só de Partenalia senón tamén de Arco Latino. Nesa reunión fun elixido unanimemente vicepresidente desta entidade, con dous compañeiros, presidente e secretario xeral, do grupo socialista, nunha candidatura conxunta, sendo a plataforma perfecta para seguir reivindicando o equilibrio territorial e para compartir estratexias de xestión en servizos supramunicipais, e hai que lembrar que na maior parte dos países da UE existen gobernos provinciais, como as deputacións, os chamados gobernos locais intermedios, con competencias e con capacidade tamén de transformar o territorio.

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández:** a seguinte pregunta corresponde á viaxe do 20 de abril de 2018 a Madrid.

**Sr. presidente:** foi para participar nun foro de desenvolvemento rural, de territorios rurais intelixentes, onde tamén participaron membros do Ministerio e outras entidades que tamén teñen moito que ver neste eido, como asociacións e sindicatos agrarios, colexios profesionais e outros axentes activos no mundo rural, e foi un acto que se celebrou no

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2019</b>
---

Congreso dos Deputados, son uns foros que se chaman APAMA.4.0, e foi para dar tamén a nosa visión en materia de innovación, en materia de formación, en definitiva, cuestións que van a formar parte dunha das medidas que se recollerá no plan de mandato 7273, como é a posta en marcha do Observatorio do Rural, un tema sobre o que xa levamos avanzado bastante coa Universidade de Vigo a través do seu novo reitor e o seu equipo de goberno.

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández:** a seguinte pregunta corresponde á viaxe que fixo do 15 ao 18 de febreiro de 2016 a Estados Unidos.

**Sr. presidente:** este é o anterior viaxe a Estados Unidos, se corresponde coa primeira misión comercial, coa posibilidade de falar con representantes do Departamento de Comercio e coa Cámara de Comercio daquel país, estamos a falar dunha Cámara de Comercio que apoiou a misión empresarial dos EE.UU., tema importante porque se necesita unha autorización do Goberno norteamericano, tratábase da primeira misión comercial que se realizaba en España, avalada polo Goberno norteamericano que non fora en Madrid ou en Barcelona, se trataba, e así se fixo, se poñer en valor a disposición da Deputación como goberno provincial, da man dos empresarios, porque todas estas cuestións se fixeron previa reunión cos empresarios, coas súas entidades representativas, tanto a Confederación de Empresarios de Ourense como a Cámara de Comercio, e como fixemos días atrás, antes de propoñer, en última instancia, ao Goberno da Xunta de Galicia a posibilidade de que Ourense acollera o Centro Galego de Innovación de Formación Profesional. Iso se chama cooperación, se chama colaboración, se chama goberno participativo, e esas foron as razóns fundamentais dese desprazamento de tres días que sen dúbida serviron para que se puidese poñer en marcha esa primeira misión empresarial de EE.UU. en Ourense.

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández:** a seguinte pregunta corresponde á viaxe realizada o 23 e 24 de abril de 2018 a Madrid.

**Sr. presidente:** foi para participar nunha reunión da Xunta de Goberno da FEMP, e de paso asinar co alcalde de Alcorcón, David Pérez, un acordo para colaborar en servizos sociais e envellecemento activo a través do termalismo. Cabe dicir que tódalas entidades representativas de gobernos provinciais e mesmo concellos que forman parte da Xunta de Goberno da FEMP saben, coñecen, e está difundido o noso programa de termalismo social, e é un programa moi atractivo, e imos asinar nas vindeiras semanas convenios similares con outras entidades, non só locais senón tamén provinciais, e é unha mostra máis da importante

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2019</b>
---

aposta que fixemos no seu momento, do crecemento ao longo deste tempo incrementando ano tras ano, superando tódalas expectativas, o que reafirma o liderado termal de Ourense no panorama nacional.

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández:** a seguinte pregunta refírese á viaxe do 23 e 24 de maio de 2018 a Bruxelas.

**Sr. presidente:** foi cando tivo lugar a Asemblea de Partenalia, onde fun elixido unanimente presidente da asociación, a maior rede europea de gobernos provinciais. Louvouse o papel do anterior equipo directivo, do que eu formaba parte tamén como vicepresidente, e os membros de Partenalia quixeron ver no meu nomeamento unha continuidade no papel de lobby institucional enfocado á defensa dos gobernos locais intermedios, e estamos nun momento no que estamos dirixindo a política de amplificación desta rede a países como Francia, Holanda, Alemaña e Polonia. É un ano decisivo para as políticas de asignación de recursos financeiros europeos, algo de máxima importancia para os cincocentos millóns de europeos, e sen dúbida os gobernos provinciais estamos chamados a ter un protagonismo tendo en conta a nosa representación e coñecemento do territorio e da nosa axilidade á hora de xestionar fondos comunitarios e de estar máis próximos á realidade.

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández:** a seguinte pregunta refírese á viaxe do 28 de maio de 2018 a Madrid.

**Sr. presidente:** foi para asistir ás reunións da Xunta de Goberno e do Consello Territorial da FEMP, e para facer unha defensa conxunta da situación do municipalismo. Estamos a falar de asinar convenios de colaboración con determinadas entidades, con ONG's, con algún ministerio do Goberno da Nación, e do noso posicionamento con relación a determinadas decisións de CCAA que teñen que ver con cuestións de colaboración público – privada para a prestación de servizos públicos, así como determinados nomeamentos relativos ás comisións e grupos de traballo da FEMP.

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández:** a seguinte pregunta refírese á viaxe do 5 de xuño de 2018 a Madrid.

**Sr. presidente:** foi para participar nas reunións da Comisión Permanente e da Xunta do Padroado da Fundación Democracia y Gobierno Local. O Padroado como dixen antes está formado por presidentes de vinte e sete gobernos provinciais, e a Comisión Permanente somos oito deputacións, e estívose falando do papel que está chamada a xogar a Fundación, á que nos

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2019</b>
---

vemos como o auténtico lobby de gobernos provinciais en España, e que o peso que teñen os gobernos provinciais debería ser proporcional coa súa representación na Xunta de Goberno da FEMP (só somos cinco presidentes de deputación, dos vinte e cinco membros da Xunta de Goberno) para que se vise máis o papel e a visión integral de provincia que defendemos dende sempre. Deuse conta da memoria de actividades de 2017, onde Ourense tivo protagonismo ao realizarse daquelas as xornadas sobre as deputacións do futuro, versando sobre unha temática máis que interesante, como é a da comunicación política, e se aprobaron os flecos do congreso que tivo lugar en Huesca sobre despoboamento.

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández:** a seguinte pregunta refírese á viaxe do 15 ao 18 de febreiro de 2016 aos EE.UU.

**Sr. presidente:** esta xa a fixo, presentouna dúas veces.

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández:** pois igual si. A seguinte pregunta refírese á viaxe do 25 e 26 de abril de 2016 a Madrid.

**Sr. presidente:** nesta reunión a Xunta de Goberno da FEMP aprobou o meu nomeamento como membro da Comisión de Deputacións da FEMP, e deuse conta de que forman parte desta comisión 14 dos 45 gobernos provinciais. Xunto á Deputación de Ourense integran este órganos as de Jaén, Salamanca, Toledo, Pontevedra, Huesca, Cáceres, Guadalajara, Palencia, Zamora, Castellón, e os gobernos insulares de La Palma, Ibiza e Lanzarote. En definitiva, seguiu avanzándose en cuestións relacionadas coa boa gobernanza, e se analizou o papel da central de contratación da FEMP, que daquela estaban adheridas 541 entidades locais que representaban máis de 16 millóns de habitantes.

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández:** a seguinte pregunta refírese á viaxe do 12 e 13 de outubro de 2016 a Bruxelas.

**Sr. presidente:** nesta ocasión era a Semana Europea das Rexións e das Cidades Europeas, un acto organizado por Partenalía, que tiveron a oportunidade de coordinar e no que fixen a miña intervención falando de innovación na xestión administrativa e o papel das provincias no aproveitamento sustentable dos recursos naturais. Tódalas cuestións que se citaron na reunión forman parte dunha declaración que se fixo pública durante eses días, na que tiveron moito que ver e formaron parte do *corpus* do que se aprobou. Contou coa participación do Consello Superior de Investigacións Científicas, e foi unha oportunidade para seguir debatendo sobre cuestión que a todos nos interesan, e máis nun ano no que se

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2019</b>
---

conmemoraba o 130º aniversario do nacemento de Robert Schumann, que como saben foi o auténtico pai da Unión Europea.

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández:** a seguinte refírese á viaxe de 18 ao 21 de outubro a Salsomaggiore, en Milán (Italia).

**Sr. presidente:** isto tivo que ver coa reunión da Asociación Europea de Cidades Termais (EHTTA) onde se trataba a entrada, a incorporación de Ourense a esta asemblea xeral. Tiven que formalizar a candidatura ante todos os asistentes, despois ausenteime, como se fai nestes casos, a agarda que decidiran ou non a nosa incorporación, que como saben foi positiva, tan positiva que esta mesma semana me designaron candidato a presidir a organización. A rede foi creada no ano 2009 en Bruxelas, na actualidade está integrada por 40 membros de 13 países, incluíndo destinos como Vichy en Francia, Baden – Baden en Alemaña, Bath no Reino Unido, Acqui Terme en Italia, Budapest en Hungría ou Lotra Pozar en Grecia, que é onde se celebrará a vindeira asemblea desta asociación. Tivemos reunións co seu presidente, Giuseppe Bellandi, do Partido Socialista, por certo, e co alcalde de Acqui Terme, do Movemento 5 Estelle, e tivemos oportunidade de aprobar diversas cuestións nunha organización que basea toda a súa toma de decisións na unanimidade. Estamos a falar da credibilidade no escenario internacional, trátase da maior rede de termalismo que existe no mundo, e evidentemente o seu número de integrantes avalan a xestión dunha asociación á que estamos orgullosos de pertencer.

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández:** a seguinte pregunta refírese á viaxe do 18 de novembro de 2016 a Badaxoz.

**Sr. presidente:** como lles dixen, a Conferencia de Presidentes de Deputacións, que primeiro se celebrou en Ourense, a instancia deste que lles fala, é un modelo que tivo continuidade e que se viu consolidado e validado polos outros presidentes de calquera formación política da que esteamos a falar. Nesta ocasión se realizou en Badaxoz, organizada pro unha deputación que preside un representante do PSOE. Contamos na inauguración con Guillermo Fernández – Vara, que é o presidente da Comunidade Autónoma de Extremadura, que pronunciou unha frase que eu adoito repetir en moitas ocasións para reivindicar o papel das deputacións. Dixo: “cando un veciño ten un problema, acude ao alcalde, e cando un alcalde ten un problema, acude ao presidente da deputación”, unha persoa que considerou importante, magnífico dixo, exactamente, crear un lobby de gobernos provinciais como o que

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2019</b>
---

estamos a conformar en España coa Fundación Democracia y Gobierno Local. Ao día seguinte tiveron a oportunidade de participar nunha mesa de emprego e servizos sociais, na que se falou de plans de emprego, e falei cos presidentes das deputacións de Barcelona, de Valencia e de Cáceres, reivindicando o papel dos gobernos locais intermedios no Estado das Autonomías.

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández:** a seguinte pregunta refírese á viaxe do 16 de xaneiro de 2017 a Madrid.

**Sr. presidente:** nesa data tivemos Comisión Permanente Padroado da Fundación Democracia y Gobierno Local. Aprobáronse os orzamentos da Fundación para 2017, e incorporáronse novos membros de pleno dereito ao Consello Asesor da Fundación, fíxose balance das actividades desenvolvidas en 2016 e formalizouse un contrato coa Universidade Autónoma de Madrid para realizar actividades formativas e publicacións en colaboración coa Fundación.

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández:** a seguinte pregunta refírese á viaxe do 18 de xaneiro de 2017 a Madrid.

**Sr. presidente:** nesas datas e nesa semana se realiza o evento ao que acudín estes días, onte, que é a presentación en FITUR do proxecto da provincia de Ourense. Daquela, nese momento, estabamos a falar dos xeodestinos turísticos, presentamos o xeodestino Manzaneda – Trevinca, un espazo natural integrado polos municipios das comarcas de Valdeorras e Terra de Trives, un acto de presentación onde participaron a directora da Axencia de Turismo de Galicia, Nava Castro, e o xornalista Pepe Ribagorda. Estivemos a falar tamén da importancia dos gobernos provinciais e dos espazos naturais, da imaxe de marca do xeodestino, e aproveitamos tamén para asinar en FITUR, co ministro de Fomento, entón don Íñigo de la Serna, o convenio para promocionar a provincia como destino de turismo termal e seguir poñendo en valor o plan de termalismo social, que como saben conecta Ourense con 40 cidades de España a través da administración electrónica con cero papeis, e volvo a insistir, cun éxito que se incrementa ano tras ano e que supera tódalas expectativas.

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández:** a seguinte pregunta refírese á viaxe do 30 de xaneiro de 2017 a Madrid.

**Sr. presidente:** participei nunha reunión da Xunta de Goberno da FEMP, convocado polo seu presidente, na que se aprobou a declaración de apoio á Axenda 20 – 30 de desenvolvemento sustentable. Ao remate da reunión a Federación fixo entrega a título

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2019</b>
---

póstumo da chave do municipalismo á ex – presidenta da FEMP, Rita Barberá, acto no que participou o daquela presidente do Goberno, Mariano Rajoy.

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández:** e a última, referida á viaxe do 31 de xaneiro de 2017 a Madrid

**Sr. presidente:** foi para asistir ás reunións da Xunta de Goberno e do Consello Territorial da FEMP, para dar conta dos avances nas negociacións, fundamentalmente co Ministerio de Facenda, en relación co teito de gasto e con determinadas demandas, fundamentalmente coa situación da xubilación dos policía locais, a taxa de reposición de efectivos, así como dar conta das diferentes altas e baixas de entidades locais nas distintas comisións das que forma parte a FEMP, e convenios de colaboración, neste caso, con Cruz Vermella, a nivel nacional, co Ministerio de Asuntos Exteriores para cuestións relacionadas coa problemática dos refuxiados, que tanto nos preocupou, nos preocupa e nos preocupará, e cuestións de trámite.

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández:** moitas grazas, presidente. Formularemos preguntas sobre os custes totais e reais de cada unha destas viaxes.

**Sr. presidente:** moi ben, pode vostede preguntar o que queira. Hai outra pregunta máis do Grupo Socialista, a número 65, do 23 de xaneiro de 2019.

**D. José Ignacio Gómez Pérez, do Grupo Socialista:** si, boa tarde xa, a pregunta é a seguinte o edificio da sede da reitoral de Santo André en Ribadavia vai ser sede do Museo do Viño de Galicia despois dun longo camiño, dende os inicios do proxecto fai máis de trinta anos. Despois da intervención e colaboración de institucións como o concello, impulsor do mesmo, o Bispado, como propietario do inmovible, a intervención da Xunta de Galicia facéndose cargo do mesmo, e, nestes últimos tempos, tamén desta deputación, finalmente este proxecto está rematado e listo para ser aberto ao público. Estaba previsto que se abrise xa hai unhas semanas, e de novo sen razóns que o xustifican foi aprazada. Por isto, e dada a intervención da Deputación nesta fase, solicítase que se informe de cales son as razóns do retraso na apertura do Museo do Viño de Galicia na reitoral de Santo André de Ribadavia.

**Sr. Presidente:** non temos información en relación coa data de apertura desta importante infraestrutura. Lémbrolle que o promotor das obras é a Xunta de Galicia, e convidoo a que a través dos seus representantes no Parlamento de Galicia faga as preguntas oportunas en relación coa tardanza na apertura desta importante infraestrutura. Esta

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de xaneiro de 2019</b>
---

Deputación colaborou, pero non é nin a autora material das obras nin do proxecto, e é a Consellería de Cultura e Turismo a responsable da súa apertura.

**D. José Ignacio Gómez Pérez, do Grupo Socialista:** ¿sabe vostede a data na que cesou por completo o Comité de Ética desta Deputación?

**Sr. presidente:** responderille por escrito.

**D. José Ignacio Gómez Pérez, do Grupo Socialista:** xa lle respondo eu, como nos deu aquí unhas clases de todo, o 26 de novembro de 2015, e ¿sabe o que acontece? Que a día de hoxe está sen retomar, esa é a transparencia desta casa. Moi bo día.

**Sr. presidente:** moitas grazas, lémbrolle que vostede votou en contra, daquel Comité e de todo, por iso gústame que reivindique o seu valor e utilidade.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 18º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: ver punto 18º.

E, ás 15.45 horas do día 25 de xaneiro de 2019, o Sr. presidente deu por rematada a devandita sesión ordinaria do Pleno da Deputación de Ourense, da que se redacta a presente acta, que se asinará segundo o legalmente establecido. Dou fe.

**O PRESIDENTE,**

**O SECRETARIO,**